



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Pleno
Número 104

Sesión plenaria
27 de febreiro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 41015 (10/PNP-003097)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 05.12.2018

4.2 41203 (10/PNP-003113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-57, Puxeiros-Val Miñor, e AG-55, A Coruña-Carballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

4.3 41848 (10/PNP-003169)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a reducir o tempo de emisión dos informes das unidades de valoración do Imelga, así como respecto da dotación dos equipos de Pontevedra e da Coruña con máis profesionais e da creación dun equipo exclusivo de unidades de valoración integral do Imelga en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 405, do 03.01.2019

4.4 44588 (10/PNP-003333)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto das propostas de legalización e de normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

4.5 44792 (10/PNP-003349)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e quince deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da empresa Naturgy de pechar a central térmica de Meirama e construír nos seus terreos un parque eólico e unha central de biogás.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 423, do 31.01.2019



4.6 45617 (10/PNP-003423)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e as convocatorias de folga de mulleres de marzo de 2019, así como as demandas que debe realizar á Xunta de Galicia ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

4.7 45754 (10/PNP-003436)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar as condicións das traballadoras de servizos no fogar e solicitar do Goberno de España a inclusión destas no réxime xeral da Seguridade Social e no Estatuto do traballador, así como que se asine o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

4.8 45756 (10/PNP-003437)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Míguez, María Ángeles e sete deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e demandar ao Goberno do Estado para o fomento da inserción laboral das mulleres en condicións de igualdade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

Punto 5. Interpelacións**5.1 43899 (10/INT-001440)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre o incremento da mortalidade nas estradas galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

5.2 25183 (10/INT-000821)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia para a igualdade laboral e salarial entre mulleres e homes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

5.3 44014 (10/INT-001442)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre o tratamento das informacións en materia de igualdade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019



5.4 44310 (10/INT-001449)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe executar e impulsar a Xunta de Galicia para a mellora da formación continua do persoal dos centros de información ás mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 46484 (10/POPX-000130)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as previsións do Goberno galego de respectar as mulleres que defenden a igualdade cunha folga o 8 de marzo de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

6.2 46485 (10/POPX-000131)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de enfrontar a crise de natalidade que experimenta Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

6.3 46486 (10/POPX-000132)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co exercicio por parte das mulleres do dereito á folga o día 8 de marzo de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 46451 (10/PUP-000225)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para pagar os gastos xerados pola vivenda do fiscal xefe da Audiencia Provincial de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

7.2 45329 (10/PUP-000221)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das execucións orzamentarias do Ministerio de Fomento na comunidade autónoma de Galicia nos anos 2015, 2016 e 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019



7.3 46428 (10/PUP-000224)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para rectificar a cronificación da precariedade laboral, da temporalidade e da fenda salarial das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

7.4 42110 (10/POP-004879)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Estratexia galega de convivencia-Educonvives 2015-2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

7.5 44402 (10/POP-005302)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e dous deputados/as máis**

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia respecto da educación afectivo-sexual que está a recibir a mocidade galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

7.6 45504 (10/POP-005425)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da afectividade e da educación sexual en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

7.7 45585 (10/POP-005435)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da atención primaria na Mariña lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

7.8 46483 (10/PUP-000226)**Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen e sete deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da garantía dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

7.9 44888 (10/POP-005358)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre o aumento do número de persoas usuarias de comedores sociais ao longo de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019



7.10 45252 (10/POP-005416)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da visita a Vigo realizada pola ministra de Sanidade o día 28 de xaneiro de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor presidente comunica o debate acumulado das preguntas 6.1 e 6.3. (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego de respectar as mulleres que defenden a igualdade cunha folga o 8 de marzo de 2019. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co exercicio por parte das mulleres do dereito á folga o día 8 de marzo de 2019. (Punto sexto da orde do día.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) e o señor Villares Naveira solicitan a palabra e interveñen por unha cuestión de orde en relación coa acumulación destas dúas preguntas. (Páx. 14.)

Intervención da autora e do autor: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 16.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 19.)

Réplica da autora e do autor: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 21.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 23.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 24.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de afrontar a crise de natalidade que experimenta Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 26.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 28.)

Réplica do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 29.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 30.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e quince deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da empresa Naturgy de pechar a central térmica de Meirama e construír nos seus terreos un parque eólico e unha central de biogás. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 32.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 38.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 40.) e Sra. Chao Pérez (EM). (Páx. 42.)

A señora Nóvoa Iglesias (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 44.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e as convocatorias de folga de mulleres de marzo de 2019, así como as demandas que debe realizar á Xunta de Galicia ao respecto. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 50.), *Sra. Quinteiro Araújo (EM)* (Páx. 52.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 54.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 57.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar as condicións das traballadoras de servizos no fogar e solicitar do Goberno de España a inclusión destas no réxime xeral da Seguridade Social e no Estatuto do traballador, así como que se asine o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 62.) e *Sra. García Míguez (P)*. (Páx. 64.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 66.)

A señora Quinteiro Araújo (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 67.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles García Míguez e sete deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e demandar ao Goberno do Estado para o fomento da inserción laboral das mulleres en condicións de igualdade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 69.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. García Míguez (P)*. (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 73.) e *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 75.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 78.)

A señora García Míguez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 79.)

A señora Blanco Rodríguez (S) intervén nunha rolda por alusións. (Páx. 81.)



Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora María Miranda Pena e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero: *rexeitado por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-57, Puxeiros-Val Miñor, e AG-55, A Coruña-Carballo: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

A señora Vilán Lorenzo (S) le o texto resultante da transacción sobre a proposición non de lei presentada por ela e que se vai votar a continuación. (Páx. 84.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a reducir o tempo de emisión dos informes das unidades de valoración do Imelga, así como respecto da dotación dos equipos de Pontevedra e da Coruña con máis profesionais e da creación dun equipo exclusivo de unidades de valoración integral do Imelga en Galicia: *rexeitado por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx.84.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto das propostas de legalización e de normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e quince deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da empresa Naturgy de pechar a central térmica de Meirama e construír nos seus terreos un parque eólico e unha central de biogás: *aprobada por 51 votos a favor, ningún voto en contra e 18 abstencións.* (Páx. 85.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e as convocatorias de folga de mulleres de marzo de 2019, así como as demandas que debe realizar á Xunta de Galicia ao respecto: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)



O señor presidente comunica a aceptación da votación por puntos da proposición non de lei presentada polo G. P. de En Marea. (Páx. 86.)

Votación do punto 2 e do punto 3, apartado 2, da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar as condicións das traballadoras de servizos no fogar e solicitar do Goberno de España a inclusión destas no réxime xeral da Seguridade Social e no Estatuto do traballador, así como que se asine o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo: *aprobados por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 86.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, agás o punto 2 e o punto 3, apartado 2, xa votados, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar as condicións das traballadoras de servizos no fogar e solicitar do Goberno de España a inclusión destas no réxime xeral da Seguridade Social e no Estatuto do traballador, así como que se asine o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 86.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles García Míguez e sete deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e demandar ao Goberno do Estado para o fomento da inserción laboral das mulleres en condicións de igualdade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral: *aprobado por 51 votos a favor, ningún voto en contra e 18 abstencións. (Páx. 87.)*

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia para a igualdade laboral e salarial entre mulleres e homes. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 87.)*

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 90.)*

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 93.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 94.)*

O señor presidente comunica que a pregunta que figura en décimo lugar do punto sétimo da orde do día será debatida a continuación. (Páx. 96.)

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da visita a Vigo realizada pola ministra de Sanidade o día 28 de xaneiro de 2019. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 96.)*

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 97.)*

Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 98.)*

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 99.)*

Suspéndese a sesión ás dúas e catorce minutos da tarde e retómase ás catro.



Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre o tratamento das informacións en materia de igualdade. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 100.)

Resposta da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 102.)

Réplica da autora: Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 108.)

Interpelación de D^a María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que debe executar e impulsar a Xunta de Galicia para a mellora da formación continua do persoal dos centros de información ás mulleres. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pierres López (S). (Páx. 109.)

Resposta da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 113.)

Réplica da autora: Sra. Pierres López (S). (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 118.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da Xunta de Galicia para pagar os gastos xerados pola vivenda do fiscal xefe da Audiencia Provincial de Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 121.)

Réplica da autora: Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 123.)

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Luisa Pierres López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto das execucións orzamentarias do Ministerio de Fomento na Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2015, 2016 e 2017. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 125.)

Réplica do autor: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 127.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén nunha rolda por alusións. (Páx. 128.)



Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para rectificar a cronificación da precariedade laboral, da temporalidade e da fenda salarial das mulleres. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 129.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 130.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 132.)

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Estratexia galega de convivencia-Educonvives 2015-2020. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 133.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 134.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 135.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 135.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica a acumulación das seguintes preguntas para o seu debate conxunto de conformidade co disposto no artigo 159 do Regulamento. (Páx. 136.)

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia respecto da educación afectivo-sexual que está a recibir a mocidade galega. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da afectividade e da educación sexual en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 137.) e *Sra. Rodil Fernández*. (BNG). (Páx. 138.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 139.)

Réplica das autoras: *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 140.) e *Sra. Rodil Fernández*. (BNG). (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 142.)

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da atención primaria na Mariña lucense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 144.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 146.)



Pregunta de D^a Carmen Santos Queiruga e sete deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as previsións do Goberno galego respecto da garantía dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 148.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 149.)

Réplica da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 150.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 151.)

Pregunta de D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre o aumento do número de persoas usuarias de comedores sociais ao longo de 2018. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 152.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 153.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 154.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 155.)

Remata a sesión ás seis e corenta e oito minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión, co punto sexto da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta do presidente.

E antes de entrar nelas queriamos saudar os alumnos do Instituto de Melide, alumnos de 4º de ESO e de 1º de bacharelato. Benvidos ao Parlamento. E tamén os seus profesores e as persoas que nos acompañan hoxe na tribuna do Parlamento.

Comezamos.

Debateremos de xeito acumulado as preguntas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego de respectar as mulleres que defenden a igualdade cunha folga o 8 de marzo de 2019

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co exercicio por parte das mulleres do dereito á folga o día 8 de marzo de 2019

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, ¿para que quere a palabra?

A señora PONTÓN MONDELO: Precisamente en relación coa ordenación do debate. Quería plantexar unha cuestión de orde, se me permite.

O señor PRESIDENTE: Si.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, isto xa non é a primeira vez que o tratamos neste pleno nin na Xunta de Portavoces e eu, como mínimo, quero que quede aquí clara cal é a nosa posición.

Nós entendemos, como grupo, que a sesión de control ao presidente da Xunta de Galicia é unha sesión de control moi específica, na que cada grupo pode ter un debate individualizado co presidente da Xunta, que, ademais, cando se trata de temas de carácter global, que cada grupo pode enfrontar dunha maneira, isto o que fai é desvirtuar o sentido da sesión de control. Non hai nada no Regulamento que o obrigue a vostede a ter que facer unha acumulación, é unha potestade que vostede ten. Nós, desde logo, cremos que esa acumulación sempre se debería de facer de común acordo cos grupos.

E o que nos parece unha arbitrariedade, que rompe as relacións que están establecidas no Parlamento, é que, se se entende que é a mesma pregunta, o que non ten ningún sentido é



que se lle dea o dobre de tempo para contestar ao presidente. Porque o que estamos facendo é desvirtuar os termos, e os tempos... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, ¡poderei explicarme! Sinceramente, non sei que almorzaron esta mañá. Estou planteando unha cuestión e supoño que teño dereito a falar. ¿Ou tamén nos queren impoñer aquí... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a imposibilidade de poder expresar as nosas opinións? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Si, si, está entendida a cuestión, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Nós o que pedimos é que isto non se faga, porque cremos que é alterar o sentido que ten a sesión de control ao presidente da Xunta.

E, en segundo lugar, está outro elemento que a min tamén me parece que é importante. Se é a mesma pregunta, non entendo por que se lle dá o dobre de tempo, porque iso non supón ningunha economía desde o punto de vista do debate parlamentario, e o que está facendo é desequilibrar...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa entendín.

A señora PONTÓN MONDELO: ...os debates que se teñen que producir nesta sesión. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón. Xa entendín.

(O señor Villares Naveira pide a palabra.)

Si, señor Villares, ¿para que quere a palabra?

O señor VILLARES NAVEIRA: No mesmo sentido, para facer unha intervención igual que a que fixo a compañeira Ana Pontón.

Nós pensamos que, dado que non é obrigatoria a acumulación das preguntas, se está res-tando a individualidade na acción política de cada un dos grupos da oposición que controla ao Goberno, xa que na formulación dunha pregunta podemos formular argumentos dife-rentes e, polo tanto, os termos do debate —os termos políticos, os termos dialécticos que queremos expoñer nesta Cámara— son diferenciados.

Desa maneira, nós pensamos que sería idóneo, para poder ter un debate con plenitude de dereitos de todos os grupos desta Cámara, que se diferenciases as preguntas. A posición xa é ben coñecida por parte da Presidencia e gustaríanos que se respectase esa función de con-trol que os grupos parlamentarios temos sobre a acción de goberno, e que pasa non soamente



por facer a pregunta senón pola explicación argumental de cales son as razóns que nos levan a formulala e tamén a razón argumental pola que pode levar ao propio presidente da Xunta a ter unha posición ou outra sobre a contestación.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Está entendida a cuestión. Eu falei cos dous portavoces sobre esta cuestión. Creo que xa nos coñecemos todos. Saben que esta non é a primeira vez que se acumula. Non o fixen eu por primeira vez, eu non fun o que innovei con isto da acumulación, hai toda unha historia neste Parlamento de acumulacións. Hai toda unha historia tamén de que se podía facer, se acurtar ou diminuír ou incrementar os tempos. Está contemplado no Regulamento, en dous artigos, no 159 e no 78.2, que esa é unha facultade do presidente. E, polo tanto, eu, como non innovo nestas cuestións —noutras podo innovar, pero nestas non—, respecto do que se leva facendo dende hai moito tempo, creo que procedín: a mesma temática ha de ter unha única resposta. Esa é a filosofía que eu apliquei.

Polo tanto, imos coa pregunta... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, señora Pontón, este tema xa o falei con vostede persoalmente tamén. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Imos á pregunta.

En concreto —xa o expliquei—, son preguntas acumuladas, neste caso do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Comeza formulando a pregunta, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

O pasado 8 de marzo miles de galegas saímos ás rúas para deixar moi claro que o mundo sen mulleres non funciona e para dicir que estamos fartas, que estamos fartas de violencias machistas, que estamos fartas de teitos de cristal e de precariedade e que estamos fartas tamén de paternalismo, de ver como algúns homes queren falar por nós.

Saímos ás rúas e tivemos que escoitar como o Partido Popular nos insultaba. Chegaron a dicir que esa era unha folga machista e elitista. E vimos como vostede intentaba boicotearnos cuns servizos mínimos que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza declarou abusivos e maliciosos.

Pero, ao día seguinte, claro, viron a resposta masiva das mulleres e recuaron e dixéronnos que había que tomar nota. E xa vemos, señor Feijóo, como toman nota: axitando un discurso involucionista contra as mulleres (*Aplausos.*), como o que leva adiante o seu xefe de filas Pablo Casado, que nos deixa perlas —quero que o escoite— como «*si queremos financiar las pensiones, lo que deberíamos pensar es en cómo tenemos más niños y no en cómo los abortamos*».



Ou o que nos dixo onte ou antonte, en vez de falar de maltratadores, «*esa persona que no se está portando bien con las mujeres*».

Se lle digo a verdade, non me sorprende este discurso involucionista, non me sorprende se temos en conta cal é o seu balance de goberno en materia de igualdade. De feito, as propostas que o Partido Popular está pactando coa extrema dereita en Andalucía xa as leva vostede dez anos aplicando aquí, cando recortou as axudas ás vítimas contra a violencia de xénero, cando se cargou a rede Rodela —de apoio ás mulleres maltratadas—, cando desviou e desvíaa fondos de igualdade para financiar esa Redmadre antiabortista, cando recuperou os concertos educativos con centros que segregan por sexo, cando suprimiu o Servizo Galego de Igualdade ou cando incumpre as leis de igualdade. Porque é que hai quen as derroga e hai quen as incumpre. Vostede opta por facerse obxector á Lei de igualdade no traballo e incumpre a Lei contra a violencia de xénero. *(Aplausos.)*

Este é o seu balance, señor Feijóo. Entenderá por que digo que o camiño que está andando o Partido Popular en Andalucía coa extrema dereita xa o abriu vostede.

E isto, evidentemente, ten consecuencias. Ten consecuencias como que hai unha menor protección para as mulleres cando viven unha situación de violencia de xénero, menos emprego e máis precario, hai un incremento na fenda salarial, e hai miles de mulleres que, aínda que non o crea, cando o escoitan a vostede dicir «conciliación», o que pensan é que está falando dunha película de ciencia ficción.

¿E sabe por que pasa isto, señor Feijóo? Pois porque para vostede as políticas de igualdade son isto: *(A señora Pontón Mondelo móstralle un lazo ao señor presidente da Xunta de Galicia.)* un lazo, *(Aplausos.)* un lazo que cada 8-M colle e pon na súa solapa e que repite de maneira ritual todos e cada un dos 8 de marzo. Isto son para vostede as políticas de igualdade.

Señor Feijóo, demostre que realmente tomou nota e hoxe neste Parlamento apoie a proposta que traemos desde o BNG, que lle digamos «si» ao que nos están reclamando as galegas, apoiemos esa convocatoria de folga e, sobre todo, a axenda que hai detrás desa reivindicación do 8-M. Vostede decide de que lado está, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, vostede presume recorrentemente de ter un goberno feminista que traballa pola igualdade, pero, en realidade, esas políticas son soamente políticas de fume, fume de contrabando; fume de contrabando como ese que sae da sede do Partido Popular de Cambados, que, aínda a día de hoxe, segue a nome de *Terito*, ese coñecido contrabandista cambadés que foi pai de toda unha xeración de narcotraficantes, deses aos que lles gustaba pasear en barco pola ría de Arousa.



Non lle preguntaremos polo financiamento do Partido Popular e o financiamento das súas sedes, porque iso xa aparece no Rexistro da Propiedade; polo tanto, non hai nada que preguntar, porque aparece todo ben claro, a nome de Vicente Otero Pérez, alias *Terito*.

Vostede non soamente son as políticas de igualdade, é toda a súa acción política: detrás do fume só hai recortes. Recortes, en primeiro lugar, en materia de liberdade de expresión. Por iso vostede ten a dubidosa honra de ser o Goberno autonómico con máis condenas en firme por ter amordazado os dereitos das mulleres na folga feminista do pasado 8 de marzo, a denuncias —e con condenas— do persoal, a instancias do 061, de atención telefónica do 061, do persoal de Urxencias de Ourense, do propio persoal da Presidencia da Xunta de Galicia, das traballadoras da CRTVG, de Emerxencias do 112 e do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Preside vostede o Goberno con máis condenas por amordazar as mulleres durante unha folga feminista.

Pero non é soamente recortar en liberdade de expresión. O seu Goberno de recortes levouno tamén a recortar, en primeiro lugar, na sanidade pública, onde as mulleres teñen máis dificultades para recibir tratamentos a enfermidades exclusivas delas, dese xénero feminino, como é o caso da endometriose, que a sofren unhas sesenta mil galegas, que se diagnostica con máis de anos de atraso e que en ocasións ocasiona infertilidade da muller.

Recórtase tamén en dependencia. As mulleres que se ocupan dos coidados sofren unha dobre penalización: traballar na casa sen remuneración e ademais sen cotización, dando lugar a que ao final da súa vida laboral teñan aínda unhas pensións máis miserentas que as dos homes.

Recórtanse os dereitos laborais das mulleres. Durante a crise a precarización feminina foi aínda máis aguda que a masculina. No ano 2017 en Galicia as galegas de entre 36 e 45 anos perciben un 27,4 % menos de soldo no cómputo anual que os galegos, é dicir, 4.000 euros de salario menos ao ano.

Os dez anos que leva gobernando son un decenio negro tamén para a igualdade, ningunha política efectiva para superar a crise económica que discriminou máis as mulleres que os homes. Está vostede entregado a unhas políticas que acaban coa política de igualdade e por iso vostede pasea como militante cos membros de Vox, con aqueles que piden a derogación das políticas de xénero.

Preside vostede a Xunta con máis condenas en materia de vulneración dos dereitos da igualdade.

Quero preguntarlle, señor Núñez, nese sentido: ¿como quere ser vostede recordado? ¿Como presidente do Goberno con máis condenas por un machismo institucional ou por presidente do Goberno con máis condenas en firme como represión laboral? ¿Cal é o título que prefere vostede para rematar a súa etapa?

Señor Núñez —remato xa—, a súa promiscuidade con Vox esta levando a dar pasos atrás na loita contra a violencia de xénero e a renegar das políticas máis progresistas de loita contra a violencia de xénero. Pedímoslle desde En Marea que recapacite e que rectifique, señor Núñez, que aínda está a tempo. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Unha mentira repetida mil veces, por moitas veces que se repita, nunca será unha verdade. E por moito que repitan que a Xunta dificultou a folga do pasado 8 de marzo, non se vai converter en verdade. De todos os servizos mínimos que obrigatoriamente concretamos dende a Xunta de Galicia, dos cento vinte departamentos que tiveron servizos mínimos, foron exclusivamente condenados ou modificados cinco, cinco.

Señorías, podemos discrepar en servizos mínimos, hai centenaes de veces en que se discrepa de servizos mínimos, outras que se pactan e outras en que hai sentenzas que anulan total ou parcialmente os servizos mínimos. Pero o 96 % dos servizos mínimos do pasado 8 de marzo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dixo que eran correctos. Polo tanto, empezan vostedes cunha mentira e sobre esa mentira asentan o seu discurso.

Creo que é bo acatar as sentenzas. Iso facemos os demócratas. Xa sei que vostedes non acatan as sentenzas. Miren o que dicían As Mareas en relación cunha sentenza de hai moi pouco tempo: «espero que os xuíces non se instalen nun franquismo sen Franco». E o que dicía a señora Pontón, adañ de respectar as sentenzas: «a Xustiza está entregada á defensa dos privilexios do franquismo; non imos permitir que a extrema dereita xudicial nos meta medo nos xulgados». Señorías, quedan vostedes absolutamente inhabilitados para falar de sentenzas, de Constitución, de Estado de dereito e de respecto ao poder xudicial. *(Aplausos.)*

Miren, señorías, esa é a súa historia permanente: cando se lles dá a razón, os xuíces son de fiar, e cando non se lles dá a razón, os xuíces son de extrema dereita ou franquistas.

Señor Villares, non sei exactamente de que lado está vostede, pero as súas preguntas estarían xa contestadas. Pero, claro, a realidade da igualdade necesita calma e, dende logo, quitala do ámbito partidista. Hai algúns que queremos calma e consenso, hai outros que queren confrontación. A nós interézanos a realidade; a vostedes, a manipulación permanente.

Dicir que as mulleres do Goberno do PP son fume, dicir que as mulleres que defenden o Partido Popular non son mulleres que queren igualdade, dicir que a maioría absoluta de Galicia está en contra da igualdade é un verdadeiro exemplo de sectarismo político máximo.

Somos conscientes de que quedan moitas cousas por facer, por suposto, pero tamén somos conscientes de que estamos avanzando de xeito adecuado. A primeira discriminación no ámbito da muller é o emprego. Señorías, deberían vostedes de celebrar que nunca houbo tantas mulleres afiliadas á Seguridade Social como agora, nunca, en Galicia, exactamente 480.462 mulleres; nunca en Galicia houbo tantas mulleres afiliadas á Seguridade Social como agora.

Deberían vostedes saber que o mercado laboral galego presenta mellores resultados que o resto de España. Por exemplo, taxa de paro feminina en Galicia, tres puntos e medio menos



que na media de España; taxa de emprego de 16 a 64 anos mulleres, 2,7 puntos máis por riba da media de España; taxa de parcialidade, 1,8 puntos menos por debaixo da media de España; e taxa de temporalidade, tamén por debaixo da media de España. Iso ocúltano. Ocultan que oito de cada dez mulleres traballan a xornada completa e ocultan que sete de cada dez teñen un contrato indefinido.

Se vostedes me preguntan se isto é suficiente, a resposta é que non, pero mentirlle ao Parlamento é mentirlle a Galicia, e aí non me van atopar.

Señoría, estamos traballando de forma transversal. Non hai ningún goberno na historia de Galicia —e reto ao *Diario de Sesións*— que puidera dicir todas as medidas que fixemos e que nos superara nalgunha delas. (*Murmurios.*) Comisión Interdepartamental de Igualdade, Comisión Asesora de Publicidade Sexista, Consello Galego das Mulleres, Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero, VII Plan de igualdade de oportunidades, Plan galego de conciliación... Señoría, todo isto nos gobernos que me honro en presidir. (*Aplausos.*)

Pero seguimos traballando no ámbito da educación. Na educación, un plan de educación en materia de libre configuración no ámbito da igualdade. Os rapaces e as rapazas que están aquí poden estudar por primeira vez en Galicia unha materia para empezar dende o principio, dende a infancia e dende a xuventude, a non aceptar ningún tipo de violencia machista.

Señorías, na colaboración dos concellos, apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Pero ¿que me falan de recortes? Pero se estamos investindo un 67 % máis en igualdade do que investía o Bipartito. E se queren engadir a igualdade e a conciliación, un 114 % máis; o Bipartito, 54 millóns, e agora, 117 millóns. Se nin sequera saben sumar e restar, señorías, é moi difícil falar de igualdade.

Señorías, na conciliación e na corresponsabilidade nunca houbo tanta posibilidade de conciliación en Galicia, en toda a historia: doce mil prazas de gardería, vinte e catro mil prazas de garderías.

Señoría, a presenza da muller na ciencia. Pero ¿exactamente de que se nos acusa? ¿Acúsasenos de que? ¿De ser do PP? ¿Acúsasenos de ser do Partido Popular de Galicia? ¿Acúsasenos de que este Partido Popular é o partido democrático que gaña as eleccións democraticamente cada catro anos (*Aplausos.*) porque a maioría das mulleres votan o Partido Popular de Galicia? ¿Diso se nos acusa, señoría?, ¿diso se nos acusa?

Mire, señoría, estamos a favor de todos os toques de atención que haxa que dar a calquera terrorista machista que utiliza a súa supremacía física para atentar contra a vida das mulleres. E estamos absolutamente a favor de calquera tipo de concentración, de manifestación, de campaña, de exposición, de conferencias, de declaracións institucionais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Agora hai convocada unha folga. Imos respectar, por suposto, toda a xente que queira ir á folga e, de feito, seguro que moitos militantes do Partido Popular participarán nos paros e nas concentracións que teñan lugar o 8 de marzo. Ata aquí podíamos chegar, señorías. Pero ¿que é isto da supremacía moral que presentan cando son vostedes os que atacan... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...as maiorías democráticas no Parlamento, cando son vostedes os que utilizan a Constitución cando lles interesa e, cando non, a critican...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...desapiadadamente? Señorías, ¿de que temos exactamente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que pedir perdón?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pedimos perdón por ter os maiores recursos de conciliación, por ter o maior número de mulleres cotizando á Seguridade Social e por ter o maior presuposto da historia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...en política de igualdade.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Evidentemente, señor Feijóo, unha mentira repetida mil veces segue sendo unha mentira. E dígame se é verdade ou non que hai unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que condena a Xunta por vulnerar o dereito á folga dunha traballadora da TVG o 8 de marzo. Dígame, señor Feijóo, se é verdade ou non. Dígame se é verdade ou non que hai unha sentenza, outra, do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que dixo que vostedes impuxeron uns servizos mínimos abusivos e maliciosos porque querían impedir que as mulleres que



traballan na Administración pública puideran ir á folga. É unha auténtica vergoña o que vos-
tedes fan e a falta de respecto que nos teñen a todas as mulleres deste país. *(Aplausos.)*

E mire, tivo seis minutos e é unha lástima que non dedicara trinta segundos a desmarcarse
do machismo verbal do seu xefe de filas, Pablo Casado, *(Aplausos.)* que leva dous meses in-
sultándonos e atacándonos ás mulleres, que non necesitamos que ningún home nos diga
nin que é estar embarazadas nin que significa abortar e, desde logo, moitísimo menos que
decisións temos que tomar sobre o noso corpo. Se está tan a favor da liberdade, señor Feijóo,
aproveite agora que di que vai falar, que xa non está calado, e diga que se desmarca das de-
claracións do seu xefe de filas. Evidentemente, aí imos ter pouco éxito, porque o seu é sempre
a submisión a Madrid.

Pero mire, creo que non coñece a realidade das mulleres deste país. *(Murmurios.)* Vostede
debería de coñecer o que está pasando no mercado laboral. Os últimos datos da EPA é que
temos case dez mil mulleres menos con emprego no noso país, señor Feijóo. É que subiu a
fenda salarial en mil euros desde que vostede goberna, catro veces máis do que subiu na
media do Estado. É que temos as pensións máis baixas e as galegas cunha brecha salarial do
36 %. É que as mulleres teñen traballo máis precario.

Vostede vén aquí e dilles que todo está marabilloso, que con vostede todo é fantástico. ¿Por
que saímos as mulleres o ano pasado á manifestarnos e por que imos saír este 8 de marzo?
Non sei, señor Feijóo, se vostede o escoitou.

E, de novo, temos que velo dicíndonos que isto non é política, que como podemos facer política
cun debate sobre a igualdade. Eu preguntolle, señor Feijóo: a violencia machista, a fenda salarial,
as violacións, a discriminación de xénero que vivimos as mulleres, ¿iso é consecuencia de que?
¿Dun fenómeno meteorolóxico, dunha aparición mariana? É un problema político a desigualdade
das mulleres, señor Feijóo, un problema político. *(Aplausos.)* Un problema político que non so-
lucionamos coas súas mentiras, porque hai menos fondos para a igualdade, porque vostede,
señor Feijóo, recortou as axudas ás vítimas de violencia machista, cargouse unha rede de apoio...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...de voluntariado a mulleres maltratadas, suprimiu o Servizo
Galego de Igualdade, incumpre as leis, incumpre as leis de igualdade, señor Feijóo. Cando
queira, rétoo: sentámonos nunha mesa e póñolle artigo por artigo todos os artigos que leva
vostede dez anos incumprindo da Lei de igualdade no traballo e tamén da Lei contra a vio-
lencia de xénero. *(Aplausos.)*

Se está vostede de acordo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...en que é necesario apoiar a convocatoria, imaxino que hoxe
neste pleno, cando votemos a iniciativa do BNG, veremos como se acende a luz verde do seu
escano de votación. Se non, señor Feijóo, ao que volveremos asistir...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...é á súa hipocrisía.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Menos lazos lila, menos machismo contra as mulleres...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e máis compromiso coa igualdade. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor Núñez, se todo está ben, se o 96 % estivo ben, explique o sentido da sentenza que lle vou relatar agora. Di: «*En la sentencia se expresa el rotundo rechazo del comportamiento malicioso de la Administración actuando con un retraso injustificado a la hora de publicar el decreto de fijación de servicios mínimos y del comportamiento también malicioso a la hora de fijar los servicios mínimos en algunos ámbitos de la actividad administrativa*». A sentenza é firme, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Explique esta sentenza, señor presidente, se é que pode, se é que pode.

E voulle facer outra pregunta tamén moi concreta, a ver se tamén pode contestala. Queremos que explique nesta Cámara os pactos secretos que vostedes teñen con Vox para deixar de aplicar a Lei de igualdade. E explícome ademais. Na pasada Comisión 1ª deste Parlamento do 20 de febreiro vostedes votaron en contra da creación de novos xulgados exclusivos de loita contra a violencia de xénero nas cidades galegas como os que hai na Coruña e Vigo. Explique por que votaron en contra, explique por que votaron en contra, se é que as mulleres de Ferrol ou de Lugo non teñen os mesmos dereitos a facer unha organización interna xudicial especializada e exclusiva como a que hai na Coruña e en Vigo. Explique por que. Voulle explicar cal era o texto concreto para que o vexa e o escoite todo o mundo, transaccionado co Partido Popular.

«Primeiro. Acadar a revisión da Lei de planta e demarcación xudicial coa finalidade de ampliar o número de xulgados exclusivos en materia de violencia sobre a muller, co obxectivo de que haxa un xulgado especializado con competencia exclusiva en todas as cidades de Galicia, de conformidade coa Comisión Mixta de Xustiza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia».

Acadar a revisión da Lei de planta e demarcación xudicial é necesario para que se cree con carácter exclusivo calquera xulgado de violencia. Polo tanto, necesitamos esta mención nesta disposición. Coa finalidade de ampliar os xulgados para que as sete cidades galegas tivesen con carácter exclusivo os xulgados de violencia igual que o teñen Vigo e A Coruña.

Explique por que non se fixo isto. Non se fixo por unha razón: porque vostedes teñen un pacto secreto asinado con Vox polo cal, se non poden derrogar expresamente a Lei de vio-



lencia de xénero, polo menos vana baleirar de contido. E, neste sentido, nós pedímoslle moi claramente —e con isto remato—: entre o machismo e a igualdade, sitúese do lado da igualdade; entre o fascismo e a democracia, sitúese do lado da democracia.

Señor presidente da Xunta de Galicia, se vostede non ten sentido de Estado, polo menos teña sentidoño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche da pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora Pontón, efectivamente, unha mentira, por moitas veces que a diga, por moitas veces que a repita, nunca vai ser verdade.

Fala vostede das sentenzas, e xa llo dixen: de cento vinte constitución de servizos mínimos durante a folga, que é obrigatorio —¿vostede sabe que a lei obriga as comunidades autónomas, as administracións públicas cando hai folga, a establecer servizos mínimos? Ao mellor o señor Villares aínda non se olvidou diso; vostede debería de sabelo—, pois ben, de cento vinte organismos da Xunta de Galicia, salvo cinco, todos os servizos mínimos correctos, todos, salvo cinco dos cento vinte, correctos. ¿E di vostede que boicoteamos esa folga?

Se eu comprendo o que vostede pensa da Xustiza. Non me dixo nada aí. ¿De verdade cre vostede que a Xustiza en Galicia está entregada á defensa dos privilexios franquistas? ¿Vostede cre de verdade que nós imos permitir que a extrema dereita xudicial nos meta medo nos xulgados, señor Villares?

Ontes un parlamentario do BNG dixo —leo textualmente—: «A Xustiza é machista, clasista e reaccionaria». E agora ninguén pide desculpas e agora o señor Villares fala da Xustiza e vostede tamén. Pero ¿que sarcasmo é este? Se o que estamos aquí é para defender a Xustiza democrática coa independencia garantida na Constitución, Xustiza e Constitución que vostedes non respectan? ¿Como van respectar vostedes a igualdade se nin sequera respectan as leis? ¿Como van utilizar vostedes a Xustiza e a Constitución cando non respectan nin a Xustiza nin a Constitución, que é a garantía da igualdade das mulleres e dos homes en España? ¿Como van vostedes, señorías, dar leccións de igualdade cando nin sequera se respectan entre os seus?

Fenda dixital, 35 %. Se lles dá igual, ¡que máis lles dá! ¡Que máis dá dicir 35 % que 53 %! Se o resto é modificar un número por riba, por detrás. ¡Que máis dá! É o 23 % a fenda salarial, pero a señora Pontón di que é o 35 %. E contra ese 23 % é contra o que temos que loitar. E tiñamos un acordo neste Parlamento e con esas conclusións deste acordo levámolo ao Congreso dos Deputados e fixemos un pacto pola igualdade, e ese pacto pola igualdade estámolo respectando escrupulosamente, e ese pacto someteuse a debate no Pleno de Santiago. ¿E que votaron? Todos en contra de manter o pacto de Estado da igualdade: o BNG, o Partido Socialista e as Mareas de Podemos. E ¿quen votou a favor? O Partido Popular. (*Aplausos.*) Esa é



a realidade das cousas, señoría. Señora Pontón, non mire para atrás, que lle dou a proposta que vostedes votaron en conta.

Pero esa fenda non significa que debamos de ocultar que dende o ano 2008 o salario medio das mulleres medrou en Galicia case un 10 %, e somos a segunda comunidade autónoma de España onde máis medrou o salario das mulleres dende o 2008, a segunda. Pero temos unha fenda do 23 %. Ese é o problema.

Por iso, señorías, ¡vir aquí con este tipo de mentiras! A primeira Lei de igualdade en Galicia, un goberno do Partido Popular. O primeiro Plan de acción contra a violencia de xénero, un goberno do Partido Popular. A constitución da Rede de entidades locais contra a violencia de xénero, o meu Goberno. A personación da Xunta nos procedementos penais que deixaban soas as vítimas —e nós nunca as abandonamos—, este goberno. O Observatorio Galego de Violencia de Xénero, este goberno. Nunca en Galicia —insisto— se adoptaron máis medidas a favor da igualdade real e efectiva das mulleres como co Goberno que me honro en presidir. *(Aplausos.)*

Miren, señorías, é moi fácil falar, pero o orzamento en igualdade é o máis alto da historia da Comunidade Autónoma.

Di a señora Pontón que suprimimos un Servizo de Igualdade; efectivamente, había dous: un da Vicepresidencia do Benestar e outro no ámbito do Partido Socialista. Había dous gobernos, dous servizos de igualdade. Agora hai un goberno e unha Secretaría Xeral de Igualdade. É o lóxico, señoría, é o lóxico, exactamente o lóxico. *(Aplausos.)*

Tamén intentan manipular dicindo que nós establecemos os concertos dos centros que separan as aulas entre nenos e nenas. Outra falacia. Eses centros estaban financiados polo Bipartito durante toda a lexislatura e nós mantivemos o financiamento. ¿Por que non lles deixan ás nais e aos pais decidir? ¿Por que no concepto de igualdade ten máis valor o da señora Pontón que o dunha nai galega que decide levar o seu fillo ou a súa filla a ese centro? *(Murmurios.)* ¿Por que o señor Villares —que, de momento, moita experiencia non ten— pode decidir como hai que educar os fillos en Galicia e non os pais? Señoría, este tipo de falacias, de supremacía ideolóxica que está atentando exclusivamente contra a igualdade real e efectiva dos pais, das nais, das mulleres, dos homes, simplemente por non votar as mareas de Podemos ou non ser nacionalistas ¿É que acaso en Galicia o que non é nacionalista é machista? ¿É que acaso en Galicia o que non se mete no lío das Mareas de Podemos é un señor machista que hai que perseguir? ¿É que acaso en Galicia non hai liberdade para votar a quen lle pete a cada galego e mandar os nacionalistas á oposición durante tantos anos? *(Aplausos.)*

Mire, señoría, fáleme vostedes de Vox. Señor Villares, se me pregunta que tal vai o de Vox, pregúntelle ao BNG. *(Risos.)* Se agora resulta que os xefes de prensa da CIG son de Vox, se agora resulta que os militantes do BNG se pasaron a Vox, se agora resulta que eses militante estivo en Anova e agora se pasa a Vox. Pregúntelles vostede ás súas bancadas exactamente en que consiste o de Vox, señoría. *(Aplausos.)* Pregúntelles e ao mellor atoparán a explicación. A explicación, señoría, é que o 8 de marzo é o Día da Igualdade en todo o mundo, en Venezuela tamén.



Temos a vicepresidenta segunda deste Parlamento, das Mareas de Podemos, en Venezuela. Estou convencido de que iría facilitar a axuda humanitaria ás nais... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...con bebés, con fillos que queren comer e que queren ter medicamentos. Estou convencido de que as Mareas de Podemos foron a Venezuela e están en Venezuela para pedir a igualdade real e efectiva das nais e das nenas venezolanas que teñen dereito a comer...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...teñen dereito a ter prestacións farmacéuticas e teñen dereito á dignidade. Estou convencido, señorías, de que vostedes, leccións de igualdade, ningunha.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se queren falar de igualdade, sempre terán a man tendida. Pero vostedes ¿por que sempre critican todo e nunca propoñen nada?

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de afrontar a crise de natalidade que experimenta Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día a todos e a todas.

Señor Núñez Feijóo, que temos unha crise demográfica de carácter estrutural é unha evidencia hoxe en Galicia, que esa crise se agravou nos últimos dez anos eu creo que tamén é compartido por todos. Continúa caendo desde o ano 2008, en que houbo un máximo, o número de nacementos, nun proceso acumulativo ademais, porque á baixa propensión á natalidade súmase que cada vez son menores as xeracións de mulleres que están en idade de ter fillos. Temos, segundo os demógrafos máis recoñecidos, unha fecundidade máis baixa entre as baixas, singular polo seu nivel incluso dentro das rexións europeas.

Fíxese na gravidade do seu balance. No ano 2008 naceron en Galicia 23.175 nenos. No ano 2018, dez anos despois, imos estar arredor dos dezasete mil —aínda non hai cifras definitivas—, unha caída superior a un 25 %, nun asunto sobre o que vostede asegurou desde o principio —que nós compartimos— que era central, que era un asunto decisivo, estratéxico,



para o futuro de Galicia. Dez anos, señor Feijóo, os dez anos que leva vostede á fronte da Xunta de Galicia.

A crise demográfica, un asunto central, e tamén —¿por que non dicilo?— un dos seus maiores fracasos. Si, si, un dos seus maiores fracasos. Aprobou vostede neste parlamento un Plan estratéxico 2010-2014, que situaba a recuperación da natalidade entre os seus principais obxectivos. ¿Pode facerme un balance dese plan?

Aprobou vostede tamén, coa señora Mato como conselleira, un plan de revitalización demográfica que chegaba ata o 2016-2020, que nós non apoiamos, porque erraba no diagnóstico. Decía que había que convencer as mulleres de que tiveran máis fillos, porque non estaban convencidas. Sabemos todos que non é así, que as mulleres e os homes deste país queren ter dous fillos e teñen un. E erraba tamén nas políticas que había que levar a cabo para poñerlle remedio a isto, porque non había ningunha concreción. Fágame un balance tamén dese plan.

E agora escoitamos, señor Feijóo, o imprudente líder do seu partido en España, este que por certo representa *a los españoles de bien —los españoles de regular (Aplausos.)*, que somos maioría, estamos noutra cousa—, que a solución para que se incremente a natalidade pasa por restrinxir os dereitos das mulleres. É a famosa solución Ceauşescu, que non ten ningún resultado empírico, non hai ningún respaldo empírico en ningún sitio do mundo, pero segue insistindo niso. É pura ideoloxía retrógrada, unha ameaza para os dereitos das mulleres, un retroceso en termos sociais. Ata Celia Villalobos marchou espantada cando escoitou o que estaba dicindo o seu líder.

E queremos que sexa valente e que condene, sen panos quentes, con rotundidade, esas afirmacións, esas aproximacións. Hai que parar esta deriva, non sexa que seguindo por aí acaben defendendo que hai que prohibir os anticonceptivos ou que hai que volver atrás na Lei do divorcio ou non sei cantas cousas máis.

A natalidade imposta non é unha solución. A natalidade imposta é un retroceso, é unha agresión aos dereitos das mulleres. Nós, pola contra, estamos na posición contraria. Cremos que para que a natalidade se recupere hai que reforzar os dereitos da mulleres, hai que darlles máis posibilidades de que cumpran xustamente co que son os seus obxectivos, a súa vontade, que é ter máis fillos. Para iso hai que modificar as políticas públicas, en materia de emprego, en materia de conciliación, en materia de corresponsabilidade, en materia de dereitos sociais. Porque só se facemos compatibles os desexos individuais coas necesidades sociais...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...seremos capaces de facer avanzar Galicia, e para iso necesitamos decisións políticas rápidas, eficaces e na boa dirección.

Leva xa dez anos perdidos nesta materia e é hora de que recupere o seu tempo.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, agradezo dobremente a súa valentía. Primeiro, dicir un socialista no Parlamento de Galicia que é español é dende logo unha declaración de intencións. Dígoo porque como vostedes sempre gobernan cando perden cos nacionalistas en todas as institucións... (*Murmurios.*) Pero, jaínda encima que os felicito, señorías! Eu felicito o señor Leiceaga por dicir neste Parlamento que é español; ao mellor hai algunhas décadas non o podía felicitar, pero hoxe felicíto.

E, adicionalmente, engado, señor Leiceaga, que tamén o felicito por falar de demografía, porque eu estiven, como moitísimos deputados aquí, cando vostedes desprezaban o presidente Fraga, chamándolle reaccionario, por falar de demografía. Polo tanto, imos avanzando, señor Leiceaga.

E ¿como podemos tratar o problema da natalidade?, que, efectivamente, é o primeiro problema estrutural de Galicia. Pois con realismo, co realismo dunha crise que se xestou, como vostede sabe, na década dos setenta e que levamos corenta anos con esta crise. Co realismo de dicir que Europa está coa mesma crise, con distintas intensidades de natalidade que está España. Co realismo de dicir que non se pode resolver a curto prazo. Co realismo de aceptar que os anos que veñen van ser aínda peores, porque, como vostede sabe, como consecuencia de que baixou a poboación de forma abrupta durante corenta anos, agora temos menos parellas en idade fértil. E co realismo de dicir que os poderes públicos temos que plantexar propostas concretas. O Bipartito, cero propostas, cero propostas.

E, como me pide balance, con moito interese llo fago. Pero en só quince anos, dende 1976 a 1991, baixamos de 45.000 nacementos a 21.900, e iso mantívose. O ano onde menos naceron foi en 1998; entón, 18.564; practicamente empatamos co ano 2017: 18.485. Ese é o realismo co que temos que plantexar as cousas.

Agora ben, que me diga que o índice de fecundidade está baixando sabe vostede que está mentindo, ou, se non, debería de revisalo. (*Murmurios.*) Non, non, está mentindo. Si, mire, en 1998 o índice de fecundidade era do 0,92; e no ano 2017, do 1,12. Se vostede colle a serie dos últimos vinte anos, 1998–2017, comprobará que no índice de fecundidade, dos vinte anos, os dez mellores son o ano 2008 e os nove restantes, cando gobernou este goberno. (*Murmurios.*)

Si, señoría, comprendo que do índice de fecundidade igual vostedes nunca oíron falar, pero é fundamental. (*Murmurios.*) Digo que non oíron falar, porque non sei por que se rin. ¿Non coñecían o dato de que o índice de fecundidade en Galicia está hoxe está máis alto do que estaba en 1998, no ano 1999, no 2000, no 2001, no 2002, no 2003? Dos vinte anos dende 1998 ata o de agora, dos dez mellores anos, nove son dende que son presidente.

E ¿cre que vostede pode pensar por un instante que eu creo que isto ten que ver co Goberno? Non, evidentemente, señoría. Isto ten que ver coa xente que decide ter fillos. E ¿que ten que facer o Goberno? Facilitar.



E preguntame vostede polo balance. Con moito gusto. O balance do Bipartito é nada. E o balance actual é que somos a comunidade autónoma con máis deducións fiscais de España. Temos máis empregados públicos que se benefician con flexibilidade horaria —once mil—. Somos a comunidade autónoma que incrementou por primeira vez e con máis intensidade os permisos por maternidade; de vinte e dúas a vinte e catro semanas. Hai máis familias que se benefician das axudas para reducir a xornada; 1.600. Somos a primeira comunidade autónoma, e dende logo a primeira en toda a historia de Galicia, cunha Tarxeta Benvida.

¿Sabe canta xente se beneficiou da Tarxeta Benvida, cen euros ao mes durante o primeiro ano, que pode ser ata o segundo e o terceiro ano en función da renda?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Corenta mil familias galegas. ¿Sabe canto investimos na Tarxeta Benvida? Máis de 33 millóns de euros neste ano 2019. Somos a Administración autonómica con máis recursos de conciliación da historia; de doce mil prazas de gardería a vinte e catro mil.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Se me di se vostedes están satisfeitos con isto? Non. E por iso imos traer á Cámara un proxecto de lei de demografía. Imos introducir todas as conclusións do Observatorio Demográfico de Galicia, que chegamos a acordos e unanimidades, nesa lei. Espero que o Partido Socialista non se volva ausentar, como se ausentou do pacto demográfico, que apoie esa lei; polo menos, faga aportacións, señor Leiceaga.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor Núñez Feijóo, non lle escoitei condenar a afirmación do señor Casado. Non sei se temos que supoñer que está de acordo con el ou non.

Eu repítole, a crise de natalidade non pasa por restrinxir os dereitos das mulleres, polo contrario, pasa por darlles máis dereitos ás mulleres e ás familias. (*Aplausos.*) Hai que mellorar as condicións de vida e de coidado dos fillos para que a natalidade poida recuperarse.

Mire, esta é a cifra de nacementos, este é o ano no que vostede colle o goberno. Estes son os anos de Touriño como presidente, e esta é a situación no 2017, no 2018 está aínda bastante máis baixo, esta é a situación. ¡Claro que coñecemos o indicador sintético de fecundidade!, pero sabe vostede tamén que nos últimos anos esa levísima recuperación impediu que pasara, a pesar de todo, do 1,2. O obxectivo que tiñan vostedes para o 2014 era de 1,59 e está moi lonxe diso. É un fracaso a súa política de natalidade, señor Feijóo, mírese por onde se mire.



Mire, non haberá máis fillos mentres telos sexa un obstáculo para a promoción profesional das mulleres, por iso son tan relevantes os plans de igualdade nas empresas. Non haberá máis fillos mentres o emprego precario a tempo parcial, mentres o emprego involuntario a tempo parcial, sexa tan frecuente, por iso precisamos un plan específico. Non haberá máis fillos mentres que co salario recibido sexa moi difícil afrontar unha crianza con garantías e con condicións, pero vostedes critican a subida do salario mínimo interprofesional e se opoñen á revisión da reforma laboral para aumentar o poder de negociación dos traballadores. *(Aplausos.)*

Fíxese, na discusión parlamentario do plan do 2012, nós propuxemos máis de trinta páxinas de medidas concretas en todas estas materias necesarias de corresponsabilidade, tamén en materia de reforzo das políticas sociais, e vostedes non quixeron escoitar.

Eu propoño que vostedes recuperen a racionalidade e voten a favor dos permisos parentais e marentais iguais e ampliados, como propón o noso Goberno de España. Propoño tamén que colaboren na política de universalización do acceso ás escolas infantís de 0 a 3, propoño que profunden nas políticas de conciliación e nas políticas de corresponsabilidade.

Podemos poñernos de acordo en moitas cousas, podemos poñer en marcha, por exemplo, un módulo formativo de carácter obrigatorio, para os alumnos de ESO, que introduza a igualdade nas tarefas do fogar como unha realidade para todos. Iso depende só da vontade da Consellería de Educación, depende só do seu Goberno.

Por exemplo, nós claro que estamos participando no observatorio. Sabe vostede que fixemos un esforzo para estar presentes e para que estiveran todos os grupos, e imos traballar para mellorar a lei cando chegue aquí. Pero non nos imos conformar con medidas simplemente de márketing, imos intentar que isto sexa de verdade.

Se hai compromiso, se hai calendario, se hai un compromiso real en fomentar os dereitos das mulleres, poden contar con nós. Para as políticas que propón o seu líder, dende logo, con nós non van contar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche da pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Leiceaga.

Eu quedo co importante, vai vostede participar nesa lei, están vostedes participando no observatorio, temos un acordo unánime das propostas do observatorio, e iso é un avance. Pero mire, non confunda vostede o número de nacementos coa taxa de fecundidade. A taxa de fecundidade ten que ver coas parellas que están con posibilidade deter fillos, ¿de acordo? E ese Goberno do que vostede fala, o Bipartito, que nada fixo en relación coa natalidade, a taxa de fecundidade no ano 2005 foi do 1,02, no seguinte 1,04, 1,06, e no ano 2008, 1,13. Correcto. E por exemplo a taxa dos últimos cinco anos en Galicia, é dicir as mulleres que poden ter fillos, en Galicia, hoxe teñen máis fillos que antes. De feito, a taxa de fecundidade no ano 2013



xa foi do 1,4, no ano 2014, do 1,07 e no ano 2015, 1,10, no ano 2016, 1,12 e no ano 2017, 1,12, a maior dende o ano 1998.

¿Que quere dicir? Que as mulleres que poden ter fillos en Galicia están tendo máis fillos que antes. ¿E iso ten que ver coas axudas da Xunta de Galicia? Non o sei, pero que as axudas da Xunta de Galicia existen con máis intensidade que nunca, iso é unha verdade incuestionable, señoría (*Aplausos.*) ¡Incuestionable!

Pero, señor Leiceaga, se cando acabe todo isto vostede volverá á facultade, non pode ensinar esa gráfica porque os alumnos lle van sacar a taxa de fecundidade, que é o número de fillos que se poden ter en función das parellas en idade fértil, e agora están subindo máis que cando vostedes gobernaban, e máis quen os últimos vinte anos, señor Leiceaga. (*Murmurios.*) ¿Por que non queren debater en serio sobre asuntos serios?

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Resulta, señoría, que cando descubrimos un dato clave e positivo hai que ir contra el porque simplemente hai o obxectivo de destruír o Goberno democrático e non aceptar que hoxe as mulleres que poden ter fillos teñen máis fillos que nos últimos vinte anos.

Esa é a verdade da cuestión, señor Leiceaga, e debería vostede estudialo, porque no observatorio onde vostedes participan déronse conta deste dato, que é optimista e que nos leva, sen ningunha dúbida, a albiscar posibilidades de esperanza.

Fala vostede de cuestións económicas, pero ¿sabe vostede que na maior potencia económica de Europa —Alemaña— a idade media da poboación é unha décima por riba da de Galicia, 46,3 anos, e en Galicia 46,2?

¿Sabe vostede que nunha das cinco economías máis importantes do mundo —Xapón— a idade media é superior á de Galicia en dúas décimas, 46,5 anos?

Este cartel que saca o Partido Socialista, un cartel que eu non podía dar crédito ao respecto, considera que é malo que hoxe haxa máis persoas maiores vivindo en Galicia que hai dez anos. Resulta que o problema é que temos máis xente maior vivindo na comunidade autónoma que hai dez anos. ¿Pero vostedes teñen algún problema cos maiores, señor Leiceaga? (*Murmurios.*) (*Protestas.*) ¿Pero como se pode sacar este cartel criticando que dez anos despois hai máis xente maior en Galicia da que había dez anos antes?

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, temos unha esperanza de vida excepcional, un servizo sanitario público excepcional, e agora empezamos a ter máis mulleres que teñen máis fillos que nos últimos vinte anos (*Aplausos.*)

Señorías, ¡claro que hai que seguir plantexando!



Mire señoría, nesa lei que imos traer á Cámara, ímoslles plantexar unha serie de medidas. Anticipolle unha, señor Leiceaga. Seguro que lle pode interesar.

¿Que lle parece se na lei lle outorgamos un selo de recoñecemento ás empresas comprometidas coa familia e coa conciliación, e que as empresas que teñan ese selo teñan maiores puntos para a contratación dentro da Administración pública? É unha proposta concreta. Que as empresas que teñen políticas de conciliación, que as empresas ás que lles interesan esas políticas de conciliación e de familia, teñan prioridade para a contratación coa Administración pública.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): No ano 2018 pagamos 550.000 facturas. Detrás de cada factura hai moitísimas empresas. Imos propoñer que as empresas galegas que teñan políticas concretas de conciliación, políticas concretas en favor da familia, teñan máis puntuación para as contratacións no ámbito da Xunta de Galicia. Se facemos todo isto no conxunto das administracións públicas, seguro que as empresas se tomarán moito máis en serio este problema estrutural que ten Galicia dende hai corenta anos, que é unha baixa natalidade.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Continuamos co punto 4º da orde do día, de proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e quince deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da empresa Naturgy de pechar a central térmica de Meirama e construír nos seus terreos un parque eólico e unha central de biogás.

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez e do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 44792)

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei pola seguinte:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

«1.- Instar os Ministerio de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a constituír de inmediato o Grupo de traballo, no que se integre ás Comunidades Autónomas, para analizar o modelo de transición enerxética máis racional e sustentable dende o punto de vista ambiental, social e económico.



2.- Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria a constituír de inmediato Grupos de traballo nos Concellos de As Pontes e Cerceda con participación da Administración autonómica e local, así como de colectivos sociais, medioambientais e empresariais, dotándoos orzamentariamente para desenvolver proxectos e plans estratéxicos de desenvolvemento económico e formativo que transformen en oportunidades, as ameazas que poden supoñer para estes concellos a implantación de políticas de transición enerxética na liña do mercado pola Unión Europea.

3.- Instar os Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a desenvolver convenios marco de colaboración coa Xunta de Galicia e os Concellos de As Pontes e Cerceda segundo as bases reguladoras como de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas, proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira e programas de capacitación técnica para traballadores e empresas. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.

4.- Instar os Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a incorporar as actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón (Fondos MINER) que foron paralizados polo Goberno do Partido Popular no ano 2012 nos Concellos de As Pontes e Cerceda e que se encontran pendentes de liquidación. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.

5.- Incluír nos orzamentos de 2019 e 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.

6.- Instar a Endesa e Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acadados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos medioambientais, a ser partícipes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Xosé Luis Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 44792)

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar de Naturgy a adaptación ao marco legal de xeito que permita unha transición a un novo modelo enerxético de forma non traumática, respectuosa co medio ambiente, mantendo os postos de traballo e sen que reduza drasticamente a capacidade xeradora.



2. *Constituír unha Mesa de negociación na que, ademais da propia Xunta de Galiza, participen o Goberno central, o Concello de Cerceda, o Comité de Empresa da central térmica de Meirama e as centrais sindicais.*

3. *Demandar do Goberno central que todas as medidas e decisións en materia de política industrial vinculadas a Meirama sexan acordadas coa Xunta de Galiza e cos traballadores e traballadoras.»)*

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. 44792).

Emenda de modificación.

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o contido do punto 3 polo seguinte texto:

«3. Que a aprobación deste plan industrial, así como as decisións en materia de política industrial vinculadas aos terreos de Meirama. se tomen en consenso coa Mesa para o desenvolvemento do Plan do carbón.»

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir dous novos puntos, 4 e 5, que terán o seguinte contido:

«4. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que convoque, á maior brevidade posible, a Mesa para o desenvolvemento do Plano do carbón.

5. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que estableza unha mesa entre a Comunidade Autónoma galega e os concellos relacionados no anexo II do RD 675/2014, do 1 de agosto, polo que se establecen as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas; para establecer, á maior brevidade posible, a selección das actuacións que se deben levar a cabo e redactar os convenios de colaboración para cada unha das actuacións elixidas.

6. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que envíe inmediatamente ao Parlamento de Galicia o contido da Comisión de Cooperación coa Xunta de Galicia desenvolvida o 27 de maio de 2015, referida a 10 convenios específicos.»)

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Nóvoa-Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Despois deste apasionante debate sobre o día da muller, gustárame dicir unha cousa. Miren, eu son muller, son nai, estudei unha carreira técnica, fun traballadora dunha empresa privada, e síntome moi orgullosa e cos meus dereitos perfectamente defendidos polas siglas do meu partido, o Partido Popular (Aplausos.) ¡Vaia por diante, señorías!



Comezo a miña intervención, señorías. Hoxe o Grupo Popular trae a este pleno unha iniciativa que afecta profundamente á industria e, por tanto, á economía de Galicia: o peche da central térmica de Meirama no Concello de Cerceda, que suporá unha perda de negocio de 20 millóns de euros ao ano para a nosa comunidade, decisión que afecta a máis de cen traballadores da central, así como a outros de empresas auxiliares que dependan da actividade que se desenvolve nela.

Señorías, vostedes que sempre poñen por riba os concellos, deberían preocuparse porque Meirama bote o peche en Cerceda. Suporá que un municipio de escasos 5.000 habitantes deixe de recadar 1,3 millóns de euros en concepto de IBI e IAE, que supón máis de un 10 % do seu presuposto. Pero é sorprendente que o alcalde deste concellos se resigne e os deputados da zona neste Parlamento, tamén.

Señorías, detrás do peche de Meirama hai dous responsables claros: Naturgy e o Goberno do Estado. Un culpable: Naturgy, que dá a espalda á comunidade galega, xa que puido acometer os investimentos da mesma maneira que Endesa nas Pontes.

Segundo culpable, o Goberno de Pedro Sánchez, que ten a máxima responsabilidade coa súa estratexia equivocada de peche das térmicas antes de tempo.

Señorías, artigo de *La Voz de Galicia*: «El Gobierno firma la defunción de las térmicas gallegas para el 2030. Meirama cerrará dentro de diecinueve meses, y As Pontes, quince años antes de lo previsto.» Data, 16 de novembro de 2018. Anuncio do secretario de enerxía do Ministerio de Transición Ecolóxica do señor Sánchez, antes de que Naturgy anunciase o seu compromiso de investir en Meirama.

Señores da oposición, a verdade é que vostedes avalan... (*Murmurios.*) Gustaríame, señorías, señores e señoras, señora Vilán, de verdade que é sorprendente que vostedes avalen esta forma de comprometerse con Galicia do Goberno do señor Sánchez, un goberno, o máis breve da historia, que será recordado polo que máis agravio causou a Galicia no menor tempo posible.

Señorías, como vostedes permanecen inmóbiles e cun silencio cómplice ante os agravios deste Goberno coa comunidade galega, vou detallar o triste balance que deixan estes case nove meses de Goberno.

Ao pouco de chegar, o Goberno amago cun posible atraso na chegada do AVE a Galicia, e os presupostos previstos para o ano 2019 abandonarían a Galicia en materia de infraestruturas. Continuamos co financiamento para o porto da Coruña, escaso, cero financiamento, en favor do de Valencia. Atraso na orde de execución das fragatas F110, xa hai máis de medio ano que tiña que estar desbloqueado o contrato; falta de compromiso absoluto coa industria naval en Galicia e coa comarca de Ferrolterra, 7.000 empregos que xerarían con este proxecto, señorías. E o colmo é que prexudican ata as provincias nas que gobernan concello e deputación, como ocorre en Lugo, denegándolle o Xulgado do Social, tras rectificar en favor de Santiago.

Cinco. Na obsesión de querer ser o número un ecoloxicamente, sen importarlle as consecuencias, ocórreselles ser un dos primeiros países europeos en vetar o diésel. Este aplicado



Goberno obviou que a industria do automóbil representa un 10 % do PIB español e un 17 % do galego, pasando de comezar o ano 2018 incrementando as vendas neste sector, a pechalo practicamente en números negativos, e véndose afectados directamente moitos empregos na industria da automoción galega.

Toda esta incerteza que vostedes xeran, que o seu goberno xerou, foi por un anuncio da fin do diésel, e xa lle deu un tirón de orellas a Unión Europea, dicindo que non se poden prohibir nin vetar tecnoloxías. Señorías, entón rectificaron, e no novo plan que presentaron a semana pasada xa o nomean para o 2040, e para o 2050 a fin do diésel.

Outra medida de castigo aos galegos e ás galegas son os presupostos xerais do Estado para o ano 2019 —ou eran, que por sorte se rexeitaron—, que supoñían unha baixada dun 19 % para a nosa comunidade, e, por outro lado, un forte incremento de impostos ao diesel, ás contratacións, aos autónomos, unha recadación ficticia a modo de impostos, que, ademais de facerse con cálculos irrealistas, provocarían a perda do poder adquisitivo dos galegos para, seguramente, non conseguir o seu fin: contrarrestar o gasto irresponsable dun goberno, coaccionado polos seus socios de Podemos e dos independentistas, que prexudicarían a Galicia nun 19 % e, sen embargo, beneficiarían a Cataluña nun 50 %.

O colmo é ver como os socialistas galegos nos tratan de convencer de que nos beneficiaban na parte social. ¡Oia!, cando gobernaba Rajoy, subían os presupostos un 13 % e ese era un agravio para Galicia. Agora baixan case un 20 % e témonos que conformar. Como dixo alguén varias veces aquí, bastante importante na nosa comunidade: «os galegos non somos parvos», señorías. E agora, en plena campaña electoral, van seguir despilfarrando, van gobernar vía decreto-lei, e a saber o que pode ocorrer nestes próximos meses que lles quedan en funcións.

E xa para non cansalos moito máis (*Murmurios.*) —porque nunca nove meses deron para tanto mal—, deixo para o final o abandono da industria electrointensiva galega, que está atravesando por serios problemas. Hai cinco meses que Alcoa anunciou o seu peche na Coruña e tamén en Avilés. Hai dous meses que Ferroatlántica declarou as súas intencións de implantar un ERE nas fábricas de Cee, Dumbría e Sabón. ¿Onde están as solucións? Ningunha. (*Murmurios.*)

Un goberno que gobernou a base de decreto porque pensaban que con sentarse nun sillón —na Moncloa— xa estaba, pero gobernar é moito máis que ambicións persoais. O primeiro, señorías, é poñer solucións, solucións a problemas que son exclusivamente da súa competencia.

Ao señor Sánchez non lle custa durmir pola noite, agora o entendemos, por iso cambiou o colchón. Pero si que lle dá igual que cinco mil empregos da industria electrointensiva galega estean en risco en Galicia, que cerca dun millar entre Ferroatlántica e Alcoa non saiban cal vai ser o seu futuro. Seguramente, señorías, que a estes empregados lles custará moito durmir polas noites.

Non quero imaxinar se fose un presidente do noso grupo o que publicase un libro no que dixese que a súa primeira decisión foi cambiar o colchón da súa habitación na Moncloa. ¡Que frivolidade, señorías! ¡Que frivolidade, coa cantidade de problemas que todos vostedes dicían



que había en España, señorías! ¡Tantos problemas! Ían derrogar a reforma laboral, a Lei de educación... Pero non, a primeira decisión foi cambiar o colchón, señorías.

E non lle chega non facer nada cos problemas que temos, senón que xera outros. Entón, a flamante ministra de Transición Enerxética declara o final das centrais térmicas e provoca directamente que o investimento en Meirama non se faga. E como dicía ao comezo da miña intervención, declarárono antes de que Naturgy anunciara as súas intencións de non investir para poñerllo aínda máis fácil e desincentivalos máis. E vostedes tan tranquilos, resignándose.

Eu diríalles que non estean tranquilos, señorías. Cando se anunciou aquí, no mes de outubro, o peche de Alcoa, nós xa lles dixemos que virían outras. Efectivamente, tres meses despois, Ferroatlántica puxo enriba da mesa unha decisión de ERE para as súas plantas.

O mesmo que con Meirama vaille ocorrer ás Pontes, señorías. Non estean tranquilos, porque o seu Goberno acaba de aprobar a semana pasada, no Consello de Ministros, un plan nacional que adianta o peche das centrais térmicas de Galicia e do resto de España, ¡quince anos antes, señorías! Entón, eu recoméndolles que non estean tranquilos.

Como dicía, en plena campaña electoral, a semana pasada practicamente, presentou ante as eléctricas un plan nacional de enerxía, un anteproxecto de lei e unha lei de transición enerxética. Ante as eléctricas, non no Congreso, non ante os grupos parlamentarios. ¡Cero negociación, absolutamente ningunha! Un plan que, como digo, presenta uns obxectivos moi superiores aos de ningún outro país da Unión Europea, incluso aos que recomenda a Unión Europea. Un plan chego de soflamas, de propaganda electoral, que pon punto e final ás térmicas na nosa comunidade antes do previsto. Un plan que plantexa o peche das térmicas e das centrais nucleares, antes de 2030, cuns obxectivos de reducións contaminantes moi superiores aos de calquera outro país da Unión Europea, moi superiores aos de Francia e aos de Alemaña. Señorías, queremos ser campións, ¡a ver que prezo nos custa a todos!

O paradoxo é que imos ser dos primeiros en pechar as nosas centrais térmicas e nucleares e despois comprámoslle a enerxía nuclear a Francia ou a Marrocos, que tamén teñen enerxía térmica. ¡Ese é o paradoxo deste Goberno, señorías! E isto provocará, indubidablemente, a subida durante un tempo do prezo da luz, porque un modelo enerxético non se cambia en dez anos, como pretende este Goberno.

O Grupo Popular e o Goberno da Xunta están de acordo nunha transición enerxética ordenada, sostible e, sobre todo, xusta, que non prexudique a ninguén. Por iso o Grupo Popular trae esta iniciativa, para que o Goberno actúe, que se poña a traballar para que a comarca de Ordes siga a ter actividade industrial. Que o Goberno do Estado articule as medidas necesarias para evitar que se materialice a decisión que ten comunicado Naturgy sobre o peche da central de Meirama. Que, no seu defecto, articule xunto a Naturgy un verdadeiro plan de reindustrialización vinculado co mantemento e a creación de emprego, de xeito que ningún dos colectivos afectados se vexa prexudicado pola decisión de peche da central de Meirama.



O Grupo Popular non ve suficiente un plan industrial que pase pola construción dun parque eólico e unha central de biogás; non vemos un compromiso claro co mantemento do emprego na comarca de Ordes.

O punto 3 da nosa iniciativa di que a aprobación deste plan industrial, así como as decisións en materia de política industrial vinculadas aos terreos de Meirama, se fagan en consenso coa Administración galega.

Remato.

Esta é unha iniciativa sinxela, con compromisos claros. Agardo que o teñan en conta, que se sumen dunha vez a pedir acción. Xa que o Goberno dixo que gobernaría ata o final, pois que o faga, que traballe e que tome un acordo que beneficie a Galicia por unha vez.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

¡Anonadado me teñen! (*Risos.*) Porque eu pensei que viñamos falar aquí dun problema... Non, non, falouse de todo menos do problema.

Non me vou poder escapar de dicirles aquilo de: «Primeiro Portomarín, logo Castrelo do Miño, despois tocoulle ás Encrobas sufrir parello destino.» (*Aplausos.*) Porque o de Fenosa en Galicia é moi vello, é case unha doenza crónica. E miren, comeza naquel matrimonio tan ben avenido entre o señor conde e o claudillo de España por la gracia de Dios, que ¡maldita desgraza a nosa! O señor conde puxo os cartos para o armamento asasino e o xeneralísimo devolveullos con creces a conta —¡claro está!— do espolio da nosa riqueza.

«¡Que el embalse se construya!», berra Franco entusiasmado. E alí mandou os civís impoñeren o mandado.» E isto correspondía ao encoro de Castrelo.

Miren, a cada afrenta unha copla. Así hoxe somos ricos en cancións, porque as afrentas foron moitas.

«Nas Encrobas mulleres en negro, paraugas en man, defendendo as súas terras e o seu pan. Enfronte o verde dos capotes, o negro dos tricornios e as culatas dos mauser.» Nunca tal se vira, logo de tantos decenios de posguerra e submisión. Aquelas imaxes facían ferver o sangue. Eu vinas en directo, Moncho Valcárcel e tantos e tantas máis.

Señores do PP, para vostedes aquilo era, daquela, unha banalidade, e hoxe volve selo. Despois de tantos anos sen ningunha exixencia de investimento, de tantos anos de que Fenosa fixera e faga



canto lle peta, logo de utilizar este tema como propaganda electoral —igual que Pemex—, unha vez máis volven utilizalo como escusa para, sen comprometerse a nada serio, facer que fan, facer que se preocupan, facer como que gobernan. Pero mire, antes con Rajoy non quixeron, e agora con Sánchez acórdalles a última hora. ¡Vaia cruz que temos con vostedes!

Vai ser preciso lembrarlles que en Galicia houbo minería de carbón, e cando tocou pechar a extracción, unha vez máis tocounos apandar cos buratos feitos que hoxe soportan lagoas, coas doenzas da xente e coa desfeita medioambiental e o desemprego, porque quedaron excluídos —¡quedamos excluídos!— dos sucesivos plans do carbón. E vostedes non dixeron nin pío, nin mu, porque ás consecuencias deste modelo de explotación colonial dos nosos recursos mineiros súmanse as súas políticas centralistas, que nos exclúen da posibilidade de que o próximo fin do carbón sexa unha oportunidade para a comarca das Encrobas e das Pontes.

A directiva europea de emisións, que fixa os niveis de emisións contaminantes para poderen funcionar as centrais térmicas ata o 2045, non lles é nova, non é de onte. E, sen embargo, o Partido Popular permitiu que os niveis de emisións fosen esaxeradamente altos sen exixir, nin sequera presionar, para que Naturgy fixera os investimentos requiridos.

Miren, alá polo 2015, a fins de xaneiro, o señor presidente, en plenitude de campaña electoral, participaba na escenificación dun grande acto electoral deses que lle gustan ao señor presidente. O Consello de Administración de Gas Natural-Fenosa nada menos que no Gaiás —no panteón do cemiterio da cultura—, e, ao remate do mesmo, o señor Gabarró comunicaba en persoa a decisión de iniciar a tramitación ambiental e as actuacións para adaptar a central de Meirama aos novos tempos. ¡Hai foto e todo! Sempre tivo debilidade polas fotos o señor presidente...

Toda unha campaña de propaganda electoral gratuíta e enganosa. O Partido Popular e máis o presidente da Xunta están no bo camiño... Están no bo camiño de controlar as emisións altamente contaminantes da térmica das Encrobas, todo vai ben. ¡Mentira! ¡Cochina mentira! Vostedes son cómplices deste desaguizado, e agora veñen a última hora, de urxencia, lavar a cara, facer que fan, con esta PNL, tentando pasar as pulgas de responsabilidade para ver se lles cola outra vez, e vai ser que non.

Miren, nós temos unha emenda que vostedes xa coñecen. ¡Demanden vostedes a Naturgy! Vostedes son quen teñen que exixirle a Fenosa, a Naturgy. ¡Que poña os disfraces —estamos no Entroido— que queira! Demárquenlle a adaptación ao marco legal, de xeito que permita unha transición a un novo modelo enerxético. Fágano vostedes, ¿por que non o fan? ¿Por que nos veñen aquí con milongas de que se Sánchez fixo non sei que, de que se o outro...? Vostedes xa están en campaña electoral, ¡pero non o fagan tan descaradamente, por favor! (Aplausos.)

Vostede falou de todo. Vostede falou aquí de todo menos do problema. Quero dicirlle que hai máis dun mes que o comité de empresa se pechou no Concello de Ordes —non de Órdenes—, e alí estabamos nós. Vostedes non apareceron. Vostedes no dixeron nin mu. Non o dixeron con Alcoa, non o dixeron no seu momento con Ferroatlántica. Estivemos aquí, debate tras debate, exixíndolles un posicionamento lóxico de defensa deste país, de defensa do que se lle cedeu ao señor Villar Mir para que puidera funcionar Ferroatlántica. E con Alcoa igual.



Vostedes son os magos do disfraz. Pois moi ben, estamos no Entroido. Pero o Entroido pasará, ¡algún día terá que pasar! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Un saúdo agora para os alumnos e alumnas de 4^o da ESO do Colexio Sagrado Corazón das Mercedarias de Ferrol. Benvidos ao Parlamento. E tamén as profesoras e profesores que os acompañan.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Bos días e benvidos os nosos invitados.

Hoxe, conmemorando —aínda que sexa anticipadamente— o 8 de marzo, eu quero reivindicar que nos queremos iguais, que nos queremos empoderadas, que nos queremos iguais que foron e fixeron as mulleres das Encrobas. (*Aplausos.*)

A verdade, señores e señoras deputados... Poucos, poucos están hoxe aquí, xa se ve que hai outras preocupacións. A verdade é que dous anos e medio levo neste Parlamento e sorpréndeme que aínda teña capacidade de sorpresa. Sorpréndeme o cinismo político da Xunta de Galicia do Partido Popular. Sorpréndeme o cinismo político do Goberno do militante de Galicia presidente Núñez Feijóo. E vista a intervención aquí da señora deputada do Partido Popular, xa entendo que a preocupación que teñen vostedes pola central térmica de Meirama é medio minuto da intervención. (*Aplausos.*)

Miren, o 7 de marzo de 2017, recién estreada esta X lexislatura, o PSdeG trouxo aquí unha iniciativa, ao Pleno deste Parlamento, para recordarlle á Xunta de Galicia as súas obrigas como Administración autonómica, para que a Xunta de Galicia e o presidente militante de Galicia defenderan 72 millóns de euros do Plan do carbón 2006-2012 anulados unilateralmente, señora deputada —junilateralmente!—, polo Goberno de Mariano Rajoy no 2011 nada máis entrar na Moncloa, (*Aplausos.*) nada máis chegar. A primeira decisión política, 72 millóns de euros que perdeu Galicia.

Nós trouxemos esta iniciativa para que a Xunta defendera estes 72 millóns de euros e para recuperar os fondos comprometidos e aprobados polos concellos de Cerceda e As Pontes e as súas contornas, señora deputada, derivados da degradación das zonas debidas ao desenvolvemento de actividades mineiras de carbón, e para que o señor Feijóo defendera a inclusión de actuacións concretas de dezaseis concellos galegos no Real decreto 675/2014, publicado polo Goberno Rajoy.

Voulle deixar aquí ao señor presidente a iniciativa —grazas, señor presidente— para que a recorde, e vuelles recordar o compromiso con Galicia, os resultados desta votación. Miren: 41 votos non. ¿Cantos son os deputados e as deputadas do Partido Popular? Son 41. Entre



eles, o presidente militante de Galicia. O voto foi non. (*Aplausos.*) O rodillo do Partido Popular impediu, unha vez máis, que a Xunta de Galicia se dirixira ao Estado a pedir o que estaba aprobado e ao que lexitimamente tiñan dereito o concello de Cerceda, o concello das Pontes e as súas contornas. ¿Ou é que os habitantes de Cerceda e das Pontes temos menos dereitos que os do resto de Galicia? ¿Ou só se milita naqueles concellos onde goberna o Partido Popular? Explíquemo. (*Aplausos.*) Isto non é máis que hipocrisía política.

Miren, ser militante de Galicia, e ese «Galicia, Galicia, Galicia», é loitar polos dereitos de Galicia, polo seu territorio e pola súa poboación. Esa é a bandeira de Galicia, Galicia, Galicia.

O presidente da Xunta de Galicia acaba de facer hai uns días un ataque furibundo ao proxecto de orzamento presentado polo Goberno do señor Pedro Sánchez. ¿Onde estaba? ¿Onde estaba o militante de Galicia cando se perderon 72 millóns e tiña o mesmo partido no Goberno do Estado, con Mariano Rajoy? ¿Onde estaba? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, pódemo contar.

Por certo, quero recordar que o Grupo Parlamentario do PP o 11 de outubro de 2017 rexistraba unha iniciativa na que se pedía apoio para os orzamentos xerais do Estado para 2018. ¿Pódese ser máis hipócrita politicamente? (*Murmurios.*)

Mire, voulles dar datos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Cando vostede teña que debater, veña, que llo permite o señor presidente. Das proposicións non de lei en pleno presentadas polo Partido Popular de aquí, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, nesta décima lexislatura, en dezanove meses, goberno de Mariano Rajoy, o Grupo Parlamentario do Partido Popular presentou un 15 %. É dicir, 37 iniciativas dirixidas ao Goberno central. ¿Quere que lle diga cantas dirixidas para recuperar os Fondos Miner ou para a central térmica de Meirama?, ¿quere que llo diga? ¡Cero, cero, cero!

Dende que goberna o presidente Sánchez, é dicir, oito meses do Goberno Sánchez, o grupo parlamentario presenta 64 iniciativas que instan o Goberno central; o 53 % de todas as presentadas. ¿Pódese ser máis hipócrita? ¿Pódese ser máis hipócrita?

Por certo, é verdade, presentaron desde que está o señor Pedro Sánchez dúas da central térmica de Meirama. ¿Sabe cal foi a posición do Grupo do PSdeG?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Sabe cal foi? Votamos a favor na primeira e imos votar a favor nesta, porque nós si que nos comprometemos con Galicia e cos seus habitantes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Si, remato xa, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Remate, si.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Simplemente dicir que o 31 de xaneiro de 2015 o Consello de Gas Natural-Fenosa... Aquí o teñen, a foto do señor Núñez Feijóo co presidente Gabarró.



Aquí o teñen, ¿verdade? Non é mentira. E tamén traio aquí a nota de prensa para deixarlle á Presidencia. Remato xa, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moita documentación... Vou saír eu aquí moi documentado.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato enseguida. Por favor, déixeme simplemente acabar co meu argumentario.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, xa estamos mal de tempo. Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Comprometeuse a acometer un investimento de case cen millóns de euros para adaptar a central térmica de Meirama.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa.

O señor PRESIDENTE: Non, remate xa, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Por certo, de acordo co Plan estratéxico de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Dous minutos sobre o tempo, ¡por favor!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e a Estratexia Europa 2020.

O señor PRESIDENTE: Xa está o tempo concluído, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Onde está a estratexia enerxética de Galicia?

O señor PRESIDENTE: Tempo concluído, señora Rodríguez Rumbo. Xa está...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Onde está? Dígamo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Respóndame vostede, señora deputada.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día.



Señora Nóvoa, ¡menudo exercicio de cinismo que trae hoxe a esta Cámara! Cinismo do peor, porque lendo a súa iniciativa e escoitando a súa defensa calquera diría, señora Nóvoa, que vostedes non gobernan a Xunta de Galicia; calquera diría que non teñen competencia industrial; calquera diría que non tiñan o Goberno do Estado ata que os botamos hai uns meses; e calquera diría, dende logo, que están comprometidos co emprego neste país. ¡Basta ver o deserto industrial que deixan tras de si! Basta ver iso: Alcoa, Ferroatlántica, Isowat... e tantos outros. ¡Calquera diría que vostedes non teñen nada que ver!

O que están facendo é, unha vez máis, abandonar as súas responsabilidades, tal e como levan facendo durante tanto tempo, porque o peche da central térmica de Meirama anunciado agora por Naturgy é a crónica dunha morte anunciada; unha morte anunciada ante a que nin o Goberno da Xunta de Galicia nin o do Estado que tiñan vostedes fixeron absolutamente nada cando tiñan que facelo.

Hoxe estamos ante unha decisión empresarial que, efectivamente, pon en perigo toda unha comarca. É unha decisión ante a que tiñan que ter actuado antes, non agora, agora é tarde. Era antes cando tiñan que estar traballando nun plan alternativo, e non o fixeron. Tiñan a responsabilidade de traballar en alternativas de emprego e de transición enerxética antes de ter sobre a mesa a destrución de postos de traballo, e non o fixeron. ¡Todo o contrario! Cando se defendeu ese tema neste Parlamento ¿que fixo o Partido Popular? O que fai sempre: votar en contra, en contra de iniciativas encamiñadas directamente a buscar alternativas para a xente destas comarcas. ¡Vostedes en contra!

Nese senso, a súa proposición non de lei, alén de cínica, non serve absolutamente para nada. Non serve para resolver o problema porque simplemente non se dirixe ao centro do problema: a necesidade de camiñar cara á transición enerxética, procurar novas alternativas laborais e un novo modelo de produción e consumo enerxético. Un modelo de futuro para termos futuro, tal e como están exixindo as mozas e mozos dos venres polo futuro, dando unha enorme lección de compromiso e dignidade que cómpre escoitar.

Por iso presentamos unha emenda que entendemos se dirixe especificamente ao asunto que nos ocupa.

Primeiro. Instar o Ministerio de Industria, Turismo e Transición Ecolóxica a constituír de inmediato un grupo de traballo no que se integren as comunidades autónomas para analizar un modelo de transición enerxética máis racional e sustentable desde o punto de vista ambiental, social e económico.

Segundo. Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria a constituír de inmediato grupos de traballo nos concellos máis afectados, os concellos das Pontes e Cerceda, coa participación da Administración autonómica e local, así como dos colectivos sociais, medioambientais e empresariais, dotándoos orzamentariamente para desenvolver proxectos e plans estratéxicos de desenvolvemento económico e formativo que transformen en oportunidades o que hoxe son ameazas, como a que pode supoñer para estes concellos a implantación de políticas de transición enerxética na liña do mercado pola Unión Europea.



Terceiro. Instar os ministerios de Industria, Turismo e Transición Ecolóxica a desenvolver convenios marco de colaboración coa Xunta de Galicia e os concellos das Pontes e Cerceda, segundo as bases reguladoras, como axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas, proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira e programas de capacitación técnica para traballadores e empresas. Medidas xa recollidas nos orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.

Cuarta. Instar os ministerios de Industria, Turismo e Transición Ecolóxica á incorporación das actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón que foron paralizados polo Goberno do Partido Popular no ano 2012 nos concellos das Pontes e Cerceda, e que se encontran pendentes de liquidación. Medida recollida nos orzamentos do Estado do 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.

Quinto. Incluír nos orzamentos de 2019 e 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas co fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética nos concellos das Pontes e de Cerceda e nas súas comarcas.

Sexto. Instar a Endesa e Naturgy, tendo en conta os enormes beneficios que acadaron espoliando os nosos recursos naturais mentres deixaban gravosos impactos ambientais no noso país, a ser partícipes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos concellos das Pontes, de Cerceda e as súas comarcas.

Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais. Medidas concretas que impliquen ao seu goberno, que ten competencias directas en materia industrial, e non tirar balóns fóra e vir falar aquí do Goberno de Sánchez.

Vostedes, señores do Partido Popular, gobernan este país, ¡comprométanse con este país!
(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Señor Rivas Cruz, equivócanse ao pedir que pidamos a Naturgy unha transición enerxética. A transición enerxética é responsabilidade do Goberno central, non lla hai que pedir a unha empresa privada, señorías. (*Murmurios.*) Están equivocados.

Miren, vostedes gobernaron —vai para o Grupo do BNG e para o Grupo do PSOE—, vostedes aquí gobernaron co Bipartito entre os anos 2005 e 2009. (*Pronúncianse palabras que non se*



perciben.) Non, pero é que nos imos retrotraer a aquel momento, e naquel momento xa existían... (*Murmurios.*) Presidente...

O señor PRESIDENTE: Silencio. Señora Rodríguez Rumbo, silencio.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Eu non din unha palabra, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Si, tranquilidade. Todos tranquilos.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Xa na miña primeira intervención...

S

O señor PRESIDENTE: Imos estar todas tranquilas e tranquilos.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Iso, a escoitar, agora toca encaixar.

O señor PRESIDENTE: Vostede falou, ela calou. Agora tócalle a vostede escoitar, aínda que ás veces non guste.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ¡Claro!

O señor PRESIDENTE: Isto é o xogo democrático. A todos. A ela tampouco lle gustou o que lle dixeron. Creo.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Non. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, hai que aguantar. Non se pode ter mandíbula de cristal no Parlamento, hai que saber escoitar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, por iso. Pero agora tócalle escoitar a vostede. Compensará o seu tempo, señora Nóvoa, non se preocupe. Tranquila, polo tempo non se preocupe. Vostede fale agora.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Mire, entre 2005 e 2009, vinte proxectos mineiros e cinco de reparación dos danos mineiros. Quedaron en cinco, reducíronos a cinco, despois só saíron catro. No mesmo tempo, despois de que chegásemos nós ao goberno, entre 2009 e 2012, voulle enumerar os proxectos que levou a cabo o Goberno galego naquel momento.

Un. Asinouse un segundo acordo complementario; asinouse un terceiro acordo complementario; asináronse e executáronse trece convenios específicos de infraestruturas. Ampliación do polígono industrial de Acevedo, Cerceda; estación depuradora de augas residuais de Cerceda; centro xeriátrico de Cerceda. Asináronse dous convenios para a redacción de proxectos que foron executados: enlace de Sogama-Mesón do Vento en Cerceda, estrada de Airíos-Momán. E asináronse outros dous acordos suplementarios. Esa é a diferenza entre vostedes e nós, señoría, esa é a diferenza. (*Aplausos.*)

Mire, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) eu tamén teño documentación aquí. Agora imos pasar ao Goberno do Estado, que ten responsabilidade, e a competencia enerxética é a



súa responsabilidade. Entón, mire: *Acuerdo marco para una transición justa de la minería y del carbón. Desarrollo sostenible para las comarcas mineras para el período 2019-2027*. Firmado o 24 de outubro de 2018. ¿Quen gobernaba? 2018, o señor Sánchez. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Escoite, escoite... Páxina 1, voulle dicir as comunidades que están aí: Aragón... (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*) ...señoría... É que é imposible.

O señor PRESIDENTE: Espere. Perdón.

Señora Rodríguez Rumbo, téñoa que chamar á orde. Non me gusta, pero teño que chamala á orde.

A señora NÓVOA IGLESIAS: É imposible así.

O señor PRESIDENTE: Non, non, agora continúe vostede. A chamada á orde é competencia miña.

Continúe, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Mire, señoría, Aragón, Castela-León, Asturias e un municipio de Puertollano. ¿Onde está Galicia? Rógolles que traballen para que se inclúa a Galicia neses fondos, nese acordo, señoría. É que agora gobernaban vostedes e tiñan a oportunidade, ¡tanto criticar o Goberno do señor Rajoy! ¡É que xa está ben! Xa está ben de non recoñecer o que fan vostedes.

Mire, señora das mareas de Podemos, vostedes cogobernan en Madrid e non fixeron nada. ¿Onde estaban? Escondidos, escondidos cando... (*Murmurios.*) Escondidos non, votando a favor do presuposto. O presuposto que agraviaba a Galicia, menos un, votárono a favor, dobregáronse ante o señor Pablo Iglesias. O de aquí non manda nada e o señor Pablo Iglesias manda e vostedes votan a favor. Ese é o agravio a Galicia, señorías. Iso é o que vostedes lle queren á nosa comunidade. ¿E vostedes que fixeron? ¿Onde reclamaron? Esta iniciativa, xa que gobernan alí, podía presentar no Congreso. ¿Onde?, ¿que presentaron? Cero, señorías. Fagan algo. Polo menos, nesas reunións que teñen o señor Iglesias e o señor Sánchez, que falen un pouco de Galicia e que fagan algo polas industrias galegas. (*Aplausos.*)

Señorías, é que vostedes teñen a oportunidade. Vostedes si que son cómplices. E vostedes, para máis inri, na pasada lexislatura trouxeron aquí unha iniciativa para pedir que se pecharan as centrais térmicas de Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É que iso hai que recoñecelo. ¡Por favor!, miren: é dunha irresponsabilidade, demagoxia e hipocrisía a súa, señorías.

Dende logo que este grupo non vai aceptar as súas emendas. É unha iniciativa moi sinxela, moi concreta, que pide solucións concretas. E, dende logo, non imos pasar por aí, señorías, e non estamos de acordo cunha transición enerxética improvisada e errática que provoca claramente a decisión de non investimento nunha empresa. Está claro que esas decisións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora NÓVOA IGLESIAS: ...esa incerteza, non animan as empresas a que invistan en Galicia.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e as convocatorias de folga de mulleres de marzo de 2019, así como as demandas que debe realizar á Xunta de Galicia ao respecto.

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Falando de empresas que pechan, hai cento e pico traballadores de Poligal preocupados á porta deste parlamento que non van ser recibidos polo Grupo Parlamentario Popular. (*Aplausos.*) Entón, teñen unha ocasión, señora Nóvoa, xa que sae, de intentar recibilos ou falar co conselleiro —tampouco estaría de máis— para que os reciba.

Indo á cuestión desta iniciativa, señorías, hai un ano, milleiros de mulleres galegas fomos protagonistas dun fito histórico. O feminismo galego impulsaba unha mobilización sen precedentes, absolutamente diferente a calquera iniciativa social anterior, primeiro, por interpelar as mulleres como suxeitos políticos, segundo, por ser internacional e, terceiro, por transcender tamén dunha forma pioneira o ámbito do traballo. Houbo unha folga laboral, si, pero tamén se puxo o foco noutros ámbitos que sosteñen o mundo e a economía grazas ao sobreesforzo das mulleres; dous ámbitos que dependen fundamentalmente de nós e que son constantemente invisibilizados polo neoliberalismo e o patriarcado: a esfera do consumo e a esfera dos coidados. Hai un ano fixemos historia, e eu estou convencida de que este próximo domingo en Lugo e de que o vindeiro 8 de marzo as mulleres galegas imos volver facer historia, porque o feminismo é imparable. (*Aplausos.*)

Estamos a vivir un cambio social e de mentalidade importante, e debemos seguir impulsándoo, malia o intento de reapropiación do propio sistema e tamén dos opoñentes á folga xa o mesmo día, que viron o seu éxito, que superou todo tipo de expectativas. Sabemos que malia todo iso a mensaxe quedou clara, e que a quen nos pide calma nós dicímoslle que non temos calma, que temos présa, porque estamos fartas.

E como era de esperar, despois deste cuestionamento tan grande do sistema patriarcal, houbo un intento de rearme dese patriarcado; un rearme de posicións contrarias á igualdade e que disfrazadas dunha falsa modernidade agochan simplemente un neomachismo que busca pasos atrás. Iso explícase tamén nun contexto internacional do ascenso do fascismo, onde vimos como, por exemplo, as mulleres arxentinas non eran quen de ver unha cesión



para conseguir o seu dereito ao aborto; vimos cada día as mulleres do Brasil loitando contra o totalitarismo de Bolsonaro, e moitos outros movementos ao longo do mundo.

Pero sería moi petulante pensar que nós estamos exentas de problemas semellantes e que non estamos vivindo tamén aquí, en Galiza e no Estado, un rearme desas posicións machistas. E abonda recordar o que nos ensinaron quen estivo antes ca nós aquí, como Simone de Beauvoir, que nos advertía que non deberíamos esquecer que bastaría unha crise, política, económica ou relixiosa, para que os nosos dereitos voltaran ser cuestionados. Ela mesma nos advertía de que debiamos de estar vixiantes, e as feministas deste país estamos vixiantes. Estámolo porque vivimos ás nosas costas unha década de recesión que pagamos co noso sobreesforzo; vivimos como tamén a presunta recuperación non trouxo unha corrección desa desigualdade, e vemos tamén como diante dunha ralentización da economía imos ser nós tamén quen paguemos as consecuencias. Igual que pagamos as consecuencias dun réxime do 78 en crise que usa a igualdade como floreiro para prometer, prometer eternamente, como as cuestións que vimos no pacto de Estado, e despois non responder.

Por iso, porque estamos vixiantes e porque somos conscientes imos volver á folga este 8 de marzo, para lanzar unha advertencia de que non estamos dispostas a permitir nin un só retroceso nos nosos dereitos; para denunciar que a igualdade está lexislada pero non chega á vida real; para non permitir que teñamos que escoitar líderes do Partido Popular dicindo que a violencia machista é violencia doméstica, e retrotraéndonos a décadas anteriores, ou que quen maltrata simplemente non se está portando ben, dulcificando así este problema social. E para non permitir tampouco que se nos obxectualice, que se nos infantilice, que se nos diga que non sabemos que levamos dentro. Porque, realmente, sabemos que o machismo e a ignorancia deberían volver a unha caverna da que eran mellor que non saíran nunca. *(Aplausos.)*

Imos tamén á folga para recordarlles que cos nosos corpos, as nosas decisións, non hai nada, vencemos a ofensiva de Gallardón. E as mulleres deste país imos vencer a ofensiva dese tridente de Feijóo, Rivera e Casado; ímoslles dicir ben alto e claro que nin dereitos atrás en materia do aborto, nin tampouco permisividade co tráfico de nenos e nenas nos ventres de alugueiro. *(Aplausos.)*

Un ano despois deste 8 de marzo, desde o BNG traemos esta iniciativa porque entendemos que toca tamén facer balance, facer balance de onde chegamos neste tempo. E nós, ademais, nesta cámara soberana do pobo galego temos unha responsabilidade, a responsabilidade de facernos unha pregunta: ¿respondeu o Goberno galego as exixencias das mulleres galegas na rúa?, ¿respondeu? Nós temos bastante claro que non, que un ano despois o resultado da avaliación é un suspenso; no exame de igualdade, o Goberno de Núñez Feijóo suspende.

Primeiro, vémosto na actitude constante e reincidente de boicot e criminalización. Hai un ano escoitabamos iso de que non había nada máis machista que a folga feminista, escoitamos día e noite descualificacións e demais. E é curioso como molesta máis unha xornada en séculos de invisibilización, de mobilización e protagonismo das mulleres, e non molesta tanto esa desigualdade.

E pasada a folga parecía que corruxían un pouco, que disimulaban un pouco o seu discurso, pero o certo é que vemos como non só nin hoxe nin agora vemos unha desculpa por esas



sentenzas absolutamente vergoñentas, onde se ve a actitude maliciosa literalmente do Goberno galego en canto ao dereito á folga, senón que reinciden, porque hoxe mesmo hai denuncias das forzas sindicais diante dos abusivos servizos mínimos que se están a impoñer, porque non aprenderon, (*Aplausos.*) Non aprenderon, pero eu xa lles digo que as traballadoras deste país van ir á folga, gústelle ou non ao Partido Popular, e van ir á folga porque sobran os motivos.

Se pensamos, por exemplo, no ámbito dos coidados, é obvio como a maior capacidade económica da Xunta de Galiza non se traduciu nun esforzo nos servizos públicos para a conciliación e tamén para a dependencia, senón que iso segue recaendo no lombo das mulleres. Hoxe no noso país hai sete veces máis mulleres que homes que declaran non buscar emprego por estar empregando o seu tempo nas tarefas dos coidados. Unha fenda que aumentou no Goberno da década Feijóo. Porque quince anos despois de promulgar a Lei de igualdade é aínda ciencia ficción eses artigos referentes á conciliación.

No ámbito laboral, pois vemos tamén máis do mesmo. Temos unha fenda salarial que na teoría é ilegal, pero aínda así as traballadoras galegas cobramos de media máis de catro mil euros menos ao ano que os homes, e se imos á fenda do Estado, máis de mil euros ao ano. Porque temos esa fenda de xénero, pero tamén temos a fenda que provoca un Goberno que asume un papel subordinado e que non exerce o poder político deste país.

E a fenda salarial é esa, é o grande exemplo desa distopía entre o que di as leis e o que di a realidade. E iso non se arranxa con lazos morados senón con compromisos. E o balance para o Estado e para a Xunta de Galicia é bastante lamentable. Non temos nin a reforma laboral derogada, nin temos esa lei de igualdade salarial, que votamos tropecentas veces neste parlamento a favor e que as forzas estatais non converteron nunha prioridade, nin temos tampouco nin unha soa alternativa sobre a mesa por parte do Goberno popular.

E a realidade que hai despois fóra é que precisamente temos unha feminización da pobreza e que unha de cada catro mulleres estean no limiar da liña da pobreza no último ano ou que case o sesenta por cento das preceptoras da Risga sexan mulleres; precisamente, porque este marco laboral nos empobrece. É a consecuencia lóxica dun liberalismo depredador nas relacións laborais que nos deixa cifras escandalosas.

Podería estar toda a miña intervención dando cifras pero só vou escoller unha. No último ano, no 2018, houbo case cen mil asalariadas que nin sequera chegaron á metade do SMI —do vello SMI, 700 euros—, case cen mil traballadoras deste país. Esa é case a poboación que temos na cidade de Ourense. Cen mil mulleres condenadas á pobreza por este sistema económico e laboral.

E desde o BNG non nos conformamos con este panorama, non nos conformamos con esta brutal taxa de temporalidade, non nos conformamos con liderar tampouco os números en canto á xornada parcial e tantos outros exemplos que eu podería poñer enriba da mesa. Con este panorama tampouco nos conformamos cos pasos que estamos dando contra a violencia machista, porque, como vimos neste último ano, a axenda política da violencia machista redúcese ao ritualismo de nomear repetidamente un pacto de Estado que ás mu-



lles galegas nos serve de máis ben pouco, porque foi incapaz o Estado de impulsar aqueles cambios legislativos que eran relevantes para nós. Coa excepción da cuestión das pensións de orfandade para os nenos e nenas vítimas de violencia machista, pouco temos avanzado nese panorama. E, mentres, pois temos un Goberno galego que usa iso de coartada para seguir xustificando que lle parece moito destinar un de cada cen euros á violencia machista. Desde logo, temos moito máis por facer, e se o Estado non avanza temos que facelo desde Galiza.

Polo tanto, para nós o balance é un suspenso e hoxe convidamos a que a Xunta de Galiza rectifique, porque a verdade é que vai na dirección contraria. Eu quedei hoxe escandalizada cando vin o convite institucional, o acto que convoca a Secretaría Xeral de Igualdade, que convoca directamente o presidente da Xunta de Galiza para o vindeiro 7 de marzo, onde o título é: «Mulleres pedindo permiso». Eu xa lles digo: nin calma nin permiso; as mulleres deste país nin calma nin permiso. *(Aplausos.)*

Remato xa cunha última reflexión. Nós, desde o BNG, entendemos que é hora de romper con iso que a filósofa Melia Baltar chamou «espellismo da igualdade». Somos conscientes de que temos avanzado moito nas últimas décadas, pero non é suficiente, non debe valer para conformarnos, porque sabemos que o patriarcado é camaleónico e que a mixiosinia segue estando aí. Polo tanto, hoxe queremos dúas cuestións desta cámara: primeiro, manifestar o noso recoñecemento e apoio ao feminismo galego, que é quen aí fóra nas rúas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...fai que impulemos políticas para mellorar as nosas vidas, que apoiemos esa folga e que reprobamos a Xunta de Galiza pola súa actitude no pasado 2018 por continuar na mesma actitude, e que lle exixamos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...unha rectificación desas políticas que están a contribuír á discriminación das mulleres neste país.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

O Partido Socialista quere as mulleres empoderadas, quereas capaces, quereas libres e quereas iguais. Querémonos e reivindicámonos como iguais, este 8 de marzo e sempre. *(Aplausos.)*



A verdade é que desde o Grupo Socialista se apostásemos logo da celebración do 8 de marzo do pasado ano que sería precisa unha iniciativa coma esta este ano, sinceramente, eu apostaría a que non. Creríamos, sen dúbida, que o grupo de goberno o ano pasado, reticente a involucrarse nos paros e nas folgas, tería tan interiorizada a mensaxe que sería o primeiro en practicar durante todo o ano desde a exemplaridade das súas medidas, pero tamén das súas accións, o seu compromiso co 8 de marzo.

A realidade é que non foi así. Porque a realidade é que, cando parecera que a mensaxe das mulleres fora entendida, veu o señor Casado, abriu a boca unha e outra vez e tirou todo por terra. E nun último acto de *mansplaining* insoportablemente machista atrévese a informarnos ás mulleres sobre o que leva consigo estar embarazada. E este é só o último de moitos e variados insultos á dignidade das mulleres, recruados especialmente nos últimos tempos.

Por iso, desde o noso grupo aplaudimos esta iniciativa, que outrora nun mundo que criamos que se achega á sensatez e á coherencia considerariamos superflua, pero que hoxe no momento político no que parece que as ideoloxías se destapan xa sen pudor ten todo o sentido.

O Grupo Parlamentario Socialista apostou e aposta pola defensa dos dereitos á liberdade e á seguridade das mulleres. Sabemos que as políticas públicas de igualdade son un instrumento para mellorar, non só a vida das mulleres senón de toda a cidadanía, porque cando avanza as mulleres avanza a sociedade e a democracia.

Non poderá haber verdadeira transformación se non se conta de maneira esencial coas mulleres, coa súa participación e coa súa contribución. Por iso, e coa igualdade como alicerce, as e os socialistas abandeiramos medidas en prol da igualdade e acompañamos, por suposto, o movemento feminista en todas as conquistas para as mulleres en España.

Desde o pasado mes de xuño demostramos recoller ese espírito do 8-M e situamos desde o Goberno do Estado a igualdade como un asunto transversal na axenda política; un Goberno que a defende afianzando os avances logrados, fronte aquelas posicións políticas que pretenden eliminalos. E reafírmase na necesidade de seguir desenvolvendo políticas feministas desde todos os ministerios. A discriminación das mulleres dáse en todos os ámbitos; entre eles, no laboral, onde se produce unha das maiores desigualdades que viven as mulleres. Para loitar contra a fenda salarial, a precariedade e a discriminación no acceso ao emprego e á promoción profesional, o Goberno impulsou unha Proposición de lei de igualdade laboral, que contribuirá a erradicarlas.

Na desigualdade entre sexos está realmente a raíz da violencia de xénero, que no noso país acabou coa vida de 984 mulleres desde o 2003, ano no que se comezan a contabilizar os asasinatos machistas. E para acabar con elas son necesarios instrumentos específicos como a Lei de violencia de xénero, pioneira en Europa. Tentar confundila a estas alturas coa doméstica, como fixo o señor Casado, é devolvela ao espazo privado, invisibilizando o seu carácter machista. (*Aplausos.*)

E como para este goberno a violencia de xénero é un dos principais problemas do noso país, puxo en marcha tamén o Pacto contra a violencia de xénero como unha prioridade, que se



plasmou no Real decreto lei de medidas urxentes aprobado o pasado 3 de agosto, e que inclúe importantes melloras respecto da situación das vítimas e dos seus fillos e fillas.

E desde entón aprobouse tamén unha Lei para a formación e perspectiva de xénero dos operadores xurídicos, e trabállase tamén nunha lei que aborda a prostitución e a explotación sexual de maneira integral, seguindo o modelo abolicionista de países como Suecia.

As mulleres teñen que elixir a súa maternidade libremente. Por iso non permitiremos que se poña en risco o dereito ao aborto. En resposta a isto, o Goberno devolveu a todas as mulleres o acceso á reprodución asistida, independentemente da súa orientación sexual ou o seu estado civil.

O Partido Socialista rexeita —como onte deixamos claro— os ventres de alugueiro, porque socava os dereitos das mulleres, (*Aplausos.*) en especial das máis vulnerables, mercantilizando os seus corpos e as súas funcións reprodutivas. Por iso posicionámonos tamén na persecución ás axencias que ofrecen cada ano a centos de familias españolas esta práctica, prohibida no noso país.

Avanzar cara á igualdade é, por tanto, unha responsabilidade que nos interpela individualmente e como sociedade. Por todo isto, por todo o avanzado e por todo o que resta por avanzar, o Grupo Socialista apoia esta iniciativa de folga e paros propostos polo movemento feminista e os dous sindicatos maioritarios de UXT e Comisión Obreiras para o día 8 de marzo, e vaise posicionar clara e nitidamente a favor desta iniciativa hoxe traída a este parlamento e que vai apoiar sen reparos. Algo que esperamos que faga tamén o grupo de goberno.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Nós por suposto que imos apoiar esta iniciativa. Xa se mencionou aquí que temos máis de mil razóns para ir á folga feminista; as desigualdades e as violencias atravesan e ocupan a nosa vida en todos os espazos, incluso no noso propio corpo, no traballo, na casa, na escola, nos medios de comunicación, tamén na vida política con múltiples formas. Queremos tamén evidenciar que moitas veces cando falamos de violencia pomos o foco nas máis cruentas, nas máis visibles, que son, por suposto, os asasinatos, pero tamén día a día temos que convivir as mulleres con outras formas moito máis sutís, que moitas veces pasan como normalizadas, e que son, por exemplo, o paternalismo e a condescendencia. E contra todas elas, dende as máis visibles ata esas que están demasiado normalizadas na nosa vida, sairemos as mulleres o próximo 8 de marzo.

Pasaron doce anos da aprobación dunha lexislación moi avanzada en igualdade, como foi a lei galega do ano 2007, e temos que dicir que o problema é que esta lexislación non se cum-



pre. Por suposto, hai artigos desta lexislación que hai que adaptar á realidade actual, tamén hai que desenvolver algúns, e niso estaremos traballando, pero o problema fundamental é que moitos destes artigos que están ben na propia lexislación non se están cumprindo. Igual que moitas declaracións que saíron deste parlamento, iniciativas que foron aprobadas neste parlamento. E isto é impensable se falamos doutras materias. Se falamos doutras materias, o Goberno pon toda a súa forza para que se cumpra a lexislación. ¿Por que cando falamos de igualdade hai este desleixo, esta despreocupación, e pode estar incumpríndose reiteradamente a propia lexislación? Hai un exemplo moi evidente, que é se falamos da linguaxe non sexista. Ben, pois só hai que pasearse por moitos centros públicos, incluso para ver que esa linguaxe sexista segue presente, incluso dentro da propia administración.

Nós cremos que esta é unha cuestión de vontade política, porque —como digo— con outras cuestións, con outras materias a lexislación cúmprese de maneira estrita, non hai nunca esta dobre vara de medir. Tamén o demostran as políticas públicas que se foron implementando nos últimos anos, que nos fixeron ás mulleres retroceder en moitos dereitos, e tamén os orzamentos.

Tamén —e temos que dicilo— que ogallá esta proposición non de lei non fora necesaria. Porque pedirle a un goberno que apoie o movemento tan masivo das mulleres e que non poña trabas a unha folga feminista, a un dereito fundamental como é o dereito á folga, pois non debería ser necesario traer a este parlamento. Pero sabemos, a pesar de que o presidente minta, que a Xunta vulnerou este dereito fundamental, e non é unha opinión, nin é unha interpretación, é unha cuestión que pasou, e ademais as sentenzas están á vista de todos.

Despois quería dedicar un minuto da miña intervención para falar de dúas cuestións que mencionou hoxe o presidente, porque me parecen insultantes:

A primeira foi que dixo que a oposición nunca propón nada nesta materia, que só critica. Eu diríalles que revisaran a hemeroteca e que viran a cantidade de iniciativas sobre permisos de paternidade e maternidade, sobre violencias sexuais, sobre xulgados de violencia, sobre dereitos sexuais e reprodutivos que vetou o Partido Popular neste parlamento, tanto do noso Grupo Parlamentario de En Marea como no resto dos grupos da oposición. Entón, non imos permitir que quen está bloqueando e quen ademais está amparando a un líder do seu partido que está dicindo semana tras semana comentarios machistas, que eu non sei por que teñen tanto medo a dicir; é que ou se desmarcan deses comentarios ou están amparando comentarios que son directamente machistas. Non son erros, eu creo que hai unha opinión política do que se quere dicir. Non creo que o señor Casado teña despistes todas as semanas: violencia doméstica, a ver se as mulleres... Que veña un home dicirnos que as mulleres temos que saber o que levamos na barriga, eu xa non sei que palabras hai para describir iso, porque iso foi o que dixo o señor Casado. E a min gustaríame preguntarlles se vostedes concordan con esas declaracións, se concordan con que falar de pensións e falar do dereito ao aborto ten algún sentido vincular eses debates.

Despois tamén falou de todas as mulleres que están empregadas no día de hoxe, que son moitas e que temos que estar moi contentas. E eu pregúntome por que cando fala de emprego e de mulleres non fala da fenda salarial, que é a máis alta dos últimos anos; por que non fala



do traballo precario que realizan as mulleres; por que non fala da imposibilidade de conciliación. É un insulto que o Partido Popular fale de políticas de conciliación, porque nos últimos anos o único que fixeron foi recortar prestacións en sanidade, en servizos sociais, en dependencia, que, obviamente, o único que fixeron foi sobrecargar as mulleres destes traballos. Entón, nós dicímoslle que fale de todo isto, que fale da situación laboral de moitas mulleres e que fale das mulleres que traballan vinte e catro horas ao día, porque hai mulleres que traballan fóra da casa, con moitas peores condicións que os homes, e que cando chegan á casa a maioría teñen que seguir traballando de maneira gratuíta durante outras cantas horas.

Ben, pois entón fagan algo, porque vostedes bloquearon, por exemplo, unha proposta de lei para equiparar os permisos de paternidade e maternidade, que era unha proposta que o único que buscaba era cambiar tamén os propios roles, que non teñamos que ser nós as que nos dediquemos ao coidado dende o nacemento das crianzas, que se equipare progresivamente e que os homes vaian adquirindo tarefas de conciliación.

Nós cremos que queda demasiado por avanzar. Hai que falar de igualdade, e por suposto no 8 de marzo, pero todo o ano. A perspectiva feminista non é unha cuestión á marxe, non pode ser un estanco do que se fale só en determinadas ocasións. A perspectiva feminista afecta todos os ámbitos da vida: o ensino, a sanidade, o emprego, absolutamente todo. Cada vez que falamos, cada vez que hai unha iniciativa neste parlamento, todas as deputadas e todos os deputados temos que ter presente que a perspectiva feminista debe estar incorporada en absolutamente todas as nosas propostas.

E xa remato: o 8 de marzo eu creo que as mulleres imos volver a dar unha lección, imos amosar a nosa forza, e esperamos que o Partido Popular este ano non volva facer o que fixo o ano pasado, que foi unicamente pór trabas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Señorías.

«O Parlamento de Galicia, con motivo do Día Internacional da Muller, que se conmemora o día 8 de marzo, quere manifestar que a defensa da igualdade ten que superar as diferenzas partidistas e amosar o seu firme compromiso coa erradicación de calquera tipo de discriminación ou desigualdade de xénero que atravesase a vida das mulleres en todos os ámbitos, con diversas formas e a través de múltiples mecanismos que impiden acadar unha igualdade plena entre homes e mulleres.

O Parlamento de Galicia asume o compromiso de seguir loitando para acadar a igualdade real, conseguir unha sociedade máis xusta e alcanzar a igualdade plena en todos os ámbitos: na empregabilidade, no acceso ao mercado laboral, en igualdade de oportunidades, na remuneración salarial e na eliminación do teito de cristal, e na defensa de conciliación e a corresponsabilidade no coidado dos fillos e fillas e das persoas maiores.



Son moitos os avances que temos conseguido, pero aínda non acadamos a completa igualdade de xénero. En particular, cómpre seguir traballando na erradicación da violencia que se exerce contra as mulleres, e por iso é preciso seguir articulando máis medidas, máis recursos e máis conciliación.

O Parlamento de Galicia manifesta a súa total adhesión aos obxectivos que sempre se teñen perseguido na celebración do 8 de marzo e o seu completo apoio a todas as persoas que decidan participar nos actos reivindicativos que terán lugar ese día contra todas as formas de discriminación e en defensa da igualdade plena entre homes e mulleres. E lembra que só dende a unidade de acción política podemos seguir avanzando e contribuiremos á igualdade real e efectiva dos dereitos de mulleres e homes.»

Este é o texto dun borrador dunha declaración institucional que se pasou aos grupos parlamentarios. E o Bloque Nacionalista Galego foi o grupo que rexeitou totalmente aprobar este acordo de mínimos. ¿Por que? Porque quería que se votara a súa proposta de resolución de hoxe. ¿E que plantexa hoxe na súa proposta de resolución? O Bloque Nacionalista Galego quere que votemos unha reprobación á Xunta de Galicia, exixirlle unha rectificación das súas políticas por contribuír á permanencia da desigualdade.

Non, señorías, nós non compartimos ese plantexamento. E non podemos votar a favor desa proposta, xa que todo o contrario: a Xunta está loitando con máis medios e con máis recursos contra a desigualdade. Este era un acordo de mínimos, afastado de plantexamentos partidistas, que vostedes os do Bloque Nacionalista Galego non quixeron nin sequera negociar.

O señor Feijóo, señora Quinteiro, pide propostas, e pide propostas nas preguntas ao presidente, e non falar de narcotráfico nunha pregunta de igualdade. A proposta de equiparar os permisos de paternidade e maternidade foi aprobada por unanimidade de todos os grupos da Cámara, foi elevada ao Congreso dos Deputados, e alí goberna o Partido Socialista en coalición con Podemos, que vostede forma parte de Podemos. Pídalles logo aos seus compañeiros en Madrid que fagan os deberes.

A Xunta de Galicia incrementou exponencialmente os orzamentos destinados á igualdade. E por moito que repitan esa mentira non se vai converter en verdade, señora Presas. Porque vostede sabe que cando vostedes gobernaban tiñan as escolas infantís incluídas no orzamento de Igualdade, e se quitamos as escolas infantís, e logo tamén lle digo o que se incrementou, que se multiplicaron por dous os recursos para escolas infantís, no programa 313D, que ese é o que hai que comparar: en 2009 había 2,8 millóns, hoxe hai 5,4 millóns de euros; en escolas infantís pasamos de 2,9 millóns no 2009 a 11,5 millóns en 2018; o cheque infantil pasou de 1,7 millóns no 2009 a 23,9 millóns no 2018; o mantemento de escolas infantís do Consorcio pasou de 25,6 a 38,3; en programas de educación familiar, de 1,1 a 2,6 millóns. Temos aprobado un Plan galego de conciliación e corresponsabilidade para catro anos, 2018-2021, dotado con 848 millóns de euros, a máis de douscentos millóns de euros por ano. ¿E vostedes veñen a dicir que non cumprimos o 1 %? O 1 % sobrepásase, señorías, sobrepásase.

Galicia é a segunda comunidade autónoma onde medrou máis o salario das mulleres. Galicia ten o orzamento de igualdade máis alto da historia de Galicia. Todos, absolutamente todos, os indicadores de igualdade están por riba. ¿Queda marxe de mellora? ¡Por suposto que queda marxe de mellora? Agora, reprobando, como queren vostedes, non imos conseguir nada.



Quedan cousas por facer. Hai que seguir traballando en defensa da conciliación, loitando pola empregabilidade das mulleres, por eliminar o *mobbing* maternal, por eliminar o acoso sexual no traballo, por eliminar as agresións sexuais ás mulleres e calquera tipo de violencia. Eses son os obxectivos da folga do 8 de marzo, e nós, o Grupo Popular e o Partido Popular, manifestamos a nosa adhesión a eses obxectivos. E apoiamos a todas as persoas que decidan participar nos actos reivindicativos que terán lugar o 8 de marzo contra todas as formas de discriminación e nos que nós tamén participaremos.

Todos os partidos políticos somos responsables dos avances que hai en materia de igualdade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...pero tamén todos somos responsables dos obxectivos que quedan por cumprir, porque todos gobernamos nalgunha administración. Porque vostedes —o Bloque Nacionalista Galego— tamén gobernan en concellos e nas deputacións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: E as Mareas de Podemos, en concellos. Lémbrolle, señora Quintero, que Compostela Aberta segue incumprindo co persoal do Centro de Información á Muller. Volveu ter o Centro de Información á Muller sen psicóloga.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ¿Queremos reprobar? Podemos reprobar. Nós pensamos que hai que seguir avanzando e seguir traballando en positivo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...seguir cumprindo estes obxectivos e seguir traballando e facendo propostas en favor da igualdade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: As reprobacións, señorías, non serven de nada.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: As reivindicacións, todas. E con eses obxectivos van estar con nós. Agora, reprobando...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...o que non é de recibo, non. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.



Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Por suposto, señora Prado, que o Bloque Nacionalista Galego non vai saír nunha foto de declaración institucional co Partido Popular mentres continúa incumprindo a Lei de igualdade e a Lei de violencia machista. (*Aplausos.*) Porque precisamente para o que nos escolleron os galegos e galegas ao BNG non é para as fotos rituais do 8 de marzo, é para cuestionarnos por que tras décadas e anos de celebracións seguimos cos mesmos índices de desigualdade. Para iso nos escolleron, non para vir aquí aturar os seus filibusteirismos parlamentarios, porque é así como se lle chama a impulsar unha declaración institucional por este motivo unha vez que se sabe que o Bloque Nacionalista Galego incorpora esta iniciativa á orde do día. (*Aplausos.*) Si, si... E se En Marea quería esa foto co Partido Popular, pois moi ben, pero nós, desde logo, non a imos permitir. Nós non imos branquear o Partido Popular mentres incumpra co que ten que facer, señora Prado. (*Aplausos.*) Non lle imos lavar a cara mentres despois a realidade é que vostedes non están a exercer o seu poder político para acabar coas discriminacións sobre as mulleres.

Porque, efectivamente, esta folga ten un carácter eminentemente político. Porque é política cuestionar o patriarcado, porque é política cuestionar o sistema económico e social. (*Aplausos.*) ¡Claro que si! (*Aplausos.*) E nós reivindicamos esa política, ¡claro que si! E non imos regalarlles esa foto mentres lles pareza moito 1 de cada 100 euros especificamente para a violencia machista, señora Prado. Porque detrás da foto e detrás deses lazos morados —que quedan moi ben nas lapelas dos presidentes de goberno no día 8 de marzo e no 25 de novembro—, detrás diso, está o mundo real onde temos que o 95 % dos contratos a nome de mulleres no pasado ano foron temporais, onde temos que case a metade dos contratos rexistrados a nome de mulleres duraron menos dun mes no ano 2018 e un longo etcétera. Porque detrás desa política-ficción, que non consegue que a fenda salarial, por ser legal, non sexa real. Pois temos que no noso país as traballadoras teñen unha fenda por riba do 21 % e as pensionistas unha fenda por riba do 36 %. Esa é a consecuencia desa alianza criminal entre patriarcado, sistema económico e inoperancia política. Nós, desde logo, estamos contra todas esas cuestións, estamos afastadas do conformismo. E sería conformismo vir aquí conformarse cunha declaración institucional cando esta é a Cámara do pobo galego e podemos impulsar hoxe mesmo iniciativas que aposten por un futuro diferente.

Aí terannos, porque tamén hai que facer balance. Pídense reiteradamente propostas. E eu teño que volver recordar que, só no último ano, a dúas leis feministas impulsadas por parte do Bloque Nacionalista Galego o Partido Popular dixo «non». A única cuestión á que dixeron «si» —avanzamos—, foi que dixeron «si» a ampliar as axudas á violencia machista recuperando un tramo que vostedes se cargaran en 2009.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: É certo, non é verdade. O tramo que tiña o Bipartito era máis amplo aínda, e non puidemos chegar a esa amplitude. Pero, cando menos, as mulleres que non son multimillonarias e teñan máis do 1,5 % do IPREM, grazas ao impulso político do BNG...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...poderán acudir a esas axudas pola violencia machista.

Remato, señorías. Alá as consciencias de cadaquén, pero, desde logo, o BNG ten claro que este domingo e este 8 de marzo estará na rúa co feminismo galego apoiando a súa mobilización social, que é quen realmente impide que neste país o Partido Popular de Galiza...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...non se atreva a manifestar máis retrocesos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...dos retrocesos aos que xa nos teñen levado.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar as condicións das traballadoras de servizos no fogar e solicitar do Goberno de España a inclusión destas no réxime xeral da Seguridade Social e no Estatuto do traballador, así como que se asine o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marián García Míguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1) Abrir unha mesa de diálogo coas organizacións do sector de traballadoras do Servizos do fogar co fin de mellorar as actuais condicións laborais destas e avaliar o cumprimento da lexislación vixente.

2) A instar o Goberno de España a:

2.1. Homologar ás traballadoras de servizos no fogar co resto de persoas traballadoras de Réxime Xeral da Seguridade Social e no Estatuto do Traballador, segundo as conclusións que resulten do diálogo cos interlocutores sociais, sen poñer en risco o emprego declarado.



2.2. Asinar o Convenio 189 da OIT de cara a garantir unhas condicións de traballo dignas.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 45754).

Emenda de modificación.

Na parte resolutiva da iniciativa débese modificar o punto 3.1, que terá o seguinte contido:

«1. Trasladar aos grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados, a necesidade de transformar a relación laboral de carácter especial das empregadas no fogar, en traballadoras por conta allea con plenos dereitos, coa súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social e no Estatuto dos traballadores.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Quintero Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas.

Vou dedicar só un minuto ao debate anterior para explicar que nós presentamos unha declaración institucional de apoio á folga feminista e non houbo ningunha resposta. Entón... (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Un texto alternativo que non tiña nada que ver. (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Non, ese texto alternativo xa o coñezo. Pero non diga que é unha contraproposta. (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Prado, silencio. (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

Os temas xa están debatidos. (Murmurios.)

Silencio.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Bueno, a nós esa non nos parece unha resposta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

Continúe vostede.



A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Bueno, vale.

E hai un segundo apunte que quería facer. Parécenos ben —e non sei se cambiaron de opinión, pero aquí a Xunta ten competencias para falar dos permisos de paternidade e maternidade— e presentamos unha proposta de lei e votaron en contra. E agora veu falar do Congreso. Se cambiaron de opinión, non temos ningún problema en volver traela e a ver se, coas súas competencias —se cambiaron de opinión—, agora aceptan que estes permisos sexan iguais e intransferibles.

E xa indo á cuestión, o primeiro que temos que dicir é que oxalá non tiveramos que traer esta iniciativa, oxalá non tiveramos que estar tendo este debate. Porque é lamentable que na actualidade teñamos que estar exixindo condicións tan básicas como as que facemos nesta proposición non de lei. A situación na que están as traballadoras do fogar é inaceptable. Viven unha realidade marcada pola precariedade, polos baixos salarios, pola invisibilidade, pola discriminación constante e pola explotación.

O 8 de marzo no ano 2018 —e este ano volverá ser así— xa se visibilizaron xustamente os dereitos que estas traballadoras reclamaban. E tamén se volveu sacar á luz todo ese traballo que permanece oculto, o traballo de coidados, que é oculto e é invisible, tanto o que se fai de maneira gratuíta como o que se fai de maneira remunerada, de maneira precaria. Parece que hai traballos que só se ven cando non se fan. É a única maneira de visibilizarse. E este é un deses traballos que, como digo, permanecen invisibles. As mulleres dedicamos moitas horas a fregar, a cociñar, a limpar, a coidar..., moitas horas de traballo gratuíta e tamén moitas horas de traballo moi mal pagado. E a razón xustamente de que este sector estea atravesado pola precariedade máis absoluta é que é un traballo feito por nós, polas mulleres, que está totalmente menosprezado. E en realidade a este traballo deberíamos darlle o valor que ten porque é imprescindible para o propio sostemento da vida.

Falamos de que algo máis de 26.000 persoas —o 95 %, aproximadamente, mulleres— están inscritas legalmente en Galicia no réxime especial para empregadas do fogar da Seguridade Social. Pero estes datos non recollen a realidade, nin moito menos. Calcúlase, por datos non oficiais, que aproximadamente 70.000 mulleres se dedican laboralmente no noso país a este traballo. E o problema é que esta cifra só é un dato aproximado, que non podemos coñecer de maneira fiel á realidade porque é un sector onde se carece de estudos en profundidade que nos digan como está este traballo. Por iso xustamente unha das nosas propostas é que se avalíe o que está acontecendo. ¿Cantas mulleres traballan realmente neste sector? ¿Canto cobran estas mulleres? ¿Cantas están aseguradas? ¿Cantas non están aseguradas? ¿Cantas son internas?

E voume deter uns segundos para falar desta realidade. Para min esta realidade das internas é algo co que debería rematarse por completo. É unha situación de semiescravidade ou de escravitude. Non é admisible que haxa mulleres que se dediquen 24 horas ao día sen descanso a facer múltiples tarefas. Porque este é un dos problemas, dedícanse a limpar, a atender a casa. Pero moitas veces dedícanse tamén ao coidado de persoas, tanto de crianzas coma de persoas maiores, sen que exista unha remuneración maior; moitas veces mulleres que viven 24 horas —como digo— encerradas na mesma casa.



E eu dígolles que poden facer unha investigación, poden buscar nos anuncios de emprego, poden chamar a algúns destes anuncios sobre o salario que cobran moitas destas mulleres. Só por darlles dous exemplos: traballo de xornada de máis de 40 horas semanais, 550 euros; traballo de 12 horas diarias, de 9 da noite a 9 da mañá, sen descanso. E á pregunta de cando se vai descansar —¿cada quince días, cada tres semanas?— a resposta é: Non, bueno, se necesitas algún día, puntualmente, poderás ter descanso.

Isto está acontecendo no noso país e, ante isto, hai que tomar as medidas necesarias. E o problema de non coñecer a realidade é que, como saben, moitas aínda non acceden a todos os dereitos, porque están sen contrato. Segundo a enquisa de poboación activa, no conxunto do Estado español 1 de cada 3 persoas no sector —segundo os últimos datos que coñecemos— continuaban nestes momentos na economía somerxida.

No 2011 déronse avances, dúas cuestións relevantes tiveron lugar. Por unha parte, a Organización Internacional do Traballo aprobaba o Convenio 189, un convenio que abría a porta a mellorar a situación das traballadoras domésticas. Xa son máis de vinte e cinco Estados os que se adheriron a este convenio. O Estado español prometeu en numerosas ocasións que se ía adherir, pero a día de hoxe aínda non o fixo. E, por outra parte, no ano 2011 tamén un Real decreto regulou por primeira vez a relación laboral de carácter especial do traballo no fogar. E o problema é xustamente que é especial, diferente, e que os avances —a pesar de que foron importantes e moitos— foron totalmente insuficientes. Hai moitas cuestións que quedaron pendentes con este decreto: o dereito ao seguro por desemprego, a non limitación da xornada laboral a 40 horas, o recoñecemento da realización das horas extra ou a exclusión da Lei de riscos laborais. Ademais, estas mulleres poden ser despedidas en calquera momento por perda de confianza, e a indemnización que cobran é moito menor que a que cobra calquera outro traballador ou traballadora asalariada: oito días menos —vinte días cobran o resto de traballadores, e elas cobran doce días por ano traballado—. Unha cuestión que é flagrante, unha desigualdade que non ten ningunha razón lóxica máis que a infravaloración constante do traballo que facemos as mulleres.

E o peor foi que retrocedemos. Non se acadaron todos os dereitos senón que retrocedemos. No ano 2012, coa chegada do Partido Popular ao Goberno limitouse aínda máis a normativa cun novo decreto que eximía os empregadores de dar de alta as empregadas que traballasen para eles menos de 60 horas ao mes. Pero non foi só este o ataque do Partido Popular a estas traballadoras. Recentemente, nos últimos proxectos de orzamentos xerais preséntase a emenda 6777, que é moi coñecida porque pedía que a postergación da equiparación ao réxime xeral, que estaba prevista para o ano 2019, se fixera ata o ano 2024. Para nós esta emenda é un insulto, amosa a pouca vontade que teñen de solucionar os problemas deste sector tan precarizado destas mulleres, e é unha burla para todas as mulleres que levaban agardando dende o ano 2011 ao ano 2019 para que se fixera esta equiparación. En todos eses anos non se fixo absolutamente nada para mellorar esta situación, e no ano 2018 pídesse que esta equiparación se postergue aínda máis, ata o ano 2024.

E a realidade cotiá que viven estas mulleres é que moitas non poden permitirse nin sequera enfermarse, non poden nin sequera permitirse non ir a traballar por estar enfermadas, non poden permitirse repouso ou incluso teñen medo a ser despedidas cando están embarazadas. Por-



que, á diferenza doutros traballadores e traballadoras, estas mulleres teñen as prestacións máis baixas, teñen menos dereitos que o resto de traballadores e, ademais, moitas non poden nin sequera reclamar que se cumpra a lei porque, como dicía, poderían ser vítimas deste despedimento, que, como dicía, ten moitísima menos indemnización, e ademais non terían dereito á prestación por desemprego.

A historia destas traballadoras está marcada polas promesas. Levan moitísimos anos escoitando promesas de todo o que se vai facer, moitas demoras en pór en marcha reformas que deberían estar feitas dende hai moito tempo. Non é admisible que sigan esperando por estas reformas. A equiparación tense que facer de inmediato, non é admisible que se postergue absolutamente nin un día máis.

A ratificación do Convenio 189 tense que facer tamén de inmediato, xa debería estar feito. Non entendemos por que a día de hoxe non se asinou, pero, por suposto, agora nós temos que exixir que se faga canto antes porque a situación actual é de absoluta precariedade na vida laboral. E, por desgraza, tamén cando son pensionistas teñen unha situación malísima, as pensións máis paupérrimas de todos os sectores. Moitas mulleres teñen unhas pensións de miseria porque, obviamente, non poden cotizar polo completo. Entón, o que temos que facer é tomar en serio estas reivindicacións das mulleres, que están organizándose. Cando foi a emenda 6777, as mulleres deron unha lección e estiveron concentradas na porta do Congreso para tombar esta emenda, porque a solución é moi sinxela: tratar este emprego coma o resto de empregos, a igual traballo, igual salario. Non é admisible que, por ser mulleres, por ser un traballo que se leve infravalorando tantos anos, estas mulleres teñan menos dereitos. Son tarefas, como dicía, que sosteñen a vida. Hai que valoralo, hai que pagalo e hai que dotalo dos mesmos dereitos ca os do resto de traballadores e traballadoras. Hai moitísimas medidas que poden tomarse. Nós presentamos algunhas, as que consideramos máis urxentes, e agardamos que esta iniciativa sexa aprobada.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Coincidimos plenamente coa descrición feita pola portavoz de En Marea: segue a ser un traballo, o do servizo no fogar, infravalorado e con escasos dereitos laborais.

Durante este tempo, a indiferenza e o desinterese tanto por parte do Goberno de Mariano Rajoy coma do de Núñez Feijóo, xunto coa reforma laboral de 2012, favoreceron o retroceso dos dereitos laborais e impediron sistematicamente a súa extensión nun sector totalmente precarizado, sen a protección e a cobertura social que teñen outras actividades económicas



e, como ben se dixo aquí, sen dereito a desemprego nin cobertura de baleiros no cálculo das pensións nin cotizacións por salarios reais.

Do elevado número de altas na Seguridade Social das empregadas do fogar rexistrado en 2012 coa Lei de regularización do servizo doméstico —entón incorporáronse 7.170 traballadoras— pasouse a un descenso das afiliacións. Por iso claro que estamos de acordo e cremos que é moi necesario contar cun plan consensuado cos axentes sociais para reducir a precariedade laboral entre as empregadas do fogar en Galicia. E este grupo parlamentario, que non cambiou de opinión e posicionamento dependendo de quen governe en Madrid, estive-mos a pedir a ratificación do Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo e seguimos a pedilo a día de hoxe. *(Aplausos.)* O Convenio 189 sobre a equiparación do traballo doméstico foi asinado en 2011 e hoxe xa foi ratificado por máis de vinte e cinco países.

Pero cabe recordar que o 8 de maio de 2013, na Comisión de Emprego e Seguridade Social do Congreso dos Deputados, se aprobou por unanimidade unha emenda transaccional á proposición non de lei sobre a ratificación deste convenio. Volvo repetir, aprobouse en 2013 por unanimidade o compromiso, a pesar do cal o Goberno de España, o goberno de Mariano Rajoy, ata xuño de 2018, despois de máis de cinco anos desde este acordo, non foi quen de levalo á súa ratificación no Congreso.

Pero ademais do nulo compromiso do señor Rajoy coa mellora das condicións das traballadoras do sector do fogar, o Grupo Parlamentario Popular nesta Cámara tamén votou en contra de ratificar este convenio cando este Grupo Socialista o levou á Comisión 5ª. *(Aplausos.)* Nós, señorías, non mudamos de criterio, e estabamos a favor de ratificalo antes, cando gobernaba Mariano Rajoy, e seguimos a favor de ratificalo hoxe. Se agora están vostedes —porque o Partido Popular na súa emenda tamén solicita a ratificación deste convenio— é porque cren e entenden que é xusto e necesario firmalo. Pero sexamos coherentes, porque este compromiso de ratificación xa ía na Lei de orzamentos xerais de 2019 do Estado e vostedes votaron en contra. En vista de que o Goberno socialista ten a vontade de ratificar este Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo e que o Goberno do PP, o Goberno de Mariano Rajoy, en máis de cinco anos non foi quen de levar a súa ratificación ao Congreso dos Deputados, señorías do PP, téñeno ben doado se queren ratificar este Convenio 189. Voten o Partido Socialista nas vindeiras eleccións e o Goberno Socialista ratificará este convenio. *(Aplausos.)*

Hai que recordar que o executivo de Mariano Rajoy non avanzou cara a equiparación destes dereitos pese a que o ordenaba a reforma laboral deste tipo de emprego aprobada polo Goberno do señor Zapatero xusto antes de deixar o Goberno en 2011. A lei exixía crear un grupo de expertos para estudar a viabilidade da protección por desemprego para as empregadas do fogar no prazo dun mes dende a súa entrada en vigor, pero o Goberno de Mariano Rajoy nunca constituíu esta comisión.

Agora vén aquí o Grupo Popular tamén solicitando a inclusión do réxime especial de traballadoras do fogar no réxime xeral. Pero hai que ser ben hipócritas, cando o propio Partido Popular presentou unha emenda aos seus orzamentos xerais de 2018, que, coa emenda 6776, conseguiu coar nos orzamentos un retraso na integración destas traballadoras no réxime



xeral. Señorías do Partido Popular, mudan vostedes máis de opinión que os réptiles moitas veces de pel ou de cor.

Nós cremos necesario que se integre este réxime especial no réxime xeral, pero por iso presentamos na emenda que cremos necesario trasladar aos grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados a necesidade de transformar esa relación laboral de carácter especial...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—vou rematando, señor presidente— e a súa inclusión no réxime xeral. E cremos que esa necesidade debe trasladarse aos grupos parlamentarios, xa que son moitas e necesarias as modificacións lexislativas. E fanse aí, no Congreso dos Deputados, estas modificacións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Bos días, presidente, señorías.

Eu, señora Quinteiro, simplemente quero dicirlle, se coñece algunha empregada do fogar ou algún anuncio no que se fale ou se invite a ese traballo de semiescraitude, que o denuncie. Ten que denunciado se ten coñecemento de que algo así está a pasar no noso país, porque sería, dende logo, vergoñento que vostede non tomase medidas se ten coñecemento de que isto está a acontecer.

E que veña falar precisamente En Marea das pensións, da situación de precariedade das mulleres empregadas do fogar cando se xubilan, é curioso. Porque, despois de dous anos e medio de traballo na mesa de negociacións respecto do Pacto de Toledo, precisamente para mellorar as pensións das mulleres viúvas —maioritariamente son mulleres, como ben sabe— ou dos pensionistas que teñen as pensións máis baixas, vostedes foron os primeiros en romper este pacto de negociación sobre o Pacto de Toledo. Co cal, non veñan aquí a rasgarse as vestiduras, cando son os primeiros en poñer paus nas rodas.

Ben, para centrar a miña intervención, a pregunta é moi clara: ¿que estiveron facendo durante estes oito meses que están a gobernar —que están, porque aínda están a gobernar— co señor Pedro Sánchez? Puideron solucionar este tema e veñen ao Parlamento de Galicia a solicitar que ratifiquemos o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo para mellorar as condicións das empregadas do fogar, e tamén para derogar a relación laboral de carácter especial e incluír de xeito inmediato as traballadoras do servizo do fogar no réxime xeral da Seguridade Social. Eu preguntome o que están a facer no Goberno de España.



Dende logo, esta política hipócrita do buenismo xa non vende, xa ninguén llela compra. Non vai ser o Grupo Parlamentario Popular o que lle dea resposta a isto. Son os socios de goberno do PSOE os que preguntan, como a señora Yolanda Díaz —supoño que vostede terá coñecemento—. E hai unha resposta do Goberno no Congreso dos Deputados no mes de novembro e no mes de setembro, que respondía a esta inqueda que ten En Marea. Porque parece que ten que vir aquí a saber o que lles responden alí. Mire a resposta con respecto a esta petición que vostede fai é moi clara: «*Esa integración de lagunas surtirá efectos a partir del año 2023, momento en el que se procederá a la plena equiparación de este sistema especial con el resto de trabajadores encuadrados en el régimen general de la Seguridad Social*». Repítolle que é unha resposta do Partido Socialista a unha petición dos seus socios de goberno en Madrid.

E, respecto da ratificación do Convenio 189, tamén a resposta do seu Goberno é moi clara: «*Se ha puesto de manifiesto la existencia de posibles desajustes con el ordenamiento interno. Se ha considerado constituir un grupo de expertos para que se aborden las cuestiones expresadas que sean adecuadas al objetivo descrito*». Cito palabras textuais.

Dende logo, señorías, dende o Partido Popular imos votar que si a homologar as traballadoras do fogar co resto de traballadoras do réxime da Seguridade Social e do Estatuto do traballador, de aí a nosa emenda. E votamos tamén que si a abrir unha mesa de diálogo coas organizacións do sector para mellorar as condicións laborais e de vida das empregadas do fogar e cumprir o estatuto existente. E o Partido Popular tamén vai apoiar as empregadas do fogar ratificando o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo.

Deixo para o final, non por ser menos importante, o seu primeiro punto, a súa primeira petición: levar a cabo un estudo, que a Xunta de Galicia leve a cabo un estudo e, con base nese estudo, saber se ten que poñerse enriba da mesa e levar a cabo uns traballos de sensibilización precisamente para acabar con estes tópicos que teñen as empregadas do fogar, coma se fosen empregadas de terceira.

Mire, eu voules relatar todos os estudos, que non son poucos nin pouco pormenorizados, de todo o que hai:

Informe de Comisións Obreiras, do ano 2019 —recén saído do forno e que especificamente trata este tema—, *Romper la brecha salarial*. Tamén está o informe de UGT, de 2019 —tamén saído do forno—, *Reducir la brecha salarial, la prioridad*; o informe de Intermon Oxfam e do Laboratorio de Dereito Social do Instituto Universitario de Xénero da Universidade Carlos III, de Madrid, do ano 2018 —recoméndolle que o lea, porque é moi interesante—.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Vou rematando.

Hai un estudo sobre a presenza das mulleres no emprego irregular e teses de doutoramento da Universidade de Valladolid e da Universidade de Salamanca dignas de quitarnos o sombreiro; e tamén *A participación laboral das mulleres en España*, do Consello Económico e Social, deste país...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: ...do ano 2019.

E, xa para rematar, o Partido Popular, dende logo, vai votar que si a mellorar as condicións de traballo das empregadas do fogar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora García.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Estou entusiasmada. Teño que dicirlles ás voceiras e voceiros da oposición, por se estaban despistados e despistadas, que estou entusiasmada. Porque malia todas as mentiras que contou aquí a voceira do Partido Popular, o certo é que acabou citando informes de sindicatos. Entón supoño que, a partir de agora, o Partido Popular reconece a fiabilidade dos informes das forzas sindicais e vai parar de culparnos á oposición cando traemos eses datos. É o que lle gañamos hoxe. (*Aplausos.*) É o que lle gañamos, porque, do resto, a verdade é que o balance do pleno non vai moi ben.

Este debate, pois, pon negro sobre branco a cuestión que denunciabamos no debate anterior. É esa diferenza entre a igualdade que se proclama cada 8 de marzo nesas declaracións institucionais tan pomposas e tan rimbombantes e o que hai despois á hora da realidade. E pon tamén negro sobre branco o pouco valor que a sociedade concede ao traballo feminino do coidado. Podémolo ver no nulo interese que hai en dignificalo, en regularizalo e en dotalo economicamente do valor que lle corresponde. E iso malia o que supón realmente en termos económicos, en termos de desenvolvemento. Diciao antes e reitéroo agora, e é que o mundo non xiraría sen ese traballo ocultado que fan moitas mulleres neste país, non só no que lles toca na súa vida persoal, senón asumindo en condicións de semiescravidade —cando non de escravidade— eses papeis de traballadoras do fogar. E isto ignórase malia que xa sabemos canto custa, canto vale iso en termos de PIB, por exemplo. Porque, para tantos datos que deu a señora do Partido Popular, esqueceu que, grazas precisamente ao impulso dese goberno de sete cabezas e cornos, do Bipartito, tivemos unha primeira conta satélite do IGE que nos daba datos sobre isto —e continuouse facendo outra recentemente—. Iso dinos que representaría o 50 % do PIB en Galiza. Falamos de 28.000 millóns de euros, é a estimación do que supón en termos económicos este traballo invisibilizado, ¡28.000 millóns de euros! E falamos de datos galegos. Polo tanto, está claro como aquí a cuestión de clase, a cuestión laboral e de xénero, ten un importante peso. A historia do traballo das traballadoras do fogar é a historia das invisibles, é a historia tamén dos incumprimentos dos gobernos, por parte do Goberno central e tamén polo desleixo da Xunta de Galiza.

Aquí preguntaba a señora do Partido Popular que fixeran algúns nos últimos oito meses. Eu reitiro: nós temos as mesmas exixencias, estea quen estea no Goberno central e coas responsabilidades coas que estea. E o certo é que non se teñen dado os pasos suficientes, pero



que tampouco se teñen dado pasos suficientes por parte do Goberno galego para poñer esta cuestión no debate. Porque tamén era moi crítica a señora do Partido Socialista co punto que fala de investigación, información e demais, pero eu quería poñer unha cuestión enriba da mesa, facendo un pouco de arqueoloxía parlamentaria, para que sexamos conscientes de que este debate non nace onte co goberno de Pedro Sánchez, non nace antonte co goberno de Mariano Rajoy, non nace tampouco co convenio da OIT —que, se non me equivoco, e falo de memoria, é do 2011—, senón que vén de moito antes. E tamén neste Parlamento galego, porque, facendo así un pouco da arqueoloxía parlamentaria, eu rescatei este acordo do ano 2003 —a señora Quinteiro e mais eu estabamos no instituto—. É de hai quince anos, de máis de quince anos. Hai quince anos nesta Cámara impulsaba o Bloque Nacionalista Galego, a miña admirada Pilar García Negro, iniciativas a favor deste colectivo, que non foron contempladas na súa totalidade pero si se conseguiu un consenso que envolveu a toda a Cámara daquela. E esta iniciativa foi presentada conxuntamente polas voceiras do Partido Popular, do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego daquela. Eu estou convencida de que, se estivese En Marea, tamén tería contribuído a mellorar este texto.

Neste texto recóllese o espírito de moitas cousas que estamos debatendo quince anos despois, ¡quince anos despois! Logo pregúntanse por que o BNG non quere saír en declaracións institucionais co Partido Popular. É que... (*Aplausos.*), aplíquense un pouco o conto. (*Aplausos.*) Tamén neste aspecto xa non vou entrar no detalle, que resumiron moi ben as dúas voceiras, do Partido Socialista e de En Marea, da vergonza deste goberno, que finxe por un lado avanzar neste sentido e que despois presenta esa emenda lamentable aos orzamentos de 2018. A historia do Partido Popular no Goberno do Estado é aprazar primeiro medidas que comprometeran para xaneiro de 2019 e, cando se achegaba 2019, ¡oh, sorpresa!, dixeron: Hai que meter algo nos orzamentos do 2018, que isto se nos vai das mans e estas mulleres van ter dereitos tan loucos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...como poder ter ferias ou desemprego. Entón, pois, quixeron demorar isto para 2024. É dicir, o ano do 8 de marzo histórico, desa mobilización social, a resposta do Partido Popular foi demorar a conquista destes dereitos ata 2024.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ese é o resumo da desfachatez e da desvergonza, e do pouco que valen eses lazos lilas que poñen todos os días. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Comezo opinando das emendas e dicindo que non as vou aceptar.

E, a verdade, o primeiro que teño que dicir é que é alucinante que neguen a realidade que estou denunciando aquí. Se vostedes teñen un problema, si descoñecen a realidade que



viven moitas mulleres no noso país, boten unha ollada aos xornais, boten unha ollada, fagan algunha chamada, falen coas mulleres que traballan, a ver canto cobran e a ver cantas horas traballan. ¿Ou están negando que existen internas neste país cobrando miserias? ¿Cantas horas traballa unha interna? Non sei, ¿traballa 40 horas semanais? Non, traballa bastante máis e cobran bastante miseria.

Pero é que vostedes negan a realidade e, ademais de negar a realidade, non fan absolutamente nada para cambiala. Teñen un serio problema de... —non me sae agora a palabra—, de estar moi desconectados da realidade que viven moitas mulleres no noso país.

E, precisamente falando das pensións, nós opoñémonos, porque son vostedes os que queren reducir as pensións das viúvas. Entón, hai que ter moita cara para vir aquí falar diso. Se queren, facemos votos particulares e que quede retratado cada grupo parlamentario e o que defende cadaquén diante dos pensionistas e das pensionistas. Porque nós non temos ningún problema niso. Pero o que non imos facer é permitir que pretendan que as pensionistas retrocedan aínda máis en dereitos no noso país.

Alegrámonos de que vaian aprobar algúns puntos desta iniciativa, pero a verdade é que non entendemos que se poñan tantas trabas a algunhas das cuestións e que, ademais, se sexa tan hipócrita nas intervencións. Primeiro, precisamente, que se teña que falar de estudos de sindicatos que falan de fenda salarial —porque non mencionou estudos específicos— dá conta de que a Administración non fai iso. Os sindicatos fan o seu traballo, pero a Administración tamén ten que facer o seu traballo. Que veña aquí a falar de informes que fan os sindicatos, a verdade é... ¡Que pouca vergonza! Porque o que terían que facer é autocrítica e dicir: Pois non, non hai estudos feitos desde a Xunta de Galicia para coñecer a situación. E os propios sindicatos, os propios sindicatos, denuncian que faltan datos para coñecer a realidade, denuncian que hai que coñecer cantas mulleres están dadas de alta, cantas mulleres non están dadas de alta. E obviamente precisan apoio da Administración.

Tiveron moitísimo tempo de ratificar o Convenio 189 desde o ano 2011. Estamos no ano 2019. Ben, alegrámonos de que agora si defendan a ratificación deste convenio. Como dicía a voceira do Partido Socialista, cambiaron un pouco de opinión. Nós, dende logo, non imos cambiar as nosas exixencias, estea no Goberno o Partido Popular ou estea o Partido Socialista. Os dereitos das mulleres non son negociables e imos seguir insistindo en que, por moito que o pretendan, non van facer que deamos pasos atrás.

É moi hipócrita que veña falar aquí tamén da homologación ao réxime xeral, de que defenden esta homologación, despois da emenda que presentaron aos orzamentos do 2018. Entón, eu pregúntome para que presentaron esa emenda. É que non ten ningún sentido. Vostedes non tiveron ningunha vergonza en pedir o atraso ata o ano 2024...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...cando dende o ano 2011 non se fixo absolutamente nada, practicamente nada. E, entón, nós celebramos que vaian aprobar algo. Pero tamén tomen nota, porque que non queiran facer o estudo por parte da Xunta de Galicia é de vergonza, porque, xustamente...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...que tivera que vir aquí falar doutros estudos —nin un só da propia Administración dende o ano que están gobernando— pois dá bastante conta da realidade e do que lles importa. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles García Míguez e sete deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e demandar ao Goberno do Estado para o fomento da inserción laboral das mulleres en condicións de igualdade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, por iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e tamén por iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei —doc. núm. 45756 [10/PNP-003437]—.

Emenda de substitución.

Substitución do punto 1 polos seguintes:

<<1. Impulsar de forma inmediata o cumprimento do Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación nos termos establecidos na Lei 2/2007 do traballo en igualdade das mulleres de Galiza.

1 bis. Para cumprir cos obxectivos de conciliación, ampliar a rede pública de escolas infantís adoptando as medidas orzamentarias oportunas para garantir o cumprimento do obxectivo do aumento de mínimo 8.000 prazas públicas nos próximos tres anos.>>

Emenda de adición.

Engadir dous novos puntos a continuación do punto 2: Engadir dous novos puntos a continuación do punto 2:

<<2 bis. Corrixir a falta de cumprimento de aspectos recollidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como por exemplo a incorporación da atención psicolóxica á atención primaria. Para tal efecto incrementarase o orzamento específico de violencia machista até chegar ao 1%.

2 ter. Crear, no prazo de dous meses, un organismo público de Valedora da Igualdade para a defensa diante das situacións de discriminación laboral por razón de sexo así como para a promoción e vixilancia do cumprimento da lexislación en materia de igualdade e corrixir a falta de aplicación do goberno galego.>>



Emenda de adición.

Engadir o seguinte texto no punto 3:

«Remitir á Cámara Galega no prazo de dous meses os resultados do presunto primeiro ano de impulso do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021.»

Emenda de adición.

Engadir un novo punto 3 bis: Engadir un novo punto 3 bis:

«3 bis. Demandar o incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local, así como a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 45756).

Emenda de modificación.

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o punto 3 polo seguinte texto:

«3. Dar cumprimento e aplicar, ao longo do ano 2019, todas aquelas medidas incluídas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que afecten ao seu ámbito competencial: inserción laboral, campañas de sensibilización e prevención, protocolos de coordinación e colaboración entre as administracións e institucións competentes, establecer un sistema de acompañamento ás mulleres, reforzar os servizos de apoio ás/aos menores, reforzo dos puntos de encontro familiar, formación especializada no ámbito educativo e dos medios de comunicación e reforzo das Unidades de Valoración Forense Integral.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Bos días novamente.

Só para responderlle á última frase da señora Quinteiro, que nos di que somos uns hipócritas, eu creo que nós non temos un secretario de organización como o de Podemos en España, que ten persoal de servizo sen un contrato da Seguridade Social. Que veña vostede aquí falar de hipocrisía... Creo que está para dar pouco exemplo de nada de nada, señora (Aplausos.), pouco exemplo de nada. A ver quen é o hipócrita.

Eu quero comezar a miña intervención dicindo que a proposición é moi ambiciosa, e creo que hai leis e propostas que cambian vidas e que poden cambiar o noso mundo. Non perdamos hoxe esa oportunidade. Este é o pleno do 8 de marzo, a maioría das iniciativas son de



igualdade e, dende o Grupo Parlamentario Popular, non queremos deixar nada atrás. Como ben dicía, esta proposta é moi ambiciosa.

Puido decaer, porque, como ben saben, hai tres puntos da mesma nos que se insta o Goberno central a que tome unha serie de medidas. Pero non é así, non é así porque, a pesar de que o señor Sánchez convocara as eleccións xerais, xa estaba rexistrada. E non sabemos que vai pasar no Goberno central. Pero nós queremos continuar con ela porque seguimos adiante estea quen estea no Goberno. Témoloo moi claro, sabemos a liña que hai que seguir, sabemos o que queremos en materia de igualdade. Dende o Partido Popular somos ambiciosos, innovadores e queremos que a igualdade continúe en constante evolución, como o está o traballo da Xunta de Galicia.

Vou desglosar a miña proposta en dúas partes: por un lado, un reto de cara á Xunta de Galicia e, por outro, de cara ao Goberno estatal. E falamos de colaboración con entidades locais, de conciliación e corresponsabilidade, de impulso dos bancos do tempo e do rural. Falamos de inserción laboral, de entidades de iniciativa social e das empresas; como vemos, a igualdade dun xeito transversal. E tamén falamos do cumprimento a nivel autonómico das medidas do Pacto de Estado, das que despois falarei polo miúdo.

E, por suposto, da man do Goberno do Estado, queremos que haxa este 2019 unha lei de igualdade salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres. Queremos impulsar a lei de conciliación e corresponsabilidade, na que se priorice a racionalización horaria, tan necesaria e que cambiaría a vida de toda a sociedade no noso país. ¡Canto melloraríamos se esta lei se puxese en marcha! Tamén queremos que se cumpran, por suposto, todas as medidas do Pacto de Estado e que se leven a cabo todas as reformas lexislativas necesarias no Goberno central.

Respecto da Xunta de Galicia, foi o propio vicepresidente o que informou do progreso do traballo que se está a desenvolver: incremento orzamentario para os concellos, con máis de 5,4 millóns de euros, un 16 % máis; a conciliación da vida persoal, laboral e familiar; o tratamento integral da violencia de xénero; o apoio aos centros de información ás mulleres; a sensibilización, información e a difusión sobre igualdade e a prevención e loita contra a violencia machista. Por suposto, tamén se promove a inclusión social e a loita contra a pobreza. Lembremos que a maior parte dos pobres son mulleres, mulleres que teñen fillos ao seu cargo e que son familias monoparentais.

Respecto do Pacto de Estado, en Galicia estamos de noraboa. Creo que temos que ter a cabeza moi alta, porque, na nosa comunidade autónoma, das 103 medidas que deben levarse a cabo, 72 delas están cumpridas e 31 delas teñen un compromiso firme de cumprimento: ampliar a Rede galega de acollemento; atención e amparo aos orfos; o reforzo no centro de emerxencias; o traballo coa Federación de Mulleres Rurais; o apoio específico especializado no ámbito rural, tan importante debido á dispersión do noso territorio; empurrar a cobertura das catro provincias galegas contra a violencia sexual —por suposto, tendo en conta as novas tecnoloxías e as campañas tan importantes que se están facendo nas festas e en todas as celebracións da nosa comunidade autónoma, cunha aplicación, xa que tamén as novas tecnoloxías son moi importantes, que é a aplicación «Agresión off», contra a violencia ma-



chista, que se pode baixar cun xeolocalizador dentro do propio teléfono móbil—. Tamén hai un Plan integral de acceso á vivenda, mediante axudas de carácter mensual, no que, como ben dicían, hai un incremento destas axudas grazas a unha aprobación dunha proposición non de lei neste Parlamento. Lembremos que a día de hoxe —quero recordalo aquí— o Concello de Vigo aínda non se adheriu ao Programa de vivendas baleiras da Xunta de Galicia, e moitas mulleres do concello de Vigo, onde os índices de pobreza son os peores de Galicia, mulleres con fillos ao seu cargo, teñen que ir vivir a outros concellos porque non teñen esta axuda nin este programa implantado na cidade de Vigo porque vén da man da Xunta de Galicia. E xa sabemos o que está a acontecer no concello de Vigo.

O incremento das axudas económicas dentro do orzamento da Xunta é de máis de 4,5 millóns de euros. Con respecto á educación, á investigación, ao traballo na universidade e no ámbito educativo é fundamental e é básico. E, por suposto, con respecto aos medios de comunicación, o traballo que se está a facer e o foco estase a poñer enriba da mesa, xa que moitos dos comparecentes na Comisión de estudo para a igualdade de oportunidades así nos reflectían que tiña que haber unha formación e tiña que haber unha sensibilización importante na formación dos periodistas, nos medios de comunicación e nos medios audiovisuais dun xeito específico. Por suposto, o traballo coas asociacións de mulleres, coas federacións veciñais e con todas as entidades públicas e privadas.

Como ben dicía, non queremos deixar nada atrás, señorías, e dende o Partido Popular temos un compromiso para rematar coa desigualdade salarial. Sabemos que non é un tema novo, non é un tema de hoxe, é un tema de onte, pero por desgraza tamén será un tema de mañá. Falamos da Proposición de lei integral de igualdade e transparencia retributiva entre homes e mulleres, presentada polo Grupo Popular no Congreso dos Deputados en outubro do ano 2018. Tamén o Partido Socialista presentou unha Proposición de lei para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, que apoiamos dende o Partido Popular. Porque sempre que hai unha iniciativa importante e que é boa, o Partido Popular irá da man de sexa quen sexa o que presente a súa proposta.

Co Goberno do Partido Popular os datos son claros e son positivos, e son responsables cos cidadáns: a fenda salarial colocouse en mínimos históricos, conseguiu ser o país da zona euro que máis reduciu a fenda salarial; por primeira vez regulamos o dereito ao teletraballo, o dereito á redución de xornada, o contrato a tempo parcial, onde a protección se igualou ao tempo completo. Iso é, señorías, avanzar en conciliación con responsabilidade e emprego, e queremos que siga avanzando.

Sabemos que o Partido Socialista durante estes oito meses de goberno coas Mareas de Podemos penaliza as mulleres e os homes deste país, incrementa o gasto de xeito excesivo, sobe os impostos aos autónomos, ás empresas, aos traballadores, encareceu a contratación e aumentou o déficit e o endebedamento. E non o digo eu. Dende que o señor Pedro Sánchez é presidente do Goberno, os datos son moi claros: preto de cinco mil mulleres ao mes perderon o seu emprego dende que o señor Sánchez é presidente de goberno, e máis de oito mil homes neste país perderon o seu traballo. Un total de 39.456 mulleres paradas máis e 65.272 homes parados máis en só oito meses de goberno. Non lles gusta aos señores de Podemos. (Aplausos.)



Temos un reto, señorías, unha responsabilidade, non só cara ás mulleres, tamén cos homes, tamén coas familias, e de aí xorde a lei de conciliación e corresponsabilidade. Só por poñer un exemplo onde nos atopamos. Os horarios habituais en Europea son: Alemaña comeza a súa xornada laboral ás oito da mañá e remata ás catro e media da tarde; o Reino Unido comeza a súa xornada laboral ás oito e media e remata ás cinco da tarde; Italia comeza a súa xornada laboral ás oito e remata ás cinco; España comeza ás nove e remata ás sete da tarde. O que hoxe é presidente do Goberno, o da política do escapate, vendía que isto ía ter unha modificación, pero, dende logo, a realidade é que non hai ningunha.

Dende o Partido Popular non queremos que intenten vendernos nada, xa que non os cremos. O que queremos é que se abra un diálogo para acadar este pacto, esta lei nacional para a conciliación laboral e a racionalización de horarios, para lograr unha xornada laboral máis compacta e flexible. E queremos o consenso de todas as forzas políticas, económicas e sociais que permita a finalización da xornada laboral con carácter xeral ás seis da tarde; a ampliación de xeito progresivo da duración do período de excedencia por coidado de fillos no caso das familias numerosas, que son moitas as que teñen estas necesidades; impulsar nos convenios colectivos fórmulas para a flexibilizar a xornada laboral; facilitar a posibilidade de dispoñer dun número determinado de días de vacacións como bolsa de horas para asuntos propios; implementar fórmulas de teletraballo, rematar, señorías, coa obsoleta cultura da presenza, e promover que as escolas infantís e os centros educativos axusten os seus horarios de apertura aos horarios laborais dos pais en colaboración coas comunidades autónomas.

En definitiva, señorías, remato como comecei: hai leis e propostas que cambian vidas e que poden cambiar os nosos mundos, non perdamos hoxe esta oportunidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ten case algo de xustiza poética que debatamos esta iniciativa en último lugar antes de proceder á votación, e é unha pena que as candidaturas para o Mestre Mateo estean pechadas, porque a verdade é que, vendo as actuacións de hipocrisía que ten o Partido Popular, *(Aplausos.)* parece que a este debate da racionalización de horarios, da fenda salarial e demais nós chegamos hoxe, e parece que eles e elas chegaron onte ao Goberno, e non hai unha década. En fin...

Eu dicía que ten xustiza poética que vaia en último lugar, e que a señora do Partido Popular ademais repetira tantas veces que era unha iniciativa ambiciosa, porque, claro, estivo tan preocupada de falar de Pedro Sánchez que se olvidou de falar de que esta iniciativa estaba inspirada en Pablo Casado, pero non polo motivo que levamos debatendo toda a mañá, non polas posicións retrógradas do señor Pablo Casado, senón por iso que eu definiría como Juan Carlos I *style*, é a práctica do *copy party* cutre e do plaxio.



Entón, eu quería desculparme aquí nesta cámara, porque eu teño dito moitas veces que este VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade entre oportunidades de mulleres e homes 2017-2020, do que aínda falou hai unhas horas o presidente da Xunta de Galicia, teño dito moitas veces que non vale para nada e que é papel mollado. Pero, preparando esta iniciativa, tiveron unha revelación: hai unha utilidade, hai unha utilidade deste plan, que é que os corenta e un deputados e deputadas do Partido Popular que non queren perder tempo na igualdade, e perder tempo en traballar unha iniciativa, collan parágrafos literais e os coloquen así na súa PNL. *(Aplausos.)* E eu vou deixar isto antes de que me acusen de mentir para que quede na gravación. É unha mágoa que despois as persoas que transcriben o *Diario de Sesións* non poidan poñer unha ligazón ou un código QR para comparar, porque os parágrafos 1, 2 e 3 do Partido Popular correspóndense coa páxina número 3 deste plan; hai que dicir que é a páxina da benvida de Rueda, *(Aplausos.)* que aí podo entender que entra dentro de compartir discurso político. Pero é que o parágrafo número 4 corresponde coa páxina número 93; o parágrafo número 5 coa páxina 94; o parágrafo 6 coa páxina 96. Quizais se leron cen páxinas deste plan, pois algo puideron aprender do que non están a facer, aínda que o poñen no papel *(Aplausos.)* Pero no parágrafo 7, como toda unha metáfora de onde nos levan, hai un retroceso e volven á páxina 6. *(Risos.)* Despois, no parágrafo 8 hai que dicir que innovan, innovan e collen un parágrafo da declaración institucional da Xunta de Galicia de novembro do 2018. *(Aplausos.)* Por iso queren facer declaracións institucionais, para ter así acervo creativo. E creo que as tres últimas liñas son colleita propia. Ese é o esforzo do Partido Popular para traer iniciativas a esta cámara no 8 de marzo: tres liñas. *(Aplausos.)*

E, ¡home!, xa que nesta cámara aturamos tantas veces ás voceiras, sobre todo da oposición, que non sabemos ler, sumar, multiplicar, que non somos expertas economistas, ou expertas do ámbito da medicina, ou expertas de tantos outros ámbitos, voume permitir unha licenza en calidade de filóloga, aínda que isto xa creo que en primaria e na ESO tamén se explica. Cando se cita, está feo non poñer comiñas *(Aplausos.)* ou non poñer unha referencia bibliográfica. *(Murmurios.)*

En todo caso, este é un bo resumo do esforzo inaudito que eses corenta e un deputados e deputadas, que tanto nos recordan que teñen, aplicaron a esta iniciativa.

Pero como nós si nos tomamos o noso traballo en serio, presentamos unha batería de emendas ambiciosas, para que esta iniciativa, que é absolutamente pouco ambiciosa, poida ter algo de seriedade.

No primeiro punto, o que se pide é un recoñecemento, porque esa cuestión que nos conta dos bancos de tempo, eu quero recordar que é algo que vén na Lei de igualdade desde 2007, e no Decreto 182/2008, é dicir, hai once anos. *(Aplausos.)* Por certo, e abro paréntese, ¿quen gobernaba en 2008?, ¿quen sacou ese decreto que agora vostedes once anos despois queren poñer en práctica? Deixo a pregunta aí para quen nos escoite.

Tamén poñemos obxectivos numéricos de conciliación, porque, claro, aquí vén lamentar que no Estado non conseguiron unha lei de conciliación. É un pena que estiveran dende o 2011 vostedes ou que non votaran no Parlamento galego que Galiza tivera unha propia lei de coresponsabilidade, como impulsou do BNG na anterior lexislatura *(Aplausos.)* ¡Unha mágoa!



De todos modos, nós non perdemos a esperanza, señora Míguez. Entón, tamén engadimos a petición de suplir a falta de cumprimento da Lei de violencia machista, de crear unha valedoría da igualdade para fiscalizar que esa lexislación se aplica tamén na materia de igualdade e, por último tamén, xa que saíu aquí esoutro plan que nos prometeron despois do 8 de marzo, pois a ver se fan o informe de avaliación, que aínda non nolo remitiron, a ver se o fan e se o remiten.

Por último, tamén outra cuestión que entendemos que é fundamental: a ver se deixamos de vanglorianos no pacto de Estado e empezamos a pedir melloras e, polo tanto, que se corrixa esta discriminación que hai cos concellos galegos do noso país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: En fin, señores do Partido Popular, cando abandonen o conformismo e cando deixen de usar eses plans que se lles paga con diñeiro público ás consultoras para facelos, para facer as súas iniciativas, e comecen a cumprir os puntos que alí se recollen, pois se cadra poderemos falar algo de se funcionan, se non e de que podemos facer para que iso mellore.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días de novo.

Ben, señora García Míguez, non estamos de acordo con que esta iniciativa podería ter caído, porque o Goberno de Pedro Sánchez aínda non está en funcións, aínda non se disolveron as Cortes e vai gobernar ata o último día para reverter as políticas nefastas do Goberno Popular. (*Aplausos.*)

Vostede dedicouse durante moito tempo a criticar o labor do Goberno socialista. É certo que tamén o outro día o portavoz de Emprego do Grupo Popular me dicía na Comisión 5ª, con cariño —iso si—, pero que entendía que era moi difícil e complicado ser do Partido Socialista nestes tempos. E eu contéstolle: ser do Partido Socialista, ademais dun orgullo neste tempo, é moi doado. ¡Como non imos estar orgullosas e orgullosos de pertencer a un partido que en oito meses de goberno fixo máis que o Goberno do Partido Popular en sete anos! (*Protestas.*) ¡Que tras oito meses de Goberno socialista, España é máis igualitaria, máis xusta, máis feminina, máis democrática...,

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...máis europeísta, máis avanzada e máis innovadora! (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, silencio.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: España é hoxe un país mellor. *(Aplausos.)*

Un Goberno que cambiou os venres de dor polos venres sociais. ¿Como non imos estar orgullosos de recuperar o carácter universal para a sanidade pública, de poñer en marcha as medidas recollidas no Pacto de Estado para a violencia de xénero, de subir o salario mínimo interprofesional a 900 euros, de mellorar e ampliar a prestación por cesamento de actividade dos autónomos, *(Murmurios.)* que volvemos coa milonga —se se me permite— de dicir...

O señor PRESIDENTE: Señora Prado, por favor. ¡Por favor! Se non, teño que chamala á orde como á señora Rodríguez Rumbo.

Por favor, hai que saber encaixar tamén. ¡Hai que saber encaixar tamén! *(Murmurios.)* Esta é a dinámica parlamentaria, é o xogo democrático, encaixen aquí. *(Murmurios.)*

¡Silencio! Debate en paz, que xa estamos terminando. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero non, iso forma parte do debate, faga vostede unha iniciativa para o pleno seguinte. *(Murmurios.)* Claro, xa está. ¡Por favor! *(Aplausos.)* Debate, debate.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Polo tanto, non sigan coa mentira... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)

Silencio, señor Losada. Agora non empece vostede. *(Murmurios.)* Imos ir con calma agora. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pois pódese facer, pero pódese facer outra. *(Murmurios.)*

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Vós agora; non pediades o mesmo antes, claro.

Ben, polo tanto, non sigamos coa mentira de que se sobe a cota dos autónomos sen ningún tipo de contraprestación.

E centrándonos na iniciativa da fenda salarial do Partido Popular. Tamén temos motivos para sentirnos orgullosos dos nosos antigos gobernos socialistas, tanto a nivel estatal como a nivel autonómico, porque todas as leis que levaron a avances sociais para as mulleres levan o selo socialista: a Lei orgánica 3/2007 e a Lei 7/2007, do mercado de traballo en igualdade das mulleres de Galicia; *(Aplausos.)* que chegaron vostedes, á Xunta de Galicia e ao Goberno de España, e metéronas nun caixón.



Sorprende —e moito— que agora veñan aquí poñerlle deberes ao Goberno central para que se aprobe neste ano 2019 unha lei de igualdade salarial para combater a fenda salarial entre homes e mulleres. O ano pasado —recórdolles— votaron en contra dunha iniciativa do noso grupo na que pediamos exactamente esta lei. ¿Que pasa?, ¿que agora si que toca meterse niso? Porque, como dicía o señor Rajoy —que daquela era presidente do Goberno—: «*Los gobernantes debemos de ser muy cautos a la hora de saber cuáles son nuestras competencias. No nos metamos ahora en eso*». (Aplausos.) Iso respondíao daquela o presidente do Goberno cando lle preguntaban pola fenda salarial. (Aplausos.) ¿Falaron agora de se é agora o momento de meterse niso, xa non só co seu máximo dirixente, o señor Casado, senón tamén co seu socio, o señor Abascal? Porque non creo que estea moi de acordo en situar no mesmo plano da igualdade no eido laboral as mulleres e os homes. A igualdade entre homes e mulleres non é algo que forme parte do programa político de Vox.

Tanto vostedes como os seus socios considéranos ás mulleres xa non só de segunda senón de terceira. A vostedes o que lles preocupa é o aborto ou aquelas persoas que loitan contra a violencia machista. E poden, señorías do Partido Popular, apuntar e pasarlle o nome de todas as integrantes e de todos os integrantes do Grupo Socialista porque todas e todos loitamos contra a violencia de xénero. (Aplausos.)

Vostedes pídenlle ao Goberno do Estado que aprobe esta lei de igualdade salarial. Pois poden estar tranquilos porque este próximo venres, nun novo venres social, o Goberno socialista vai aprobar a lei de igualdade salarial entre homes e mulleres. Pero hai que ser ben hipócritas porque xa podería estar aprobada se non fora porque tanto o PP como Ciudadanos dedicáronse a utilizar a Mesa do Congreso dos Deputados de forma partidista e a paralizar e bloquear a tramitación desta lei.

Este venres aprobarase esa lei de igualdade salarial e tamén se ampliará o permiso de paternidade ata as dezaseis semanas. O dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral debe de regularse de tal forma que garanta a función equilibrada das responsabilidades familiares, quedando prohibido calquera tipo de discriminación directo. Unha vez aprobadas estas medidas, que entrarán en vigor tras a súa publicación no BOE, esperemos que despois vostedes, que hoxe veñen pedir aquí esta lei de igualdade salarial e tamén medidas de conciliación, non se opoñan no Congreso á hora de convalidalo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Sorprenderannos unha vez máis co seu voto negativo; esperamos que non.

—Remato, señor presidente.— E nós presentamos unha emenda xa que non nos fiamos de que se vaian poñer en marcha todas as medidas incluídas no Pacto de Estado. E por iso especificamos en que deberían de consistir para que non se lles esqueza ningunha.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

A atmosfera está quentiña e vou ter un pouco de humor tamén. É un humor que, dende logo, é crítico como o que acaba de expresar, sobre todo, a señora Noa Presas. Pero, realmente, eu non vou ser quen de ter ese punto humorístico porque o tema é moi serio, moi duro o que estamos vivindo. A persoa máis nomeada de onte a hoxe é o señor Casado, e por algo é. E se vostedes en ningunha intervención desmentiron ou dixeron que estaban criticamente en contra destas opinións, entón, a incongruencia é absoluta. E será porque Vox lle recrimina ao señor Casado a súa actitude tibia diante do aborto, e dende unha posición misóxina, machista, de desprezo cara ás mulleres, de aversión, de odio, de denigración e de discriminación. E todo isto contradí absolutamente esta suposta ambiciosa iniciativa. A ambición, si, téñena, pero é a ambición da cobiza impaciente do poder que se abanea e dun poder que consideran como patrimonio particular.

Eu creo que necesitamos realmente novos modelos. Eu dedicaríalle unha canción ao señor Casado —que lla poden transmitir dende aquí—, unha canción que fala da igualdade, un poema que é significativo: «Muller, se che medraron as ideas, / de ti van dicir cousas moi feas: / que non es boa, que se tal cousa, / que cando calas es moito máis fermosa. / Muller, ovario forte, fala de ti / e reivindica que a vida comeza cando existe a igualdade e cando todos son iguais. / E cando non queiras ser incubadora /...» —e o señor Casado non é quen de dicirle a ningunha muller cando e como ten que ter fillos— «... dirán que xa non serven as mulleres de agora. / Muller, semente, froito, flor, camiño, / pensar é altamente feminino. / Hai no teu peito dous mananciais, / fusís brancos e non anuncios comerciais».

Ben, nós non fixemos emenda a esta iniciativa porque teríamos que modificar practicamente todo o texto. Realmente é increíble o que escoitamos hoxe aquí, o ensarillamento de mentiras, de falsidades. Señora deputada do PP, para facer crer hai que crer; é increíble que nos proponñan programas. Tiveron dez anos para desenvolver programas, ¿con que resultados?

Os bancos de tempo, xa se dixo aquí, non é unha idea súa.

O tema da violencia ten todo que ver coa fenda salarial. ¿Que pasa coa fenda salarial? Pois somos a cuarta comunidade coa maior fenda salarial entre mulleres e homes, e este é un dato obxectivo.

E necesitamos, si, políticas educativas de longo prazo e de mirada ampla con enfoque integral, pero dentro do currículo, non como materias de libre configuración.

E os coidados son fundamentais, os permisos iguais e intransferibles son básicos. Hai que eliminar a etiqueta de obra de man de risco, é un problema de equidade e de xustiza. E,



dende logo, dende a súa reforma cada vez son máis as mulleres que coidan sen recibir nada a cambio.

Se se puxera en marcha nestes dez anos que gobernaron, entre o 2010 e hoxe, a mal chamada Lei de dependencia teríanse xerado máis de seiscentos trinta e cinco mil empregos. Hai necesidade de reorganizar o sistema de coidados para combater a desigualdade.

Eu son de Ourense. En Ourense as mulleres maiores son as máis pobres de todo o Estado. ¿De que se gaban? En Ourense de 129.100 persoas de poboación activa, hai 141.400 de poboación inactiva. A única provincia de España onde acontece isto. E é máis: somos as últimas as mulleres en prestacións por desemprego, en prestacións e en pensións. As mulleres máis pobres de España están en Galicia, e en concreto en Ourense.

Con respecto á violencia machista, o emprego é unha táboa de salvamento, e vostedes teñen a obriga tamén de cumprir os acordos de Istambul. E os acordos de Istambul, nos artigos do 4 ao 6, vencellan a desigualdade e a violencia machista. Os estados teñen a obriga de aplicar de maneira efectiva políticas de igualdade entre mulleres e homes.

No rural —que falou tamén vostede—, moi ben, o maior problema é a dependencia económica. As mulleres, mesmo sendo propietarias de terras, non teñen a propiedade en escrituras.

Non hai razón ningunha que xustifique a asimetría salarial dos salarios. Cobrar distinto por facer o mesmo traballo non só é inxusto, é síntoma dunha pervivencia perversa das cloacas do sistema patriarcal.

E temos dereito a ter dereitos. Entón, o que reclamamos e apoiamos absolutamente é unha folga que moitos anos levan mulleres loitando en todo o mundo, é unha folga internacional, e todos os motivos lévannos a esa reivindicación e a ese apoio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo autor da proposición non de lei, señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Bos días novamente, para rematar coa miña intervención.

Señora Presas, vostede critica que a proposición non de lei que hoxe traemos a este parlamento coincide co VII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres da Xunta de Galicia. *(A señora Presas Bergantiños amósalle á señora deputada García Míguez uns folios.)* Loxicamente, é a liña que debe seguir o Goberno da Xunta de Galicia. Terán que poñerse en marcha esas medidas, e queremos que sexa así. E hoxe é un día importante para poñelas en valor e, por suposto, apoialas.

Non fixo así a iniciativa de Ahora Madrid Podemos, de Manuela Carmena. Punto polo que a súa candidata en Santiago, a señora Goretti Sanmartín presentou como propio o mapa de



coidados —¿saberán algo disto, ¿non?— para atender as persoas dependentes. *(Murmurios.)*
E non imos falar do copia pega da señora Noela Blanco con respecto a unha proposta de Cidadáns, que trouxo aquí como súa, e tampouco houbo comiñas.

Co cal nós estamos orgullosos do que fai a Xunta de Galicia, e, por suposto, tomámolo como noso, e queremos que se leve a cabo. E se hai algunha medida que non se leve a cabo queremos que así sexa. *(Aplausos.)*

Con respecto ás Mareas de Podemos, mire, señora Cuña: a nós leccións ningunha. O señor Pablo Casado pode facer as súas aportacións e pode dar as súas ideas ou facer os seus comentarios. Pero, dende logo, o que nunca escoitamos de ningún representante do Partido Popular é que quere darlle golpes a unha muller ata que sangue, «azoutaría ata que sangue». *(Murmurios.)* Iso non o escoitamos nunca dun representante político do Partido Popular. Co cal a nós leccións de igualdade e contra a violencia machista ningunha.

Vostedes non presentan nin unha emenda, non veñen aquí dicir absolutamente nada. Así que seguirán co seu discurso do Pleistoceno, de fascismo, de mordaza, de represión. E o noso discurso, señorías, *(Murmurios.)* en materia de igualdade temos unha visión de futuro...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: ...unha visión de cara ás fortalezas e da igualdade... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: ...do obxectivo, do desenvolvemento do milenio... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Sánchez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: ...do obxectivo sostible do 2030. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Nós estamos aí; vostedes están no Pleistoceno e están coas súas cousas.

Ben, e xa para rematar... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: ...co Partido Socialista, que vén aquí como adáil da igualdade... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.



A señora GARCÍA MÍGUEZ: ...e que se lles enche a boca... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: ...Como ben lles dicía, dende que o Partido Socialista goberna, o mellor exemplo da igualdade é o emprego, e cinco mil mulleres ao mes están en desemprego por culpa do Partido Socialista, dende que gobernan. (*Murmurios.*) Cinco mil mulleres ao mes —e dígoo ben alto e ben claro— durante oito meses de goberno. ¡Vergoñento!

Ademais, falaban de todas as leis que están impulsando. Miren: anunciaron tres leis dende o 1 de xuño do ano 2018, e no día de hoxe non hai nada levado a cabo. A Proposición de lei de igualdade e transparencia retributiva entre homes e mulleres está apoiada polo Partido Popular, e é o que se vai facer, é a única que se vai aprobar. Quizais nos sorprenda cun deses decretazos aos que estamos acostumados. A pena é que non o fixeran antes, e teñen que facer todo agora tarde, mal, arrastro e correndo.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Sobre as emendas...,

O señor PRESIDENTE: Si, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Sobre as emendas, acéptase a emenda do Partido Socialista e rexeitamos as do Bloque Nacionalista Galego.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

(*A señora Blanco Rodríguez pide a palabra.*)

Si, señora Blanco, ¿para que quere a palabra? (*A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Déanlle voz ao escano da señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Quero a palabra por alusións, porque eu non estaba neste debate e a señora deputada do Partido Popular mencionoume.

O señor PRESIDENTE: Si, un minuto.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Vale.

A proposta á que se refería a deputada do Partido Popular... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.



A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...era unha iniciativa do PSdeG na que o que pretendíamos era que a Xunta de Galicia puxera en marcha medidas contra a violencia machista que se exerce, que se leva moitos anos exercendo contra as persoas maiores, contra as mulleres maiores do noso país, (*Murmurios.*) unha iniciativa que o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Silencio, xa está, xa está. Silencio.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...votou en contra, e que, efectivamente, como eu mesma dixen... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa está clarexado. Grazas. Silencio.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...neste debate ante as acusacións da deputada do Partido Popular..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Silencio.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...era unha proposta das miñas compañeiras...

O señor PRESIDENTE: Silencio, xa está, está clarexado. (*Murmurios.*)

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...da Asemblea de Murcia. Porque, señora deputada..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...hai que copiar, copie ben; non copie de quen di que quen maltrata as mulleres... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...o que está facendo...

O señor PRESIDENTE: Señora Blanco, xa está clarexado.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...é non portándose ben, como o presidente do seu partido.

O señor PRESIDENTE: Clarexado o asunto, señora Blanco. Terminou o tempo. Grazas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿En que foi aludida vostede? Non sei. ¿En que foi aludida vostede? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, pero eu non oín... (*Murmurios.*)



Perdón, un momento, ao mellor estou trabucado, que me corrixan os membros da Mesa, porque ao mellor estou trabucado. Eu non escoitei que a mencionara a vostede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Perdón. Ademais, estaba no debate. Pois xa está. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, fóra. Grazas por recordarmo. Xa está. Non, non, está no debate, non é posible. Grazas. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, está no debate. Por favor, xa está. Señora Presas..., non, xa está, non, non... Perdón. Está no debate, non procede. Non procede, señora Presas, non ten vostede a palabra. ¡Non procede, non procede! *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Presas, ¿teño que chamala á orde? Señora Presas, ¿chámoo á orde? Non procede, non procede. Non procedeu. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, pero eu digo que está vostede no debate, non observei ningún desaxuste nin ningunha inexactitude; polo tanto, non. Non vou dar máis palabras. *(Murmurios.)* Xa está, por favor. Terminou o debate.

Imos votar. Votamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E vostede menos, vostede non estaba no debate, vostede nin estivo presente. *(Murmurios.)*

Ben, xa está. Imos votar. Por favor, imos votar, que é o importante.

Empezamos as votacións. Por favor, pechen as portas.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de dona Flora Miranda.

Acéptanse as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos. *(Murmurios.)*

(A señora Amigo Díaz pide a palabra.) Perdón.

Si, déanlle voz ao escano da señora Amigo. *(A señora Amigo Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Si, quere pedir a votación por puntos. ¿Acepta vostede a votación por puntos? Non. *(A señora Amigo Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero non acepta, non acepta. Dixo que non aceptaba. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dixo que non aceptaba, ¿que quere que lle diga eu? Non, pero xa ela... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero ela xa dixo de antemán que non ía aceptar ningunha votación por puntos. Xa, pero ¿que quere que lle diga eu, se non lle acepta a votación por puntos? *(Murmurios.)*

Votamos, votamos. Votamos a proposta tal como está.

¡Que máis quixera eu que se puidera votar por puntos, pero isto non é cuestión do presidente!



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora María Miranda Pena e D^a Paula Quintero Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.*

Non se aceptan as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-57, Puxeiros-Val Miñor, e AG-55, A Coruña-Carballo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Patricia Vilán.*

Había pendente unha transacción con En Marea. ¿Tena aí? Léaa. (A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.) Léaa, faga o favor.

A señora VILÁN LORENZO: *É bastante fácil. Grazas, presidente.*

O texto queda como está. Engádese como punto número 4 o 4 de En Marea e ao punto número 1 engádeselle o punto número 5 de En Marea.

O señor PRESIDENTE: *Grazas.*

Votamos esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a reducir o tempo de emisión dos informes das unidades de valo-



ración do Imelga, así como respecto da dotación dos equipos de Pontevedra e da Coruña con máis profesionais e da creación dun equipo exclusivo de unidades de valoración integral do Imelga en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da señora Presas.

Había unha emenda do Grupo Parlamentario Popular que non foi aceptada.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto das propostas de legalización e de normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestión subrogada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa da señora Nóvoa.

Non se aceptan as emendas presentadas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e quince deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da empresa Naturgy de pechar a central térmica de Meirama e construír nos seus terreos un parque eólico e unha central de biogás.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 51; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da señora Presas Bergantiños.



Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e as convocatorias de folga de mulleres de marzo de 2019, así como as demandas que debe realizar á Xunta de Galicia ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de dona Paula Quinteiro.*

Non se acepta a emenda, pero parece que estaba solicitada unha votación por puntos. Entón, como xa teño coñecemento dos puntos que son, votamos en primeiro lugar os puntos 2 e o 3, apartado 2.

Votamos.

Votación do punto 2 e do punto 3, apartado 2, da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar as condicións das traballadoras de servizos no fogar e solicitar do Goberno de España a inclusión destas no réxime xeral da Seguridade Social e no Estatuto do traballador, así como que se asine o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes dous puntos por sesenta e nove votos a favor.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o resto dos puntos desta proposición non de lei.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, agás o punto 2 e o punto 3, apartado 2, xa votados, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar as condicións das traballadoras de servizos no fogar e solicitar do Goberno de España a inclusión destas no réxime xeral da Seguridade Social e no Estatuto do traballador, así como que se asine o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa de dona María Ángeles García Míguez.

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e non se aceptou a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles García Míguez e sete deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e demandar ao Goberno do Estado para o fomento da inserción laboral das mulleres en condicións de igualdade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 51; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións das proposicións non de lei. Abran as portas, por favor.

Continuamos coas interpelacións, que é o punto quinto da orde do día.

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia para a igualdade laboral e salarial entre mulleres e homes

O señor PRESIDENTE: Para formular esta interpelación, ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días de novo e benvido, conselleiro.

Quero empezar a nosa interpelación ao conselleiro facéndolle caso ao que hoxe pola mañá dixó o presidente da Xunta neste pleno: que nesta Cámara non se pode mentir nin fallar á verdade. (*Aplausos.*) E eu, co respecto que lle teño a esta Cámara, voulle dar os datos do compromiso do Goberno de Feijóo coas mulleres nestes dez anos, datos obxectivos sacados dos orzamentos da propia Xunta de Galicia.



A Xunta de Núñez Feijóo recortou 4 de cada 5 euros para a partida de igualdade, protección e promoción da muller. Hoxe é unha cuarta parte do que era hai dez anos. Hai dez anos, sendo presidente da Xunta o señor Touriño, había 33,55 millóns de euros; hoxe, con Feijóo, 7,36 millóns de euros. Isto é o compromiso do señor Feijóo coas mulleres. Pero para apostar pola igualdade real hai que dotala de fondos.

E máis datos. Hai dez había máis de 5 millóns para apoiar a conciliación da vida laboral e persoal. Hoxe o orzamento queda lonxe dos 2 millóns de euros, hai 1,62 millóns de euros nesta partida. Polo tanto, como non se pode fallar á verdade, creo que era de recibo dicir cales son os datos reais.

Ben, a desigualdade entre mulleres e homes ten o seu reflexo, como noutros moitos ámbitos, no mundo do traballo e nas relacións interpersoais que no mesmo se articulan, conformando unha distinta posición de saída en canto ás oportunidades de acceso a un emprego de calidade, principalmente naqueles sectores mellor remunerados, así como no desenvolvemento da súa carreira profesional.

No ámbito estatal véñse desenvolvendo unha adaptación normativa extensa co obxectivo de trasladar o acervo comunitario existente entre homes e mulleres, asunto que xa foi recollido na nosa Constitución nos artigos 14 e 9.2. No ano 2007 aprobouse a Lei orgánica para a igualdade efectiva entre homes e mulleres, lei aprobada baixo o mandato do señor Zapatero e que, por certo, o Partido Popular non apoiou, lei que os expertos consideraban moi necesaria, que aportaba moitos elementos novos, que partía dunha boa diagnose e introducía obri-gas aos poderes do Estado e incluso ao sector privado.

En opinión dos expertos —e non é opinión do Partido Socialista—, os cambios producidos nos últimos anos, tanto na cultura social ou empresarial como nos avances da muller no espazo laboral, político e institucional, teñen moito que ver con esta lei, pero, ben, como dicíamos anteriormente, chegou o Goberno de Mariano Rajoy e meteuna nun caixón.

No eido autonómico aprobáronse a Lei 7/2004 e, como un paso máis na efectiva consecución destes obxectivos, aprobouse neste Parlamento galego a Lei 2/2007, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

O 13 de abril de 2007 publicábase no DOG esta lei, que foi consensuada coas organizacións sindicais e empresariais, cos municipios, coas asociacións de mulleres e coa sociedade civil en xeral. Unha lei dirixida a mellorar a calidade de vida das mulleres e ampliar os límites da democracia. Unha iniciativa que partiu da base de que a metade da poboación, as mulleres, cada día están máis formadas culturalmente, máis cualificadas profesionalmente e máis decididas a participar en igualdade nos sectores produtivos e que, pola contra, son as que sofren prexuízos relacionados coas súas responsabilidades dentro e fóra do traballo. Unha lei que avanza propostas para introducir a igualdade de forma transversal na esfera laboral, que aposta pola plena incorporación das mulleres en clave de igualdade no mundo do traballo e da empresa, que considera as mulleres e os homes imprescindibles para o crecemento económico e para o incremento do tecido produtivo.



Porque en nós, nas mulleres, recaen, na meirande parte dos casos, as obrigas familiares, que dan lugar ao que se denomina «xornada interminable». Asemade, a visión negativa e falsa de que a maternidade supón unha baixa produtividade e absentismo laboral. De aí o teito de cristal, que impide que na práctica as traballadoras accedamos a postos de responsabilidade e decisión e, polo tanto, de maior retribución e status profesional.

Dende o Grupo Socialista entendemos que a igualdade salarial resulta crucial nas políticas de igualdade, dado que abarca todo nesta política: segregación de espazos, repartición do tempo, valor asignado ao traballo e identidade de xénero. E tamén porque a superación da fenda salarial entre homes e mulleres está directamente condicionada polas políticas económicas produtivas de emprego, educativas e sociais nas que estas se inscriben.

A desigualdade salarial supón que as mulleres na nosa comunidade autónoma sexan vítimas dunha intolerable fenda salarial. Con datos de 2016, os últimos dispoñibles, da enquisa anual de estrutura salarial publicada polo INE en data 29 de marzo de 2018 —non inventada por este Grupo Socialista—, o salario medio anual das traballadoras galegas é dun 23,05 % inferior ao dos homes. En Galicia a ganancia anual dos homes é de 23.774,21 euros, mentres que a das mulleres é de 18.294,27. Hai, polo tanto, unha diferenza de retribución de 5.479,74 euros nas retribucións entre homes e mulleres, aumentando esta fenda salarial con respecto ao 2015.

Dende o Grupo Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de medidas e accións positivas e concretas que eliminen estas diferenzas nas condicións de traballo e particularmente na remuneración.

Polo anteriormente exposto, señor conselleiro, creo que é o momento en que toca meterse, como ben falei anteriormente na miña intervención, agora niso, cando lle preguntamos pola fenda salarial. Nós, os socialistas, si que pensamos que atacar e atallar a desigualdade entre homes e mulleres no ámbito laboral é un asunto que lle compete ao Goberno, e por iso, para esquivar esa parálise á que nos ten tan acostumados o PP, é polo que imos aprobar o vindeiro venres en Madrid a Lei de igualdade salarial entre homes e mulleres. (*Aplausos.*) Pero por iso preguntamos: ¿cre necesaria a Xunta de Galicia a posta en marcha dunha lei de igualdade salarial entre homes e mulleres? Ao parecer agora o Grupo Popular, que sustenta o Goberno, di que si. ¿Como ten previsto a Xunta de Galicia reducir a fenda salarial existente en Galicia?

O Goberno do señor Feijóo meteu nun caixón —como dixemos— estas leis de igualdade no traballo. Nós cremos que é fundamental que se xeneralicen e aproben os plans de igualdade para as empresas e institucións previstas nesa Lei orgánica 3/2007, establecendo a redución da fenda salarial como primeiro obxectivo destes devanditos plans. Tamén consideramos primordial actuar contra a segregación horizontal nas empresas mediante a revisión dos grupos profesionais e dos complementos salariais aplicables, para evitar que sexan discriminatorios respecto do sexo. E tamén se debe actuar contra a segregación vertical, establecendo un sistema de cotas obrigatorias nos consellos de administración das grandes empresas, a través de plans a longo prazo, co obxecto de lograr unha representación equilibrada de mulleres e homes.



E, neste senso, vai outra das nosas pregunta que lle facemos, señor conselleiro: ¿que medidas de apoio económico e técnico para a implantación voluntaria dos plans de igualdade ou doutras medidas de promoción de igualdade ten previsto aplicar o Goberno galego durante esta lexislatura?, así como ¿que valoración fai o Goberno galego da implantación da Lei 2/2007 e se considera que se está a cumprir con esta Lei de traballo en igualdade das mulleres?

Tamén nos preocupa —e moito— a ausencia da implicación e concienciación en canto á aplicación de medidas preventivas nos centros de traballo no tocante a aquelas traballadoras que se atopan en situación de embarazo ou de lactancia. E, sobre todo, preocúpanos que non se tomen medidas por parte dun goberno que di ser o máximo defensor da familia, dun goberno que se dedica a dicir cando temos que ser nais e que significa iso de ser nais. *(Aplausos.)*

Por iso, preguntámonos se o Goberno galego cre que se está a cumprir a lexislación vixente en materia de prevención de riscos laborais naqueles casos nos que as traballadoras se atopan en situación de embarazo ou lactancia, así como que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego durante esta lexislatura para garantir os dereitos das traballadoras que se atopan nesta situación.

E tamén, para ir rematando, gustaríanos coñecer a opinión do Goberno galego sobre un tema que se tratou hoxe pola mañá nesta Cámara, como foi as condicións que sofren as traballadoras do fogar. E nós queremos saber se ten previsto poñer en marcha o Goberno galego algunha medida para mellorar as condicións laborais destas traballadoras do fogar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Antes de que resposte o conselleiro, queremos saudar os alumnos dos ciclos superiores de Administración e Finanzas e de Asistencia á Dirección do Centro Rodolfo Ucha Piñeiro, de Ferrol, e os profesores que veñen con eles. Benvidos ao Parlamento.

E agora si, ten a palabra, para respostar, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Otero, é certo que en materia de igualdade queda moito por facer, pero, señora Otero, tamén é verdade que temos avanzado moito para lograr unha Galicia en igualdade. Un camiño que vai máis aló dun dereito da xustiza social, un camiño que é necesario para construír riqueza e benestar, porque as galegas e os galegos estamos camiñando xuntos como motor de desenvolvemento; un camiño que ten que estar fóra de visións partidistas, como a que vostede trasladou na súa intervención; e un camiño que hai que construír en positivo, e de feito estou seguro de que nos move á totalidade dos que estamos aquí presentes.



Dende logo, tentar argumentar o contrario, que foi o que vostede quixo trasladar na súa intervención, repetindo, por certo, un discurso recorrente do Partido Socialista, é unha desconsideración a todo o traballo que durante todos estes anos levan feito todos os gobernos da Xunta de Galicia.

E, se non fose así, por trasladarlle a situación actual, seguramente o Partido Popular non estaría gobernando en Galicia, pero o Partido Popular de Galicia está gobernando a maioría deste tempo.

Polo tanto, eu propóñolle aparcar as escusas para a confrontación e propóñolle dialogar e traballar con seriedade en solucións concretas. Eu sei que nestes momentos, hoxe, a vostedes, ao Grupo Socialista, lles resulta moi difícil, porque están centrados en xustificar como despois de nove meses de inacción por parte do Goberno de Pedro Sánchez teñen agora que xustificar unha decisión na cal vostedes o venres, señora Otero, van utilizar o Consello de Ministros como se fora a sede de Ferraz, e iso simplemente é un exercicio, señora Otero, de mala política.

En materia de igualdade, a un goberno o que lle hai que pedir é que faga boa política, e, dende logo, entendo que vostede ten moi difícil vir aquí esta mañá falar en serio e establecer un diálogo co Goberno en materia de igualdade; un goberno que, por certo, xa que fala das decisións que está a adoptar, vén de penalizar Galicia co cambio das regras de xogo na repartición de fondos das políticas activas de emprego, que tamén afectan as mulleres. E, polo tanto, vostede debería de preocuparse de como o Goberno de Pedro Sánchez penaliza Galicia e vai supoñer que neste ano 2019 Galicia vaia recibir menos fondos dos que lle correspondían cos criterios de repartición que xa estaban establecidos. Se realmente a preocupan as actuacións orzamentarias, debería de estar preocupada e debería de posicionarse, defendendo a Xunta de Galicia para que o Goberno de Madrid non penalice Galicia como o está a facer.

Pero centrémonos no emprego feminino. Como vostede sabe —e aos datos me remito, aos datos do propio Instituto Nacional de Estatística e aos datos do propio Goberno—, hoxe temos 479.000 mulleres afiliadas á Seguridade Social, case a metade do total, o 48 %. En Galicia hai máis mulleres cun contrato indefinido, máis de 18.100 mulleres. E hoxe en Galicia o mercado laboral presenta mellores resultados para as mulleres que o conxunto de España. Esa é a realidade, señora Otero, do mercado laboral en Galicia en relación coas mulleres: menor taxa de paro que en España, maiores taxas de actividade e de emprego que en España e menores taxas de temporalidade e de parcialidade que en España.

Esa é unha realidade, pero, con todo, é certo que quedan cousas por mellorar e é certo, como vostede sinalaba, que, segundo o Instituto Nacional de Estatística, as mulleres en España aínda seguen cobrando un 22 % menos que os homes, situación na que temos que traballar conxuntamente para poder acoutala. Pero tamén cómpre recordar, por dar todos os datos, que Galicia, señora Otero, é a segunda comunidade con maior aumento dos salarios femininos no período 2008-2016, cun incremento do 9,9 %.

É certo que aínda persisten obstáculos para o acceso das mulleres ao ámbito directivo, outro eido no que temos que traballar, que hoxe temos 12.300 mulleres en postos directivos e de



xerencia, que supoñen o 30,6 % das persoas ocupadas nesta posición, e que o reto é que se poida incrementar ese 30 % que hoxe representan as mulleres.

E aínda queda camiño —é certo— no relativo á conciliación laboral e familiar, onde é imprescindible unha maior corresponsabilidade entre as nais e os pais e onde as empresas teñen que asumir unha maior responsabilidade tamén para dar unha maior cobertura á maternidade e á paternidade.

Polo tanto, temos un camiño percorrido, cunha realidade na que Galicia hoxe presenta unha situación mellor que a que tiñamos hai dez anos, Galicia presenta unha situación mellor dende o punto de vista do mercado laboral que o resto de España, pero un camiño que temos que seguir percorrendo, porque hai ámbitos de mellora tanto na fenda salarial como na presenza de mulleres no ámbito directivo ou na propia conciliación laboral e familiar.

Un eido, o da conciliación, onde a Xunta de Galicia está dando pasos e está dando exemplos, que creo que é bo recordar e que é bo poñer en valor. Somos a primeira comunidade en incrementar a baixa por maternidade, ata as vinte e catro semanas. Galicia é a primeira comunidade autónoma que ten un plan de conciliación e de corresponsabilidade, e Galicia hoxe ten máis prazas públicas de escola infantil que nunca. Polo tanto, seguimos traballando cos concellos, coas familias monoparentais, cos traballadores autónomos, en definitiva, mellorando a conciliación.

Tamén, en canto á protección da maternidade, sabe —non o dixo pero debería de recordalo tamén— que o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia desenvolve un programa de protección das traballadoras embarazadas ou en situación de parto recente e lactación con visitas a empresas, con campañas de asesoramento e tamén trasladando información de carácter técnico.

Fálame vostede das traballadoras do fogar. Diga toda a información, porque vostede sabe que a Lei de prevención de riscos laborais exceptúa as relacións laborais de carácter especial do servizo do fogar familiar. Vostede debería saber que a lei regula a inviolabilidade do domicilio familiar —debería sabelo— e debe de saber tamén que, aínda con esta restrición, tal como recolle a lei, a Inspección de Traballo actúa. E a Inspección de Traballo, tanto pola vía de denuncia ou a instancia de xulgados e tribunais, levanta actas de infraccións cando se comprobaban situacións contrarias á norma laboral.

E falta vostede á verdade —e láméntoo profundisimamente— cando insinúa que non se cumpre a Lei de traballo en igualdade. Iso non é certo. Hai trinta e cinco mil mulleres que recibiron axudas do Plan Emprega en feminino, hai sesenta mil mulleres que recibiron servizos ao longo desta lexislatura para apoiar a incorporación das mulleres no mercado laboral, para o seu desenvolvemento profesional e para a igualdade nas empresas. Desenvolveu este goberno novas medidas vinculadas con programas integrados de emprego, coa contratación de Emprega muller, que inclúe un bono para a súa información. E estamos a reforzar o apoio para que as pemes leven a cabo medidas en materia de igualdade, de conciliación e de responsabilidade social; todas, medidas en aplicación da Lei en igualdade, aprobada pola Xunta de Galicia.



E sabe que no ano 2019 —porque así o presentamos na comisión cando esta consellería presentou os orzamentos— imos desenvolver novas medidas. O Consello Galego de Relacións Laborais vén de publicar un estudo da situación de igualdade na negociación colectiva para desenvolver guías de boas prácticas. Estamos desenvolvendo unha nova edición do programa Executivas, nunha guía que temos para desenvolver plans en igualdade. E estamos a traballar tamén cos interlocutores sociais no eido do diálogo social para desenvolver un novo programa de impulso de igualdade retributiva, que está recollido nos orzamentos deste ano 2019.

Remato. Remato, señoría, cunha mensaxe que creo que foi coa que inicié a miña intervención. Este goberno está traballando por unha Galicia en igualdade, e unha Galicia en igualdade supón a implicación de todos, non só dunha parte de Galicia. As mulleres saben que o Goberno está traballando por esa Galicia en igualdade, a sociedade está traballando pola Galicia en igualdade. Eu o que lle propono é que tamén o Partido Socialista e o resto dos grupos da oposición traballen pola Galicia en igualdade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Concordo plenamente con vostede, señor conselleiro, en que queda moito camiño por percorrer. Pero entendemos que un camiño que se tivera recorrido dun xeito máis rápido, se se tiveran en conta e aplicaran os documentos legislativos que existían no momento en que vostedes chegaron ao Goberno da Xunta (*Aplausos.*) —as normas legais existían—, teríamos un gran camiño percorrido, pero vostedes, por falla de vontade política, non as aplicaron. Os datos están aí.

Quero dicir: ¿como se van poñer enriba da mesa esas políticas para conseguir unha igualdade entre homes e mulleres se non se dotan orzamentariamente? Por moito que se faga propaganda e se anuncien medidas, se esas non están dotadas orzamentariamente, iso é imposible de levar a cabo. Hoxe catro de cada cinco euros para a partida de igualdade foron recortados polo Goberno de Núñez Feijóo, (*Aplausos.*) e iso está no orzamento da Xunta. Sen cartos, por moi boas iniciativas que se teñan, non se poden levar á práctica.

Critican que o Goberno de Pedro Sánchez utilice eses consellos de ministros para sacar uns decretos neses «venres sociais», que —como xa dixen antes— cambian os «venres de dolor» polos «venres sociais». Pero, ben, é que no tema dos reais decretos vostedes tamén coñecen bastante de que vai o tema, porque nun goberno de Mariano Rajoy, con maioría absoluta, que non ía ter problema para poder aprobar no Congreso dos Deputados os seus proxectos legislativos, pois aprobáronse nada máis e nada menos que vinte e nove reais decretos, (*Aplausos.*) que todos eles ían recortar os dereitos aos traballadores e ás clases pasivas deste país. Entón, polo menos un pouquiño de seriedade.



Critican tamén eses orzamentos do Estado que vostedes votaron en contra, eses orzamentos de 2019. Quero recordarlles que hoxe estamos aquí a falar de políticas de igualdade, de igualdade entre homes e mulleres, non estamos a falar de infraestruturas. E vostedes votaron en contra dun Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado no que máis do 55 % do orzamento ía destinado a políticas sociais, e, dentro desas políticas, ían incluídas melloras para lograr esa igualdade salarial. E vostedes votaron en contra.

Vostedes centran todo o discurso dos orzamentos xerais do Estado nas infraestruturas, que nós tamén consideramos importantes —quero dicir, o Grupo Socialista tamén considera importantes as estradas, por exemplo—, pero situamos por riba as persoas. Porque as estradas ao mellor poden esperar pero as persoas para comer e facer a súa vida non poden esperar máis. *(Aplausos.)*

Eu creo que ao mellor non me expresei ben. Eu non lle estaba a falar de que non se estaba a cumprir a Lei de prevención de riscos laborais nas empregadas do fogar. Eu xa sei que están excluídas, ese réxime especial está excluído da Lei de prevención de riscos laborais. Eu faláballe das traballadoras en distintas empresas nas que non se garante ese dereito que teñen á súa maternidade e á súa lactancia. Non se están a respectar os preceptos da Lei de prevención de riscos laborais, e por iso moitas mulleres ven minorados os seus dereitos nese ámbito.

Non nos respostou a moitas das preguntas, ou a ningunha das que hoxe plantexamos aquí. ¿Están ou non a favor desa opinión do Goberno? A do Grupo Parlamentario Popular parece que mudou, pero no Goberno ¿están a favor ou non desa Lei de igualdade salarial? Non nos falou de se van poñer medidas encima da mesa para mellorar as condicións das traballadoras do réxime do fogar. E tampouco nos dixo se durante esta lexislatura se van implementar e poñer en marcha todas esas medidas que estaban recollidas na Lei de igualdade do traballo de mulleres en Galicia. Se vostedes tiveran vontade política —pero, á parte da vontade, hai que poñer cartos—, pois melloraría en moitos sentidos o aspecto das mulleres deste país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Peche da interpelación, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Otero, debería de pedir vostede información no seu grupo parlamentario sobre os orzamentos e saber que os orzamentos xa teñen superado os do Bipartito, e que, polo tanto, a estrutura organizativa da Xunta de Galicia actual nada ten que ver coa do Bipartito. E, polo tanto, cando vostede queira facer comparacións orzamentarias, debería de saber que as partidas de igualdade non están nun só departamento neste goberno.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria adicou 80 millóns de euros para políticas activas de emprego ás mulleres no ano 2018; 140 millóns de euros na Consellería de Política



Social; polo tanto, 220 millóns de euros. Xa me dirá vostede que tipo de orzamentos e que partidas orzamentarias vén trasladar aquí, porque, lamentablemente, o que está facendo a Xunta de Galicia é adicar máis recursos a esa Galicia en igualdade. *(Aplausos.)*

Do que se debería de preocupar é de por que o seu partido en Madrid establece un cambio de criterios, sen consensuar coas comunidades autónomas, nos cales Galicia se ve prexudicada. Polo tanto, neste ano 2019 Galicia vai recibir menos recursos en políticas activas de emprego por un cambio de criterio que o seu Goberno en Madrid está establecendo en contra da aplicación de criterios orientados á execución eficiente dos fondos europeos. Precisamente porque executamos ben os fondos europeos, Galicia recibía máis diñeiro, e por iso as mulleres en Galicia podían beneficiarse desas políticas activas de emprego.

Polo tanto, señoría, non me fale vostede de partidas orzamentarias, porque se algún goberno está apostando por adicar orzamentos á igualdade, é precisamente este.

Vostede trasladame se este goberno está a desenvolver, de forma activa, políticas. Eu trasladeillas, eu trasladeille como estamos definindo melloras e categorías profesionais, como estamos establecendo medidas de acción positiva para contratar as persoas do sexo menos representado, como estamos tamén dotando dunha maior transparencia na estrutura retributiva e a revisión dos complementos salariais e como estamos racionalizando e flexibilizando horarios co fin de non dificultar a conciliación. Estamos actuando, polo tanto, con medidas concretas, derivadas da Lei de igualdade.

E estamos traballando tamén en materia de igualdade de trato e en materia de oportunidades, de forma concreta, na igualdade retributiva. Eu trasladeillo. Este ano a Xunta de Galicia vai desenvolver un novo programa de impulso da igualdade retributiva que vai favorecer a redución da fenda salarial. E estamos traballando cos axentes económicos e sociais e imos traballar nunha política activa para reducir esa fenda salarial.

En canto á Lei da igualdade retributiva, vostede sabe que a Xunta de Galicia ten instado o Goberno central á súa adopción. E sabe que o volveremos facer con motivo da proposición non de lei exposta polo Grupo Popular neste pleno. E o único que lles pedimos en materia da Lei de igualdade retributiva é que fagan as cousas con consenso. Sei que o ten moi difícil, sei que ten moi difícil xustificar a mala política do Partido Socialista en Madrid; unha mala política que o vai levar a que o Consello de Ministros pareza máis ben a sede de Ferraz. E iso non é de recibo nun Estado no cal estamos traballando para respectar e actuar con lealdade. Lamentablemente, vostedes tiveron durante nove meses a maioría... *(Murmurios.)* Señora Otero, tiveron a maioría e non a souberon aplicar. E agora que convocan eleccións queren aprobar no Consello de Ministros simplemente utilizando dunha forma impropia, impropia, o Consello de Ministros. É simplemente un exercicio de mala política, impropia do Partido Socialista Obreiro Español, que empeza a ser un partido xa descoñecido. *(Aplausos.)*

En definitiva, hoxe, señoría, hai máis mulleres afiliadas á Seguridade Social que nunca. Seis de cada dez mulleres galegas contan cun contrato indefinido e xornada completa. E, igual que no resto de indicadores do mercado laboral, seguimos mellorando a posición con respecto a España. ¿Insuficiente? Si, pero, señoría, tamén moito mellor que a situación na que estabamos.



En definitiva, señoría, eu tan só lle pido ao Partido Socialista que se incorpore á loita para a Galicia en igualdade, pero, sobre todo, que recuperen a boa política, que recuperen a política de consenso e que recuperen esa política que nos ten que levar a todos a construír unha Galicia en igualdade para todos e, señoría, con todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Tal como se anunciou onte, procedemos agora a formular unha pregunta ao Goberno.

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da visita a Vigo realizada pola ministra de Sanidade o día 28 de xaneiro de 2019

O señor PRESIDENTE: Déanlle voz ao escano da señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Bos días.

Conselleira, grazas por estar hoxe contestando a esta pregunta.

Nós consideramos un auténtico despropósito, un acto de incoherencia e de vantaxismo político, que o Goberno de España faga virtude agora de algo que criticou tanto, que se criticou tanto nesta cámara, que era o Laboratorio Europeo de Referencia de Biotoxinas Mariñas.

¿Por que dicimos isto? Ben, nas bancadas da oposición, ao longo desta lexislatura, no último ano, escoitamos por parte do PSOE algunhas perlas do estilo de que fixeramos unha defensa tibia e que esta debería ser firme e decidida e que tiña que ir máis alá dun informe; agora vemos que o seu propio ministerio dá por boa esa xestión. Dicían que nunca houbera candidatura, que non era certo que se traballara —eu estou collendo, ademais, palabras textuais de intervencións—, e o que non dicían nunca é que houbo prazos para presentar a candidatura e que non podía ser posible presentala antes. Dicían que intentáramos tomalos por parvos e falaban dunha actuación burlesca, e que intentáramos contar algunha verdade; non sei se as palabras da ministra Carcedo agora tamén teñen estes cualificativos ou merecen estes cualificativos. Dicían que ou eramos incompetentes ou eramos mentireiros e que tiña que dimitir vostede, señora conselleira; supoñemos que agora non pedirán eles a dimisión da señora Carcedo.

Ben, e ademais dicían tamén que ¿quen mentía? Se mentía a prensa, se mentía Bruxelas, se mentía a Xunta. Queda claro, ademais, que agora tamén teñen que preguntar se mente tamén a ministra Carcedo. Ben, nós o que cremos é que mentía quen xogaba ás medias verdades e quen metía —permítanme a expresión— cizaña á hora de falar deste tema.

Desde o Bloque Nacionalista Galego tamén dicían outras perlas que convén hoxe recordar. Dicían que este era un laboratorio farsa e un calote, e que non tiñamos un goberno serio e



que perderamos por incompetencia; agora é unha realidade constatada, sabemos que está alí o laboratorio. Dicían que eran as migallas; agora resulta que xa temos claro que era a parte máis importante do CEFAS, que tivo que desfacerse polo tema do *Brexit*.

En Marea dixo que era un novo engano, que era unha chapuza de Mortadelo e Filemón —creo que dixo iso a señora de En Marea—, surrealista e ridícula; nós non sabemos que dirán agora dos seus socios de goberno en Madrid. Dicían que esta decisión prexudicaba os mariscadores e a comunidade investigadora; non sabemos tamén se teñen que pedir desculpas ao sector, polo menos. E dicían que esta cuestión era porque non se sabía quen mandaba no «gran PP» —abro aspas, porque así falaban do «gran PP»—, se os deputados do Congreso ou o presidente da Xunta; nós non sabemos quen manda en En Marea, iso si que non o sabemos ningún dos que estamos nesta cámara.

Ben, conselleira, clarexadas estas posturas —eu creo que convén lembrar o que dixo a oposición disto—, quería preguntarlle a vostede que valoración fai o Goberno galego da visita que tivo hai pouco a ministra Carcedo a Vigo para presumir, precisamente, da existencia deste laboratorio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Egerique, a verdade é que pouco podemos valorar desta visita, salvo o que coñecemos polos medios de comunicación. E disto creo que é importante destacar que agora o Goberno actual se suma ao feito de conseguir importantes competencias para as institucións radicadas en Galicia. É a propia ministra quen destaca a importancia que cobra o laboratorio ao asumir estas competencias, por canto —e cito textualmente segundo os medios de comunicación— a ministra manifestou que estas competencias «veñen reforzar a dimensión do centro e a investigación que se realiza conxuntamente coa Universidade de Vigo». Temos, xa que logo, algo importante, un paso avante de gran calado.

En todo caso, o que anunciou a ministra de Sanidade en Vigo durante a súa visita ao laboratorio xa o sabiamos desde hai máis dun ano. Xa sabiamos que Galicia obtivera a designación da parte máis importante do laboratorio europeo de referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos de moluscos bivalvos. De feito, así o vimos sinalando desde o momento en que se coñeceu esta designación con motivo do *Brexit*, a pesar de que desde Galicia sempre defendemos que queríamos a totalidade das áreas do laboratorio comunitario de referencia.

Pero tamén consideramos que, a maiores de esquecerse de invitarnos oficialmente, nesa colaboración que se sinala, amais da Universidade, debería figurar outra parte que posúe unha



ampla traxectoria de apoio e colaboración co laboratorio comunitario de referencia, que é o Intecmar. Por iso trasladamos unha carta á propia ministra na que demandamos do Goberno central que dea continuidade á tramitación do protocolo entre o Estado e a Xunta para colaborar no control das zonas de produción de moluscos bivalvos. Cabe lembrar que este protocolo xurdiu a raíz dunha reunión que eu mesma mantiven en xaneiro do ano pasado en Bruxelas co anterior director xeral da DG SANTÉ, don Xavier Prats, quen sinalou a posibilidade desta colaboración entre o laboratorio e o Intecmar.

En todo caso, creo que temos, desde Galicia, que agradecerlle ao Goberno central a súa adhesión ao recoñecemento da boa noticia que supón para España e para Galicia a asunción por parte do sinalado laboratorio desta nova tarefa.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Conselleira, grazas por relatar outra vez máis como foron os feitos realmente, a verdade dos feitos que vostede xa tivo que explicar aquí nalgunha outra ocasión. E hoxe vemos, que está ademais ratificado polos feitos, como vostede ben dixo.

Nós outra cousa que non entendemos é que na visita a ministra Carcedo non invitara ningún representante do Goberno galego, que non chamara a Xunta de Galicia nin contara con ninguén de Galicia, máxime cando esta comunidade autónoma é competente na materia de control das zonas de produción, e máxime cando si foron invitadas outras administracións sen competencias nese tema, como puido ser a Deputación de Pontevedra ou a Zona Franca de Vigo. E alí ían o alcalde, a Zona Franca e a Deputación en trinca pola visita, pero da Xunta de Galicia, ninguén.

E hai algo que tiñan en común esas administracións, e é que son todas do Partido Socialista, señora conselleira. *(Murmurios.)* Por iso eu creo que foron invitadas, e non porque tiveran algo que ver nin na defensa dos intereses de Galicia neste tema, nin na defensa do laboratorio, nin na defensa —como digo eu— do sector pesqueiro, que iso o referendou todo a conselleira do Mar.

Nós non entendemos que se criticase antes o que se aplaude agora. Esa é a incoherencia permanente do Partido Socialista, que sempre temos dito aquí. Non entendemos que se aplauda, salvo —que aí pode habelas— algunhas excepcións: pode ser que sexa para tapar a proposta que fixo un comisario socialista de desmantelar absolutamente o laboratorio; pode ser tamén que o fagan porque queiran tapar aquelas acusacións que eran infundadas, porque a xestión si que ten froitos e hoxe estámolo vendo tamén, e pode ser que sexa xa —que pode ser tamén, e agora ademais é moi acaído— por tapar o Goberno de Cataluña, que tanto defende agora o Partido Socialista, *(Murmurios.)* que estaba máis pendente de quedar coas compe-



tencias pero que, finalmente, están en Galicia. Están en Galicia, está aclarado, a propia ministra vén presumir para defender algo no que tanto se traballou desde Galicia. E, polo tanto, conselleira, nós agradecemos o seu traballo e seguiremos apoiando desde este Grupo Parlamentario Popular que isto estea en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Egerique, a min a verdade é que, sobre este tema, me parece interesante recordar unhas palabras que eu apuntaba neste mesmo hemiciclo no ano 2017: «A experiencia faime acreditar nun principio moi básico e antigo que di que non se debe xulgar antes de ter toda a información. Digo isto porque non é a primeira vez que sucede neste parlamento, que se fai así, e que algúns dos que acusan e atacan teñen que matizar deseguido de forma substancial as súas palabras». E dicía máis: «Neste caso, pódeme crer que esta conselleira tivo sempre dúas condicións en todo este proceso: obramos de boa fe, e fixémolo todo desde a vontade de reforzar a eficiencia no eido dos controis dos moluscos bivalvos». *(Aplausos.)*

Visto o visto, eu creo que esas palabras se ratifican, e creo que estamos nun novo caso de modificación substancial daquelas palabras que lle dedicaban ao meu departamento e a min mesma; como vostede recordará, pedíanme tamén a dimisión. Dígoo por quen se ven corrixidos nas interpretacións pola súa plana maior, dígoo por quen puña en solfa quen mandaba no partido á hora de obrar en Madrid e dígoo por quen daquela dicía que Galicia saíra perdendo.

Eu só pido, de verdade, que aquel tempo quede atrás, que se sumen nesta etapa a un traballo a prol do sector e da investigación, e que fagan menos política e máis Galicia. Porque o actual Goberno de Madrid dá por boa agora aquela cuestión, e agora queremos que siga nesa liña, queremos que se una á nosa proposta, queremos que terminen de ratificar o convenio de colaboración co Intecmar e queremos tamén que se siga valorando se realmente a Unión Europea se equivocou cando decidiu dividir as tarefas que facía o CEFAS. Por iso nós estamos empeñados en seguir controlando que realmente as funcións que ten que facer o laboratorio comunitario de referencia as faga e se dea cumprida resposta a todas as necesidades que ten o noso sector.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e catorce minutos da tarde e retómase ás catro.



O señor PRESIDENTE: Retomamos a sesión.

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre o tratamento das informacións en materia de igualdade

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Bo día, hoxe vimos preguntarlle polo incumprimento reiterado que se está dando na actualidade nos medios de comunicación respecto da lexislación en materia de igualdade. Moitas veces temos reflexionado nesta Cámara sobre o papel fundamental que xogan os medios na construción de opinións, na formación e incluso na conformación da propia realidade. E xustamente como sabemos que o seu papel é tan importante, ben para axudar a rachar cos roles e cos estereotipos de xénero, para axudar a acabar con eles, ou para perpetualos, cremos que é importante que pensemos, que reflexionemos, sobre esta cuestión e que se tomen máis medidas, porque as que se están tomando ata o de agora estanse demostrando totalmente insuficientes.

Hai moitos exemplos. Non é raro atopar en moitos medios de comunicación como se normalizan determinados contidos que perpetúan e fortalecen as desigualdades, que perpetúan estes roles e estas actitudes machistas. E, como digo, as medidas que se están tomando ata o de agora son totalmente insuficientes e non se están demostrando como efectivas. Non é raro que os casos de violencia machista formen parte das páxinas de sucesos, non é raro que se publiquen fotografías totalmente inapropiadas, detalles da vida persoal das mulleres vítimas. E entendemos que hai moitas destas cuestións que teñen que rematar. Por pór algúns exemplos destas prácticas que entendemos que dan boa mostra de que a lexislación actual non se está cumprindo, hai moitos titulares que falan de mulleres que morren ou que perden a vida. E isto non pode consentirse porque as mulleres non morren sen máis, as mulleres son asasinadas. E entendemos que é moi importante rematar con este tipo de titulares. É igual de importante rematar con todos os titulares que falan de «crime pasional», que falan de mitos románticos, cando nos están matando. Por darlles dous exemplos que son moi visuais, temos o do psicópata que mataba por amor. Este estivo publicado, e é unha nova versión do coñecido «*la mató porque la quería*». Eu creo que todas temos na cabeza aquela nova que lemos —que está rectificadada, menos mal, pero que saíu e que todas puidemos ver—, que falaba dunha parella abrazada, que morreron abrazados, cando en realidade o que pasou foi que a queimou viva. Son algúns dos exemplos que entendemos que dan mostra de que non se está a facer o suficiente.

Moitas veces as mulleres vítimas —por exemplo, violadas— son perseguidas despois polos medios de comunicación, con actitudes que tamén teñen que rematar —outro exemplo—, omitindo os lugares e os nomes das mulleres, porque creo que xustamente é o que non hai que facer. «A vida normal da moza violada: universidade, viaxes e amigas...», «ela non era ningunha santa»... Son comentarios que obviamente poñen o foco na vítima, na muller, culpabilizándoa a ela da situación de violencia que tivo que vivir. Outras veces —non poucas— excúlpase o que é o maltratador: «As persoas recordábano como un ser extraordinario, era



amable, saudaba os veciños, non respondía ao perfil dun maltratador...». Ou ben alúdese a certos problemas persoais, como poden ser o alcoholismo ou algunha enfermidade mental.

Son todas estas actitudes, que se repiten —só son uns exemplos, poden atopar moitos máis nos medios de comunicación—, as que, como dicía, dan conta de que é evidente que a actual lexislación non se está a cumprir.

Hai outras dúas esferas onde é especialmente sangrante a actitude dos medios de comunicación, como son o deporte e tamén a política. Falando da política, non é raro atopar algunha descrición gráfica da roupa de determinadas ministras, do aspecto físico de determinadas deputadas. Nunca se fai, pola outra parte, esa descrición da roupa ou do aspecto físico dos homes. E, falando do deporte, só lles vou dar un exemplo que a min me parece moi visual: «*Carolina Marín, la niña que admira a Nadal, primera no asiática que gana el oro*». Unha muller que gana un ouro e que, aínda así, o único que se lle pon de descrición nun titular é que admira a un home. Sempre aparecen como subordinadas no papel dun acompañante.

E estes casos, os que nomeaba, son seguramente os que máis nos chaman a atención, os máis visuais e os que máis facilmente se perciben. Pero hai moitas outras cuestións que son máis sutís e que están normalizadas, que pasan todos os días, que axudan a conformar as identidades e a perpetuar estes roles, como é, por exemplo, a sobrerrepresentación do masculino, que se ve; a diferenza evidente cando se fala duns temas ou doutros —as mulleres falamos normalmente duns temas e os homes falan doutros temas—; a cosificación que hai por parte dos medios de comunicación e da publicidade dos corpos das mulleres, que non se dá así cos homes. Estas, como digo, moitas veces pasan desapercibidas.

E por pór un comentario, eu creo que é moi importante que a perspectiva feminista atravesese por completo o xornalismo. Por suposto, ten que atravesar a quen crea os contidos, a quen xera estes contidos, pero tamén creo que é importante actuar sobre quen escribe artigos de opinión, porque hai algúns artigos de opinión que xeran violencia. Non é admisible, por exemplo, cando nos están matando ano tras ano, ler determinados artigos que cuestionan esta violencia. Entendemos que hai un límite, e esas cuestións non son respectables.

Como dicía, o problema fundamental non é que non teñamos lexislación. Temos unha lexislación bastante avanzada. É verdade que falta por desenrolar, e o problema desta falta de desenrolo é que no día a día vemos como non se está avaliando. Os artigos 9, 10 e 11 da Lei galega de igualdade do 2007 recollen unhas cuestións moi concretas que, se se cumpriran, non teríamos que estar dando este debate. Porque literalmente falan de que a Xunta garantirá que os medios de comunicación de titularidade pública, nomeadamente a Compañía de Radio e Televisión de Galicia, e aqueles outros nos que participe ou que financie —e aí entran moitos outros medios de comunicación, porque a Xunta de Galicia ten moitas subvencións a moitos medios públicos—, non emitan na súa programación imaxes ou contidos que resulten contrarios á finalidade e ao espírito desta lei. E tamén velará para que nos medios de comunicación se ofrezca un tratamento axeitado das noticias sobre violencia de xénero e se promova que as informacións relativas á violencia sobre a muller velen polo dereito á intimidade das vítimas e das súas fillas e dos seus fillos.



Como vemos, se se cumpriran estes artigos, moitos dos titulares que lles lin previamente non deberían ser admitidos pola Xunta de Galicia. Sen embargo, vemos como doce anos despois da instauración desta lei continúa pasando isto todos os meses, todas as semanas. Pero, ademais, non é que só exista esta lexislación. Hai un código deontolóxico, hai unha declaración que foi moi importante, a Declaración, do ano 2004, de Compostela, hai tamén un propio manual de redacción xornalística da Xunta de Galicia. Pero o problema con todas estas cuestións é o mesmo: que non se está a cumprir na actualidade con ningunha lexislación desta. Por iso a pregunta que lle queremos facer é moi clara: ¿que valoración fan dende a Xunta de Galicia da situación actual en relación co cumprimento da lexislación de igualdade, do código deontolóxico e tamén da Declaración de Compostela?, e, sobre todo, se teñen pensado facer algo, se teñen pensado tomar algunha medida para que esta situación non continúe máis tempo.

Hai unha cuestión moi clara: a Xunta ten un mecanismo de presión moi importante se o quere utilizar. ¿Plantexan nalgún momento condicionar as subvencións públicas aos medios que non cumpran coa lexislación de maneira estrita? Nós cremos que é unha medida que a Xunta de Galicia ten e que debería estar aplicando. Non pode ser que estea subvencionando medios de comunicación que non cumpran a lexislación de igualdade e que non pase nada neste país.

Con outros temas esta cuestión non pasaría, como dixen tamén pola mañá. Non hai outras lexislacións que se incumpran de maneira tan reiterada como a lexislación galega: doce anos e os incumprimentos son sistemáticos en todas as cuestións.

E, sobre todo, quero dicirle que non lles estamos exixindo só nós, este grupo parlamentario, que fagan algo máis. As propias xornalistas, as xornalistas, pararon o 8 de marzo. As xornalistas están organizándose e o propio colexio está deixando claro que é necesario un cambio, que é necesario incorporar a perspectiva feminista, dunha vez por todas, aos medios de comunicación. Hai moitísimas profesionais e moitos profesionais que están totalmente concienciados coa loita feminista. Nós agradecemos todo o esforzo a esas persoas que visibilizan e que loitan cada día, pero obviamente algo está fallando, e a realidade é unha evidencia. Por iso as preguntas son claras.

Deixo a miña intervención polo de agora, e espero que na súa intervención fagan autocrítica deste balance destes doce anos, xa que obviamente a realidade é moi preocupante. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Señora Quinteiro, remataba vostede a súa intervención dicindo que agardaba que fixeramos autocrítica sobre o estado actual do tratamento que fan os medios de comunicación sobre a



violencia machista, en primeiro lugar, pero tamén sobre todo o que ten que ver coas políticas de igualdade. ¡Por suposto! Se cre que lle vou dicir que todo está moi ben e que, polo tanto, se están cumprindo todas as lexislacións... Se entenderamos tamén que todo é cuestión de cumprir a lexislación e que non é cuestión de mentalización e de que as cousas vaian mellorando pouco a pouco... Eu creo que é bastante máis iso. Se vostede cre que todo se soluciona cunha lei, pois probablemente xa estaría todo solucionado. Porque normas, efectivamente, existen. Outra cousa é a súa forza obrigatoria, se son leis, e o seu ámbito de aplicación. Eu creo que algunhas cousas foron mellorando bastante.

Coincidimos nunha cousa no plantexamento que fai na interpelación. Efectivamente, somos conscientes na Xunta de Galicia, e creo que é consciente toda a sociedade, do importante —importantísimo, permitiríame dicir eu— papel que desenvolven os medios de comunicación á hora de transmitir novas, efectivamente, á hora de transmitir esa visión das novas, os plantexamentos que fan, como conciben mesmo as noticias que despois teñen que contar e, polo tanto, o importante que son para erradicar estereotipos, que é certo que levan moitísimo tempo sustentando desigualdades entre homes e mulleres. Iso é certo. Polo tanto, esa influencia hai que aproveitala para remover as consciencias, tamén o teñen que facer evidentemente os medios de comunicación ante ideas e condutas que se producen —e que despois loxicamente hai que contar— que son vexatorias, que son inxustas, que son discriminatorias e que, polo tanto, dependendo de como se transmitan, efectivamente, se pode colaborar para avanzar na súa erradicación. Polo tanto, é innegable esta influencia, eu non lla vou negar, nin moitísimo menos. E tamén é innegable, polo tanto, a responsabilidade que teñen os medios de comunicación e tamén as administracións —por iso estou aquí hoxe respondendo— para ir cambiando isto pouco a pouco e para ir facendo sempre unha reflexión, que ten que ser permanente, sobre como se trasladan todas estas mensaxes, sobre como se dan a coñecer os feitos, en definitiva.

Outra cousa é a valoración. É diferente. Vostede poñía moitos exemplos. Poñía un referido a Carolina Marín. Eu tamén lin esa nova, e ¿que lle vou dicir? Co de que Carolina Marín admire a Nadal vostede pensa que con iso se está dicindo que o admira porque é home, que, polo tanto, teno que admirar porque é home, non ten outra cousa. Foi o que vostede dixo, ou foi o que entendeu moita xente, pero non só iso. Ao mellor admírao porque gañou moitos torneos, polo seu espírito de superación, mesmo porque é español coma ela, por moitísimas cousas. Vostede di que non, que, se se está dicindo que o admira e se se transmite iso, é simplemente un estereotipo machista. É moi difícil poñerse de acordo niso, son apreciacións subxectivas. E tamén inflúe en como o concibo eu ou en como o concibe vostede a transmisión que fan os medios de comunicación.

E volvo dicir que autocrítica por suposto que si, na parte que nos toca á Xunta de Galicia. É certo que hai unha lei —vostede sinalábaa—, a Lei 11/2007, que establece que a Xunta ten a obriga de velar para que nos medios de comunicación —en Galicia, por suposto— se ofrezan «un tratamento axeitado das noticias sobre violencia de xénero» —leo textualmente— «e promover tamén que as informacións relativas á violencia sobre a muller velen polo dereito á intimidade das vítimas e das súas fillas e fillos». Isto é o que di a lei e, polo tanto, establece unha serie de obrigas para a Xunta de Galicia para que faga cousas. ¡Claro!, para que se garanta que en ningún caso se van incumprir, pois, ¡joia!, para iso ao final están os tribunais.



Nós temos medidas proactivas e despois tamén está —que creo que é o momento de introducir isto no debate— a responsabilidade das persoas que traballan nos medios de comunicación, que tamén a teñen e que, por suposto, tamén hai que exixírllela. Porque se pode dar un marco normativo pero tamén está o día a día e a deontoloxía dos profesionais con independencia das instrucións que poidan recibir con carácter xeral. Non creo que nisto reciban instrucións concretas dos responsables, dos directivos, dos medios de comunicación.

Polo tanto, ¿que fixo a Xunta de Galicia? Pois elaborar un código de boas prácticas. Niso é no que temos a obriga, para que despois se siga, loxicamente. E elaborouse no seu día, difundíuse entre todos os medios de comunicación, e mesmo se remitiu aquí aos deputados e deputadas que naquel momento formaban parte do Parlamento. Fixéronse cursos dirixidos a xornalistas, aos que se invitou tamén os membros desta Cámara, para abordar o tratamento integral da violencia de xénero nos medios de comunicación. Vostede falaba da Declaración de Compostela. Ese código de boas prácticas tomou como modelo a Declaración de Compostela.

¿Que se quería con este código de boas prácticas? Que servira —creo que isto é fácil de entender— para que cada empresa de comunicación, para que cada emisor de comunicación, as persoas que traballan nesas empresas de comunicación, artellasen despois o seu propio código de autorregulación na materia. Creo que isto é o desexable. Se entendemos que isto simplemente funciona porque unha norma obriga, pois claramente non funcionará ou, dende logo, non funcionará de xeito completo. A autorregulación e a concienciación de todos os profesionais que día a día transmiten a través dos medios de comunicación creo que é o fundamental, e creo que é como ten que funcionar.

Había doce eixos. Por recordarllos —xa que vostedes me preguntan—, este código de boas prácticas dicía que había que valorar a información da violencia de xénero na súa dimensión real —creo que isto é fundamental—, obxectivar o que pasou realmente, contextualizar despois a noticia, acudir ás opinións de persoas expertas, respectar a dignidade da muller na súa dor, extremar o celo e o rigor no manexo de fontes de información, difundir casos de mulleres que saen dunha situación de violencia e logran refacer a súa vida —a modo de exemplo de superación, que se coñeza ese esforzo—, realizar o seguimento dos casos máis alá do suceso en concreto, facilitar información útil, identificar a figura do agresor e non xustificalo nunca, formular enfoques innovadores, converter a información en servizo público —iso sempre ten que ser, especialmente falando destes casos— e formar e especializar as persoas que traballan nos formalismos en torno a esta lacra.

Isto era o que pretendía e o que buscaba o código de boas prácticas. E tamén resolver —¿por que non, xa que existen?— as dúbidas que puideran xurdir, que seguen xurdindo e que xurdirán durante moito tempo, na elaboración de informacións vinculadas á violencia sobre as mulleres en todos os medios de comunicación e en todos os estamentos dos medios de comunicación, non só os xornalistas que fan directamente a nova senón tamén en todos os estamentos dese medio de comunicación. Porque ao final isto non pode chegar simplemente a quen fai a noticia. Como vostede falaba, hai xornalistas que piden tamén que os seus propios medios de comunicación se impliquen moito máis, efectivamente, en todo este problema.



Todos somos conscientes de que as circunstancias que rodean diariamente —e máis agora, coa inmediatez, con todas as canles de comunicación que hai, que hai que facer a noticia, a información xornalística, rapidamente e con inmediatez— ao que obrigan é a que non se esqueza nunca e se teñan moi presentes e moi interiorizados todos eses códigos deontolóxicos, dos que teñen que formar parte moi importante eses códigos de boas prácticas.

Puxemos en marcha na Xunta de Galicia, tamén no ano 2015, un concurso, o concurso chamado «Comunicar en igualdade», que segue a día de hoxe. No seo do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero, a Xunta creou a Comisión Asesora de Publicidade non Sexista co obxectivo de contribuír, efectivamente, a que todos os estereotipos que se están transmitindo, que se seguen transmitindo a día de hoxe —creo que niso tamén algo melloramos— a través dos anuncios publicitarios, e na publicidade subliminal, se vaian erradicando canto antes, e, en todo caso, gradualmente.

Isto sobre as medidas que fixemos. Dígoo porque teño o tempo que teño, e por intentar responderlle a todas as preguntas que me fixo.

Vostede, na segunda pregunta que me facía, interesábase polas medidas que levamos a cabo non só para intentar que se levasen a cabo estas prácticas, cumprindo a obriga que temos na Lei do ano 2007, senón tamén para verificar que se estaban aplicando estes códigos de autorregulación. Vaia por diante o que lle dicía en primeiro lugar. Non son disposicións legais. Polo tanto, ao final, se hai un incumprimento, quen ten que decidilo á hora de sancionar non pode ser a Xunta de Galicia —polo menos do incumprimento dunha lei—. Son os tribunais os que o teñen que facer. En todo caso, trátase de estar vixiantes e de transmitir calquera incumprimento que vexamos que se está producindo. Eu isto derivaríaos aos máximos responsables. Primeiro, ao xornalista do día a día, que creo que fai moito neste sentido; pero, ao final, os máximos responsables dos medios de comunicación terán que ser os máximos responsables de que estes códigos deontolóxicos se estean aplicando.

E por falarlle dos medios públicos, na Compañía de Radiotelevisión de Galicia, o consello de administración ten unhas normas para o tratamento informativo destes casos, e son directrices de acceso público. Pódense consultar no portal de transparencia da corporación. Chámense Normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual da Corporación de Radio Televisión de Galicia. Hai un capítulo específico dedicado a estas cuestións. Toda a temática relacionada coa muller, a igualdade e a violencia de xénero está regulada e controlada polo consello de administración. Polo tanto, isto dise nada máis consultar o portal de transparencia. A compañía forma parte tamén do Observatorio Galego de Violencia de Xénero e da Comisión Asesora de Publicidade non Sexista.

Preguntábame tamén se temos previsto condicionar as subvencións. Vostede dicía que é unha ferramenta efectiva. Efectivamente —valla a redundancia—, cando estamos falando de recursos pode ser un elemento. Eu non creo que sexa o decisivo, senón que partimos de que isto é máis de concienciación, de algo que hai que facer así por moitísimas razóns máis alá das sancións pecuniarias en forma de non dar subvencións —podería vostede interpretalo como sanción pecuniaria—. Creo que iso pode supoñer un determinado freo, pero quen queira facelo e quen non estea convencido deste tema probablemente volverá facer o mesmo,



obteña subvencións ou non obteña subvencións. En todo caso, nese senso quede tranquila, a Xunta de Galicia, no exercicio das súas competencias, vixía que se cumpran as normas que determinan a concesión de subvencións públicas e, polo tanto, o incumprimento do principio da igualdade e non discriminación entre homes e mulleres impediría a calquera entidade acceder a subvencións que se conceden. Non teña ningunha dúbida dese aspecto. E no que atinxe a convenios, tamén se están introducindo cláusulas nos convenios dos medios de comunicación —xa están introducidas agora mesmo— que obrigan as empresas xornalísticas a que establezan unha referencia específica á protección da infancia e tamén das mulleres en todo o que teña que ver coa igualdade de xénero.

E, por último —e remato xa, señor presidente—, por dicirlle un dato indicativo, nos concursos e campañas de publicidade institucional, en caso de empate entre dúas proposicións, decidirían elementos como, por exemplo, que unha das empresas de comunicación que estean empatadas teña ou non, por exemplo, un plan de igualdade coa conseguinte certificación. Nese caso esa empresa gañaría e desfaría o empate. É simplemente un exemplo que lle podo poñer. Na réplica podo poñerlle máis, pero, señora Quinteiro, creo que hai moito que facer, creo que se avanzou bastante, afortunadamente para todos, e creo que, no convencemento de que as cousas teñen que ser así, moito máis alá das sancións pecuniarias e do que poida facer a Xunta de Galicia, está o avance que poidamos conseguir entre todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica da señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

A verdade, as súas respostas parécenos insuficientes. Son unha boa declaración de intencións pero que non concretan medidas. Non profundou en moitas das preguntas que lle fixeron, porque está ben que fale da lexislación, da Declaración de Compostela, do código. Pero o que queremos saber non é o que pon esa lexislación, esa declaración, ese código, que xa o sabemos, senón o que están facendo para que isto se cumpra e o que están facendo para evitar que as informacións se continúen dando como lle dicía na miña intervención. E nese sentido non falou practicamente nada.

E, por suposto, nós cremos que non se solventa todo con base na lexislación. De feito, por iso estaremos tamén o 8 de marzo coas mulleres nas rúas. A lexislación é fundamental, o seu cumprimento tamén é fundamental —ou iso pensan, porque, cando falan doutros temas, nunca dirían unha cuestión coma esta, e eu creo que si lles parece central a lexislación—, pero o importante é un cambio social.

Pero a cuestión paradoxal é que agora as mulleres, a sociedade, van por diante da propia Administración, da propia Xunta de Galicia. Entón hai moitísimas mulleres que están visibilizando, moitísimas xornalistas, estes problemas cos que se atopan no día a día. E vostedes non dan ningunha solución concreta.



Por pór un exemplo que me parece moi significativo, que parece que non falamos o mesmo idioma e que non nos entendemos, é que, cando falei da cuestión da muller da medalla de ouro, non dixen que o problema fora que esta muller admirara a Nadal por ser un home. Non hai ningún problema en que moitas mulleres admiremos a moita xente, o problema é como un titular dunha muller que consegue unha medalla de ouro o titular sexa que admira a ese home e non é que teña unha medalla de ouro, é a súa función como muller. Non, é que acaba de conseguir unha medalla de ouro. E exemplos así hai moitísimos. Eu invítooo a que busque exemplos contrarios, de homes que saian descritos como admiradores dalgunha muller. Ao mellor equivócome, pero non creo que atope ningún. Entón, esa é a diferenza, mulleres que en vez de aparecer como persoas, con entidade propia, aparecen subordinadas constantemente a homes. Diso é do que falabamos, por iso dicía que falamos idiomas diferentes, porque non falabamos da mesma cuestión.

Despois, volvo incidir en como divulgaron este código de boas prácticas, como divulgaron a Declaración de Compostela, como divulgan a lexislación nos propios medios de comunicación, na propia CRTVG. ¿Que cuestións concretas?, ¿cantos?, ¿cada canto tempo?, ¿que avaliación fan dese seguimento?, ¿teñen xuntanzas para falar destas cuestións ou simplemente fixeron o código? Porque se o código se fixo no ano 2007 e a día de hoxe continúan sucedendo as mesmas cuestións... Se a lexislación é do ano 2007 e se tamén a Declaración de Compostela foi no ano 2004 e a situación é a mesma... Porque as noticias que lle relataba ao principio non son noticias de hai quince anos, non son noticias de hai dez anos. É que moitos destes casos seguimos vivíndoos agora, ou o mes pasado, hai dous meses, hai tres meses. Entón, sobre estas cuestións vostedes eu creo que non reflexionan absolutamente nada, non creo que fixeran ningunha autocrítica. Por suposto que me vai dicir que hai moitas cousas que facer, obviamente. Só faltaba, é unha evidencia. Pero eu creo que levan moito tempo instalados na comodidade, en dicir que hai todos estes códigos, hai todas estas cuestións, todas estas boas declaracións de intencións. Pero, na práctica, ¿que medidas concretas?, ¿con que orzamento?, ¿con que avaliación? ¿Fan algunha avaliación da lexislación de igualdade nesta materia especificamente? ¿Fixeron algunha avaliación de canta xente pasou a empregar o código que elaboraron? Porque fan un código e hai pouco fixeron un protocolo de coordinación interinstitucional. ¡Vale!, é un protocolo que está ben, pero, se non fan ningún esforzo en socializar e en que ese protocolo se poña adiante, con ter un protocolo que é moi bonito no papel non serve absolutamente de nada. Ese é o problema que pasa con moitos protocolos e con moitas guías que vostedes elaboran. Esa é unha cuestión teórica e técnica. E despois non fan absolutamente nada nin para difundilo nin para que se aplique nin para que se cumpra nin absolutamente nada.

Entón, como lle dicía, necesítanse feitos concretos. E se estiveramos falando de calquera outra cuestión —volvo incidir— non estaría pasando isto. Parece que, cando se fala de igualdade, se pode ser máis flexible. Cando se fala de igualdade, non se cambia todo cunha lexislación. Por suposto que non, pero non se pode seguir, despois de doce anos, permitindo que se incumpra reiteradamente. Hai unha lexislación, hai un código de boas prácticas. ¿Por que non se está cumprindo e por que vostedes non fan absolutamente nada para que se cumpra?, porque non o están facendo. ¿Por que non deixan de dar subvencións a todos estes medios que fan estes titulares infames? Porque a situación é esa. ¿Por que non deixan de dar subvencións aos medios que banalizan a violencia, que publican artigos de opinión que son ne-



fastos e que falan de que a violencia contra as mulleres non existe, que a violencia de xénero é unha cuestión de dous? ¿Por que non deixan de darlles subvencións aos medios que din que «matou unha muller por amor»? Eu preguntome por que continúan a dicir que non se pode facer absolutamente nada máis. Porque a súa intervención foi iso: Fixemos isto en todos estes anos. Pero non pasou nin un ano nin dous, creo que pasou un tempo máis que suficiente, máis que razoable, para dicir que, se doce anos despois, non se cumpre absolutamente nada da lexislación, algo estará fallando. ¿Como imos mellorar a lexislación se coa propia lexislación que temos na actualidade non se está facendo absolutamente nada para cumprila?

Entón, as preguntas son claras. Eu non espero que nesta segunda intervención me conteste, porque non o fixo na primeira. Pero tamén van ter unha oportunidade. Despois desta interpelación vai haber unha moción, e eu espero que nesta moción voten favorablemente aos puntos que traíamos. Porque, se realmente queren solucionar o problema do machismo que existe nos medios de comunicación, teñen que facer algo máis que boas palabras, que foi o que escoitamos hoxe de novo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Peche da interpelación por parte do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Quinteiro, efectivamente, vostede saía nesta interpelación dicindo que non estaba convencida. Xa non estaba convencida na primeira dixera o que lle dixera. Polo tanto, é moi complicado.

E volve sacar o caso de Nadal. Xa sei que o problema non é que unha deportista admire a outro deportista, sexa home ou muller quen admire ou o admirado. Pero a vostede parécelle que é algo moi grave que se diga que existe esa admiración. Se partimos con eses plantexamentos, non nos imos poñer nunca de acordo. Sexa home ou muller, sexa muller ou home, se alguén o fai ben e outra persoa o considera, pois creo que isto é normal, e que o transmita un medio de comunicación. Se levamos esas cousas a eses extremos e se poñemos eses exemplos, pois, efectivamente, vostede sempre pensará que os medios de comunicación o fan moi mal, e que o fan moi mal, encima, porque a Xunta de Galicia non fai absolutamente nada. E, polo tanto, a Xunta de Galicia ten a variña máxica para, de repente, perseguir a aquel medio de comunicación, que supoño que equivalería a perseguir a todo aquel xornalista que firma a información, para que esa xente ou teña unha sanción pecuniaria da que se acorde toda a súa vida ou para que ese medio de comunicación se peche.

Pois creo que as cousas non son así. Claro que se poden difundir máis os códigos de boas prácticas, claro que se poden facer máis accións formativas, pero, se vostede cre que a intervención directa da Administración, o intervencionismo absoluto, serve para ordenar a sociedade, tamén en algo tan importante coma isto, efectivamente, nunca nos poñeremos



de acordo. É coma se lle digo que o partido político de Podemos ten que deixar de recibir subvencións públicas para o seu funcionamento porque o señor Pablo Iglesias dixo aquilo de «*la azotaría hasta que sangrase*». Ese é exactamente o mesmo plantexamento. Polo tanto, se dixo iso, que é un disparate coma unha casa, que ese partido non reciba máis subvencións. Non, haberá que poñelo, como se puxo, de manifesto; haberá que denunciálo e haberá que intentar que ese tipo de manifestacións non se repitan.

Se vostede cre que a solución, ou máis ben que todos os tratamentos non axeitados que nos medios de comunicación se dan respecto da igualdade e da violencia machista son porque a Xunta está de brazos cruzados, e quen di a Xunta, supoño que falará doutras administracións, tamén os concellos nos que vostedes gobernan e que subvencionan eses medios de comunicación. Oia, non sei por que non os cortaron absolutamente. Será que ao mellor pensan —porque teñen responsabilidades de goberno e vostede non as ten— que as administracións poden facer moito para corrixir isto, pero non lle poden dar ao botón para impedi-lo. E se se promocionan todas esas medidas entre todas as administracións sen facer partidismo de todo isto, sen vir aquí dicir que o culpable é unha administración gobernada por un partido político concreto, creo que, de non facer iso, probablemente vaíamos avanzando.

Se vostede segue pensando que isto é unha cuestión de políticas, de partidos políticos, de ideoloxías, de que non se fai nada porque non se quere e se se quixera acabaría-se cos problemas, probablemente vostede tardará moito en gobernar, e se algún día gobernase —que eu creo que non—, darase conta de que as cousas son doutra maneira.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Interpelación de D^a María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que debe executar e impulsar a Xunta de Galicia para a mellora da formación continua do persoal dos centros de información ás mulleres

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Señor Rueda, no período de tempo transcorrido dende a entrada en vigor do Decreto 182/2004, os centros de información ás mulleres, coñecidos como CIM, reveláronse como instrumentos dunha importancia decisiva no ámbito local na promoción da igualdade de xénero, grazas, por un lado, ás actividades que desenvolven, e, por outra parte, pola atención facilitada ás persoas que demandaron o servizo, principalmente nos ámbitos xurídico, psicolóxico e de información de acceso aos recursos dispoñibles.

Dentro da atención prestada, merece ser destacada especialmente a das mulleres en situación de vulnerabilidade por diversos motivos e, en concreto, o servizo prestado ás mulleres



que foron vítimas de violencia de xénero ou que se atopaban en risco de seren potenciais padecedoras desta situación. Deste xeito, os CIM convertéronse en ferramentas decisivas na prevención, detección, tratamento e loita en xeral contra esta problemática social desde unha relación de proximidade e atención directa.

O Decreto 160/2016 configura os CIM como un conxunto de recursos das entidades locais, desde os que se articula a intervención global dirixida ás mulleres, que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Por certo, atención prestada a mulleres e homes que soliciten as informacións prestadas nos centros en relación coa igualdade.

Se atendemos ás funcións principais dos CIM, estas son ou deberan ser con carácter prioritario as actividades de prevención, información, asesoramento, loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero; unha atención que se pode estender ás fillas e fillos e tamén ás persoas menores ou maiores que sexan dependentes delas. Tamén a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social. Servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais, bisexuais, intersexuais, ás súas familias tamén e persoas achegadas aos mesmos. Tamén presta asesoramento profesional, sociolaboral e facilita calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Desde a propia Secretaría Xeral de Igualdade fálase da rede integral a nivel territorial de CIM como un instrumento de colaboración e compartimento de información entre centros, na cal tamén participa o órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, principalmente cunha función de soporte e de coordinación.

Ben, pois a realidade é que a día de hoxe existen 81 CIM en toda Galicia que atenden a un total de 177 concellos. E desde o Partido Socialista nos preguntamos que ten acontecido para que 136 concellos non estean a día de hoxe integrados nesta rede.

A realidade é que algún concello ou ben opta por ofertar os mesmos servizos que os CIM pero con recursos propios e autoxestionándose, e outros atenden os casos a través dos servizos sociais e derivan os casos que procedan ao CIM máis próximo. É unha situación que entendemos —aínda que se demostre que poida cubrir unha necesidade básica— que non se nutre da virtude máis grande que debería ter a rede CIM, e é precisamente a vantaxe de formar parte dunha rede integral que deba ser de calidade; que aproveite mellor os recursos e que permita a transmisión de coñecemento e experiencias de cara a mellorar e asegurar unha atención realmente eficaz.

Son eminentemente os concellos rurais, ademais, os que carecen aínda deste servizo, xa sexa propio ou pertencendo a eses centros mancomunados que existen. Así mesmo, detéctase que tan só un 27 % dos CIM —21 dos 313 concellos de Galicia— contan co perfil de axente de igualdade; un perfil profesional que é fundamental para garantir a aplicación da perspectiva de xénero en cada unha das accións que se realizan. Ademais é totalmente discriminatorio



e incoherente que se subvencione ese perfil profesional por debaixo doutros de igual categoría profesional, como a asesoría xurídica ou a psicolóxica, tal e como está acontecendo, o que é —repito— totalmente incoherente e discriminatorio.

Estas e moitas outras cuestións foron suxeridas e reivindicadas nos informes anuais dos CIM de toda Galicia do ano 2017. O 47 % dos centros que aportaron os seus comentarios apuntan moitas cuestións, algunhas de carácter operativo e de máxima urxencia, e outras moito máis estruturais. Suxerencias baseadas, por suposto, na súa experiencia e co espírito todas —entendo— de mellorar para ofertar un mellor servizo.

Ese é o motivo da nosa interpelación de hoxe, señor conselleiro, facemos eco destas propostas e preguntarlle sobre o grao de escoita e de acción do seu goberno respecto das mesmas.

Eu quero compartir con vostede, desde o espírito máis construtivo —e créame que é así—, algúns deses apuntes para coñecer a súa opinión e valoración sobre os mesmos.

Para empezar, unha das cuestións máis reclamadas fai referencia á necesidade dunha maior cooperación institucional e entre os propios CIM. Son varios os centros que recoñecen non ter relación co resto, polo que consideran interesante crear uns protocolos destinados a coordinar e a optimizar as actuacións en materia de violencia de xénero con reunións interdisciplinares entre todos e todas as profesionais da rede de centros CIM, así como con todas as entidades adicadas a traballar no eido da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Isto, loxicamente, permitiría intercambiar experiencias e implementar en cada un dos concellos e dos propios centros os proxectos exitosos que foran desenvolvidos por algunha destas entidades.

Dentro desta mesma cuestión, fan mención tamén á necesaria cooperación interautonómica entre redes de centros. Isto é: promover encontros coas entidades destinadas á promoción da igualdade doutras comunidades autónomas con idéntica finalidade, co fin de engadir experiencias levadas a cabo noutras comunidades e incorporalas ás actividades dos CIM galegos.

Existe case unanimidade na reclamación dunha mellora do funcionamento da plataforma de xestión CIM. A pesar de manifestar moitas das responsables de centro que si se deron algunhas melloras, volven ser reiteradas as queixas sobre o funcionamento da mesma, en especial no que ten que ver co volcado de datos e repetición de procesos en programas que poderían ou deberían compartir as mesmas bases de datos.

Esta reclamación pensamos que é máis importante do que poida parecer, porque non ten sentido, nun servizo que debería primar a atención das mulleres vítimas de violencia, que se sobrecargue de traballo administrativo, pois isto réstalles, loxicamente, horas de traballo e de atención ou prevención, que debería ser o realmente importante destas profesionais, máis aínda naqueles centros que non contan co perfil profesional de persoal administrativo e o labor faino directamente a psicóloga, a xurídica ou a traballadora social.

Tamén fan mención á necesidade de reformular ese sistema de implementación de datos das usuarias para a xustificación que se exige das actuacións dos CIM, para velar especial-



mente pola confidencialidade das usuarias. Os protocolos explicitados nos formularios obrigan a solicitar datos persoais das usuarias que moitas veces dificultan e incluso intimidan ás mesmas, o que aparta o servizo do seu verdadeiro cometido, que debería ser o de ofertar asesoramento cercano e non condicionado.

A recollida desas fichas cos datos e firmas das usuarias, así como a súa incorporación aos ficheiros informáticos de obrigado cumprimento chocan coa esencia inicial dos CIM, nos que debера primar —insisto— o anonimato e o segredo das intervencións.

As directoras e profesionais dos centros estannos a alertar seriamente da reticencia destas mulleres á hora de asinar esas fichas, pola súa desconfianza a que este acto supoña unha visibilidade pública da súa condición de usuarias destes centros, especialmente no rural. Entendemos que esta é unha cuestión que merece de verdade unha reflexión por parte da Administración, por iso tamén lle preguntamos ao respecto.

Falan tamén da necesaria reactivación do Programa de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero por parte da Consellería de Traballo. Detéctase que mulleres —e así o comentan— que levan anos apuntadas nese programa non foron chamadas en ningún momento.

E, por suposto, comentan tamén unha cuestión que xa foi debatida en diversas ocasións aquí, como é a necesaria seguridade de financiamento autonómico da rede CIM. Demándase que a Xunta de Galicia xere unha partida económica con fondos propios para o financiamento da rede CIM, xa que a día de hoxe segue a depender de fondos europeos para a súa subsistencia. Que a rede perviva no tempo non pode depender tan só dun financiamento europeo, porque iso a sitúa —e vostede o sabe, señor Rueda— nun limbo de inseguridade constante que non debería ser o desexable para un servizo que sei que vostedes tamén defenden e poñen en valor sempre que poden. Polo tanto, creo que é chegado o momento de asegurar a pervivencia do mesmo, así como o seu reforzo.

Por iso e por moitas outras cuestións que se comentan neses informes anuais e que no meu segundo turno seguirei mencionando, porque son moitas as cuestións, preguntolle, señor conselleiro, primeiro: ¿Entende este goberno que a análise que aportan as profesionais dos CIM nas súas memorias anuais é o mellor modo de revisar e mellorar o funcionamento dunha rede de centros vitais para o traballo de cara á igualdade e a atención ás vítimas de violencia de xénero? ¿Como valora os datos estatísticos e as accións formativas realizadas polos centros durante o ano 2017? ¿Ten atendido a Secretaría Xeral de Igualdade as súas peticións e demandas expresadas polos profesionais dos CIM nos informes de avaliación do pasado ano 2017? ¿Que tipo, en todo caso, de medidas ten adoptado desde a recepción deses informes e de que modo ten pensado potenciar a presenza urxente destes centros no territorio galego no ano 2019?

Pola miña banda, polo momento, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.



O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pierres, en primeiro lugar, agradézolle o ton construtivo e as preguntas concretas que fixo vostede; que fai na interpelación e ademais que fixo agora dende a tribuna. Eu intentarei responder na miña intervención sobre todo as que xa preguntaba na interpelación, e despois a algunha que non está na interpelación, pero que fixo aquí, tamén lle podó responder. Á parte creo que son preguntas acaídas que merecen unha resposta nese sentido.

Primeiro teño que dicir que coincido, efectivamente, en que os centros de información á muller son un recurso moi importante. Dígoo porque nalgún momento, sobre todo ao principio, se puxo en dúbida que o ámbito local fora o máis axeitado precisamente por esa proximidade, pois podía facer que moitas mulleres rexeitaran acudir a eles pensando que non ofrecía as reservas de confidencialidade necesarias. Afortunadamente, demostrouse todo o contrario, sobre todo, e practicamente en exclusiva, polas profesionais, case todas mulleres, que traballan nestes centros, que dende o primeiro momento acreditaron que era todo o contrario.

Así se foron consolidando os CIM, e a día de hoxe hai... Vostede non ten o dato actualizado exactamente, actualízollo. Hai un CIM máis. Son 82 centros e 183 concellos os que agora mesmo están atendidos polos CIM. É certo que quedan moitos concellos sen atender, pero é certo tamén que isto depende da vontade dos diferentes responsables municipais. E non lle caiba ningunha dúbida de que a Xunta de Galicia fai todo o posible para que o número de CIM medre.

Vostede mesma dicía na súa intervención que hai concellos que optan por atender estas mulleres doutra maneira, a través dos servizos sociais, derivando a CIM que xa existen noutros sitios, pero moitas veces están moitos quilómetros alonxados deses concellos que optan por non crear un CIM. O que lle podó asegurar é que a Xunta de Galicia vai apoiar a calquera concello que queira facer un CIM, sobre todo se o fai de xeito conxunto con outros, que creo que sobre todo no rural esta é a maneira de garantir a súa permanencia e a súa efectividade. En último caso, é un recurso municipal, como vostede sabe, e, polo tanto, a decisión da súa creación tamén é unha cuestión que corresponde á autonomía municipal, dende logo co apoio e o impulso da Xunta de Galicia.

Estamos convencidos de que ten que haber máis CIM e de que ten que haber máis concellos atendidos polos CIM. E concellos que agora mesmo fan esas derivacións, poderían ter un CIM propio, probablemente.

¿Que estamos facendo para impulsar desde a Xunta de Galicia estes CIM? Fomentamos a súa coordinación —vostede falou da coordinación, despois intentarei falar eu tamén— para dar un servizo de calidade, por suposto, e uniforme en todo o territorio. Hai CIM máis grandes, no sentido de que atenden a máis persoas, e poden ter máis recursos, pero eu creo que o servizo ten que ser recoñecible, e recoñecible coa calidade axeitada, en calquera concello de calquera punto de Galicia. Hai un decreto para acreditar os CIM antes de que funcionen, do ano 2016, que intenta, precisamente, conseguir ese obxectivo.



Asesoramos, por suposto —como lle dicía antes—, as entidades locais interesadas en constituílos e impulsamos e garantimos ese financiamento. Formamos tamén os profesionais —mulleres, sobre todo— que traballan neses centros. E tamén apoiamos —como vostede sabe— economicamente o seu funcionamento cunha orde de achegas anual. Efectivamente, agora mesmo ten unha parte moi importante ese financiamento —e xa contesto unha das cousas que vostede preguntaba fóra da interpelación— co Fondo Social Europeo. Mentres existan eses fondos, loxicamente, a obriga da Administración é utilízalos. Non lle caiba a vostede ningunha dúbida de que, cando eses fondos desaparezan, este é un recurso que ten que quedar no territorio, e, por suposto, as administracións teremos que poñernos de acordo —a Xunta de Galicia a primeira— para garantir outro tipo de financiamento. Isto non é novo, xa pasou con outros servizos que se prestan en cooperación entre administracións. Poño outro exemplo que depende das miñas responsabilidades. Os grupos de emerxencias empezaron cunha parte moi importante de financiamento europeo, esta inqueda tamén se daba nos profesionais dos GES, preguntándose que pasaría cando se retirasen. Agora mesmo, a porcentaxe de subvención con fondos que non sexan propios baixou moitísimo. Cando un servizo é necesario e funciona, a obriga das administracións é buscar recursos, e non lle caiba ningunha dúbida a vostede de que a Xunta de Galicia o fará cando estes fondos... ¡Oia, esperemos que duren moito tempo!, pero cando estes fondos non existan, a necesidade do servizo tense que manter. Creo que as profesionais que están nos CIM sábeno, e, dende logo, se teñen esa inqueda, poden estar tranquilas.

Destinamos 35 millóns de euros dende o ano 2009 ao funcionamento dos CIM, creo que é unha cantidade importante. Polo tanto, somos conscientes de que o esforzo económico debe manterse.

Entrando xa nas súas preguntas concretas, vostede preguntaba sobre as memorias dos CIM. Desde logo, primeiro, teñen que facelas as responsables dos CIM. E, dende logo, son unha fonte de información de primeira man, unha fonte de información cualificadísima, das profesionais que traballan alí. Polo tanto, son as que lle teñen que dicir á Xunta de Galicia o que está funcionando e, sobre todo, o que se debe corrixir. Polo tanto, ¡claro que lles damos a importancia que teñen!

Tampouco é o único método para conseguir información, a única fonte. Como se confinan cian cos fondos sociais —o que lle estaba falando hai un momento—, tamén existen inspeccións e verificacións, e, dende logo, as autoridades da Unión Europea visitan estes centros e constatan que están funcionando axeitadamente. E se hai algún problema, póneno —non lle caiba a vostede ningunha dúbida, e casos houbo algún— enriba da mesa para que se corrixa, porque, se non, perderíase o financiamento. Polo tanto, esas visitas sobre o terreo creo que tamén son moi convenientes e á Xunta de Galicia lle supoñen unha fonte de información adicional. E tamén as propias visitas que fai a Xunta de Galicia *motu proprio*. Primeiro, porque nese decreto do que lle falaba antes, do ano 2016, así se establece expresamente; e, despois, porque creo que durante estes anos temos demostrado que esas visitas se fan. Á parte, xa non son visitas de inspección, son visitas de coñecemento, de interacción cos responsables municipais, para que se conciencien do importantísimo recurso que teñen —iso o primeiro—.



Agradezo que os responsables municipais de todos os partidos políticos sempre estean nesas visitas e sexan conscientes do recurso importantísimo que teñen aí. E, por suposto, tamén para as profesionais e para a Xunta de Galicia, creo que estas visitas son moi necesarias. Eu mesmo teño feito varias e, dende logo, a Secretaría Xeral de Igualdade moitísimas durante todo este tempo. Ademais, moitas das profesionais que traballan nos CIM están asociadas de xeito voluntario, dende o ano 2015, na asociación Asocim, e tamén mantemos unha relación penso que bastante fluída —por suposto, mellorable— entre a Xunta de Galicia e as profesionais que están nesta asociación.

Preguntábame vostede tamén por datos estatísticos durante o ano 2017 —que son os últimos que están pechados—. Doullos de xeito moi groso.

Segundo estes datos que volcan os propios CIM, atendéronse no ano 2017 16.107 persoas: que foron 12.986 mulleres, 763 homes —tamén son atendidos nos CIM; esta é unha realidade que ás veces se descoñece, pero tamén hai homes que acoden aos CIM en demanda do servizo—; e hai algo máis de 3.000 persoas, das cales nese volcado de datos —isto é algo que hai que perfeccionar— non se especifica o seu sexo.

¿Cantas intervencións levaron no ano 2017 os CIM? Case setenta mil —60.971—. Asesoramento xurídico —moitas delas—, máis de vinte mil; atención psicolóxica, 24.000; atención ás vítimas de violencia de xénero especificamente, 10.348; orientación e emprego, 3.300; información sobre recursos varios, 8.301; información de cursos, xornadas e actividades, máis de mil cincocentas. Estes datos pódollos facilitar, se non os ten, sen ningún problema.

E tamén se fixeron outro tipo de actividades, fóra daquelas que demandan directamente as usuarias e os usuarios que acoden alí: xornadas formativas en moitísimas materias teñen que ver con aquilo que ocupa os CIM. Sesións de actuación terapéutica, talleres de diferente temática, campañas de sensibilización...

Preguntábame tamén sobre as suxestións e demandas que expresan as profesionais dos CIM e sobre como se atenden. Na réplica intentarei pararme un pouquiño máis, pero detereime en dúas —vostede nomeou algunha— que creo que son importantes.

O funcionamento da aplicación de xestión. Efectivamente, fíxose unha mellora hai moi pouco tempo. A través de Amtega mellorouse todo o que ten que ver co filtrado de datos, que, efectivamente, estaba sendo un problema polas cuestións de reserva de datos e ocultación de identidades, tan importantes en moitísimos casos que se plantexan nos CIM. Había que facer unha mellora e creo que se fixo. Non se atenderon, efectivamente —polo menos neste momento, moitas veces por cuestións técnicas, segundo nos manifesta Amtega—, algunhas das demandas que se estaban facendo; e noutras hai que dicir tamén que é lexítimo facer ese plantexamento, pero algúns CIM estábanse plantexando cousas moi específicas que tiñan que ver con circunstancias dese propio CIM. Estamos falando de que esta é unha plataforma común para os máis de oitenta centros, e, polo tanto, todas as cousas que se introduzan teñen que ter esa perspectiva.

Tamén demandan as profesionais maior formación. Efectivamente, téñense feito uns cantos cursos. A formación sempre é mellorable e nunca vai ser abonda a formación que se dea,



pero falando do ano 2017, fixéronse xornadas informativas. Participou unha porcentaxe moi importante das profesionais dos CIM, que demandaban precisamente formación sobre a maneira de introducir os datos para non empregar máis tempo do imprescindible e poder atender o que é realmente importante nesas CIM, houbo unha xornada formativa sobre iso.

No ano 2018 reuníronse as cinco delegacións da Xunta de Galicia e fixéronse xornadas formativas para divulgar todas as ordes de subvención da Xunta de Galicia que lles podían resultar de utilidade aos usuarios dos CIM. En xuño fíxose formación en violencia de xénero, unha serie de charlas cunha serie de especialistas universitarios. En setembro, xornadas de formación para os centros de información ás mulleres en violencia de xénero, co enfoque actualizado en violencia de menores, Estatuto da vítima do delito, orde de protección europea e avances no Pacto de Estado.

E, por último —e remato xa, señor presidente—, preguntábame vostede, señora Pierres, na interpelación escrita se temos pensado seguir potenciando a presenza destes centros no territorio. Respondinlle ao principio: si, sen ningunha dúbida. Loxicamente, non vai existir un número de CIM equivalente ao número de concellos que existen en Galicia por unha serie de razóns evidentes, pero cremos que aínda poden existir bastantes máis dos que existen.

Polo tanto, seguiremos fomentando e garantindo o financiamento e para iso necesitamos a implicación decidida dos responsables políticos dos diferentes partidos. Se vostede ve a cor política dos concellos onde existe un CIM, verá que é bastante representativa a distribución política do poder municipal que existe en Galicia, o cal quere dicir que isto, ao final, transcende as ideoloxías, e dámonos conta de que é un servizo que é necesario, governe quen governe.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señor Rueda, anuncielle ao comezo da miña intervención que quería ser construtiva e vou ser fiel a ese espírito, basicamente porque para este grupo parlamentario o prioritario é contribuir a mellorar todo o que teña que ver con garantir os dereitos das mulleres e, en especial, das vítimas de violencia de xénero.

Por iso, permítame que continúe compartindo nesta Cámara as moitas outras suxestións —algunhas xa as adiantou vostede— que desde os diferentes CIM de Galicia teñen transmitido nos seus informes anuais. Son varias as suxestións en canto á formación dos e das profesionais dos CIM. Entre outras cuestións, solicitan a necesaria impartición de cursos sobre inmigración e colectivo LGTBI; adaptándose, por suposto, ao novo decreto que regula os CIM. Tamén unha maior formación na área xurídica, en especial, no ámbito lexislativo de atención a menores vítimas de violencia de xénero. Formación tamén especializada en



aspectos moi particulares relacionados co apego, coa dependencia emocional ou con traumas. E tamén actividades formativas sobre a atención a mulleres que sofren de adiccións.

Falan tamén da necesaria oferta —e creo que isto é importante— do Plan de formación anual pautado a primeiros de ano. Comentan que a dita formación non se reduza precisamente ao último trimestre —como vén sendo habitual—, e ademais con carácter insuficiente. Nós consideramos que a reclamación é moi lóxica, porque no último trimestre do ano é precisamente cando se lles exige ou solicita, entre outras cuestións, a redacción das avaliacións e memorias anuais, o que impide a moitas das traballadoras poder acudir debidamente aos cursos, previstos na súa maioría —como digo— nestes últimos días do ano. E, por suposto, tampouco garante a atención axeitada ás usuarias e aos usuarios que se achegan nestas datas aos centros. Gañaríase —cremos—, e moito, se a primeiros de ano se pode planificar mellor a axenda anual e así garantir unha mellor formación dos e das profesionais, e con iso tamén unha mellor atención ás usuarias e usuarios.

Por último, tamén faise mención a moitas cuestións que teñen que ver coas melloras precisas de medios e recursos dos propios CIM. Por un lado, falan de dotar de máis medios técnicos adecuados para o diagnóstico e avaliación das psicólogas, co fin de elaborar os informes para o xulgado. Seica —así o comentan— a falla de recursos ten provocado a posta en entredito dos informes emitidos, o que minusvalora, sen dúbida, o labor e a función destas profesionais, imprescindibles nos CIM.

Demandan tamén e alertan do necesario incremento de recursos de acollemento económicos e sociais que permitan romper con situacións persoais de violencia en mulleres de alta vulnerabilidade —xa sexa con problemas de adicción, prostitución— e dar pasos de cara á independencia e vida autónoma cos seus fillos e fillas, no caso de telos. E aquí falan —e compartímolo, ademais, profundamente— da contratación de perfís profesionais do traballo social e da orientación e intermediación laboral, en especial en núcleos de máis de 20.000 habitantes.

Isto permitiría, sen dúbida, unha maior intervención integral coas mulleres e menores que sofren de violencia de xénero e complementarían e traballarían de xeito interprofesional coas psicólogas, asesoras xurídicas e axentes de igualdade, que cremos que deberían ser de imprescindible presenza en todos os CIM, tendo en conta, ademais, o concepto e natureza dos centros de información ás mulleres.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que a avaliación anual de calquera das medidas implantadas para a loita contra a violencia machista é fundamental, pois permite conseguir unha mellor efectividade e eficacia. Cremos que estes informes anuais son unha ferramenta que deba ser moi prezada e valorada por este Goberno, e neste caso, e dada a batería de suxestións —porque, como se veu aquí, son moitísimas— que parten das propias profesionais dos centros, cremos que é de máxima urxencia a posta en marcha de melloras que permitan facer destes centros a verdadeira rede integral que permita o asesoramento, a formación e a atención das mulleres vítimas, así como a promoción da igualdade de xénero.

Difícilmente, señor Rueda, se pode considerar rede aquela estrutura que non consegue cubrir a totalidade do territorio galego, deixando fóra a algo máis do 43 % dos concellos da nosa



comunidade. Por iso, eu vólvolle preguntar se ten pensado considerar este Goberno todas as suxestións reflectidas nos informes anuais dos CIM de Galicia e potenciar a presenza dunha verdadeira rede integral e de calidade para a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, independentemente da súa localización no territorio. ¿Que cre vostede que impide a implantación dos CIM nos concellos que aínda non dispoñen deles? ¿Cal cre que é a barreira que falta por derrubar nese sentido? ¿E como pode, de verdade, incentivar a Xunta de Galicia para que os diferentes concellos de Galicia se animen realmente a implantalos?

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Peche da interpelación, señor vicepresidente.

O señor VCEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pierres, ao final da súa intervención volveu preguntarme sobre un tema moi importante; efectivamente. Non se pode considerar rede o que só abarca a metade do territorio. Xa lle digo que abarcar o cen por cento é moi complicado. En todo caso, imos facer todo o posible, pero vólvolle dicir que non depende —e neste caso menos que en ningún outro— só da vontade da Xunta de Galicia. Se pola Xunta de Galicia fora, existirían máis CIM neste momento. E, sobre todo, voulle dicir unha cousa, especialmente no rural existirían máis CIM compartidos. Eu creo que se ten demostrado que en concellos pequenos un só CIM pode ser dabondo, ben coordinado, para atender moitos concellos que agora mesmo non teñen absolutamente nada.

E aí entramos outra vez na cultura da cooperación municipal, na miña opinión —témolo dito moitas veces—, francamente mellorable non só en Galicia, probablemente en toda España. Este sería un dos recursos nos que probablemente se amosaría que a cooperación municipal e compartir esforzos daría un efecto multiplicador moi grande. Polo tanto, intentaremos seguir por aí.

A min hai un dato que me anima moito. Polo menos nos últimos tempos, ningún dos CIM que se puxo en funcionamento pechou excepto un, é o caso do CIM de Ponte Caldelas. Creo que foi un malísimo exemplo sobre o que son os CIM e sobre como teñen que funcionar. Teño que dicirllo porque foi un caso entre oitenta e dous, e que se deixara sen servizo un concello creo que dun tamaño importante, sen moitas explicacións, non falaba moito da utilidade. Afortunadamente, foi un caso entre oitenta e dous e non tivo máis repercusión. Vostede di que non lle gusta. Probablemente, se gobernara o Partido Popular ese concello, estaría dicindo que como pechan ese CIM. Pasou alí, non pasou en ningún sitio máis e creo que non debe pasar, porque se do que estamos falando é de intentar estendelos, non é nada bo que, sen dar moitas razóns, un concello o peche.

Nós imos seguir estendéndoos ou intentar dar o servizo onde de repente se deixou de dar, como é o caso. Somos conscientes de que é un tema tamén de recursos económicos, porque este é un gasto compartido e, polo tanto, a Xunta de Galicia ten que facer un esforzo importante.



Neste Parlamento aprobouse unha proposta para que no Pacto de Estado se subiran os cartos aos concellos para loitar contra a violencia de xénero porque son insuficientes, e, sobre todo, no caso de Galicia os concellos pequenos, os concellos do rural, son os que por eses criterios de reparto que se estableceron saen especialmente prexudicados, e iso hai que corríxilo, teñen que ter unha partida máis importante, e mentres, o que intentará a Xunta de Galicia é derivalo aos concellos para solucionar esa insuficiencia económica. Estámolo facendo. De 8 millóns ao ano, imos adicar 2 millóns. Hai pouco asinamos coa Fegamp un convenio marco para que sexan os concellos os que promovan medidas de inserción laboral. Vostede me preguntaba por iso na súa primeira intervención. ¿Que imos facer aí? Pois darlles aos concellos, especialmente a aqueles concellos que teñan CIM, cartos para que poidan establecer medidas que favorezan que as mulleres vítimas de violencia de xénero poidan ser contratadas. E ímolo facer a través dos concellos, que son os que mellor coñecen os datos —sobre todo os que teñen CIM, eses especialmente—, para garantir a eficacia da medida.

Imos adicar tamén 800.000 euros —estou falando case da terceira parte do que lle corresponde á Xunta de Galicia— a que os concellos tamén establezan medidas de conciliación e de favorecemento da igualdade. E, loxicamente, ímolo facer tamén, onde se poida, a través dos CIM. Polo tanto, aí potenciamos o labor dos concellos e potenciamos os recursos que poñemos en mans dos profesionais.

Preguntábame —e quérolle responder— sobre a cuestión dos axentes de igualdade. Non é un posto obrigatorio, como vostede sabe, e isto témolo falado cos concellos. Probablemente sabe que hai dous postos obrigatorios nos CIM agora mesmo, que é o de psicólogo e o de asesor xurídico. Se puxeramos tamén axentes de igualdade, moitos concellos nos teñen dito que probablemente, na parte que teñen que cofinanciar, iso lles suporía un esforzo moi importante. Polo tanto, é un posto voluntario e non se subvenciona do mesmo xeito.

Isto hai que falalo cos concellos. Se empezamos a impoñer medidas nun recurso que compartimos, aínda que nós poñamos unha aportación importante, sobre todo en concellos pequenos, probablemente isto retraería que se creasen máis CIM e mesmo que se mantivesen algúns dos que xa están existindo. Isto é o que nos teñen transmitido e, polo tanto, esta é a razón que eu lle quero explicar. Se constatamos nalgún momento que non é así, iso se pode reconsiderar, pero non hai outra razón que esa agora mesmo.

Igual que vostede me dicía que as profesionais dos CIM demandan máis recursos para poder facer informes psicolóxicos. Vostede sabe que iso non é un problema, porque despois, en moitos xulgados, os informes psicolóxicos que veñen dos CIM teñen unha serie de problemas, unha serie de retencencias, para ser aceptados. Estamos facendo un esforzo importante nos recursos para informes psicolóxicos nos propios xulgados. Tamén podemos facelo nos CIM, pero non é só unha cuestión de recursos, é cuestión de que estes informes que veñen dos CIM sexan aceptados nos xulgados, que non o son en moitos casos, e hai que facer un segundo informe.

E despois —rapidamente remato, señor presidente, vou intentar contestalo todo—, efectivamente, as profesionais demandan máis cooperación entre elas. Iso de facer rede é importante, e aí temos que avanzar, evidentemente. Creo que os encontros, simplemente que se



coñezan, que saiban quen está en cada sitio e que despois fagan relacións, é importante e beneficioso, e seguimos fomentando todo iso.

Cooperación interautonómica. Non haberá ningunha dúbida da capacidade e do interese da Xunta de Galicia en que canta máis cooperación haxa entre comunidades autónomas moitísimo mellor. Acabamos de demostralo onte co acto do Corredor atlántico, e nesta materia tan importante tamén intentaremos que cada vez haxa máis intercambio. E creo que agora, cos recursos que recibimos todas as comunidades autónomas do fondo do Estado é unha boa ocasión para intentar mellorar aí.

Non teño máis tempo, señora Pierres, de verdade que lle agradezo o que se falou nesta interpelación. Polo menos, por parte do Goberno da Xunta de Galicia eu o considero útil. Eramos conscientes desas reivindicacións, non todas poden ser atendidas, intentamos explicarlles aos profesionais as que si e as que non, pero creo que é unha magnífica iniciativa que a través dos grupos políticos, nun debate sosegado, se fale disto no Parlamento e que calquera partido, governe ou estea na oposición, o transmita e intentemos chegar a acordos.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pasamos ao punto 7º da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da Xunta de Galicia para pagar os gastos xerados pola vivenda do fiscal xefe da Audiencia Provincial de Ourense

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías, e boa tarde, señor conselleiro.

O 11 de febreiro coñeciamos a través do xornal *El País* unha nova, unha información da xornalista Cristina Huete, de que a Xunta de Galicia estivo pagando durante máis de dez anos o alugueiro dun piso ao fiscal xefe da Audiencia provincial de Ourense. Por certo, a pesar de que a cobertura informativa se fixo en todos os medios de comunicación, tanto estatais como a nivel autonómico, volveu haber apagón na canle autonómica pública, na TVG, porque volveu outra vez actuar ese gabinete de comunicación do Partido Popular que tantas veces temos denunciado.

Dende que esta persoa asumiu o cargo no ano 2004, e tras as sinatura por parte do Goberno galego dun contrato de arrendamento cun particular, todos os galegos e galegas estivemos pagando 950 euros aos mes, máis os gastos de mantemento da vivenda, por un piso de máis de 200 metros cadrados no centro da cidade, ao fiscal, a unha persoa que gaña ao mes varios miles de euros. Mentres, a situación da mocidade nesta comunidade autónoma nos di que



estamos á cola en emancipación, non soamente de España, senón tamén de toda a Unión Europea.

A política de subvencionar o alugueiro aos cargos xudiciais estaba practicamente finiquitada, ata que no ano 2008 foi o Goberno do señor Touriño o que lle asestou definitivamente o golpe, retirándolla á presidenta da Audiencia provincial de Lugo e tamén ao fiscal xefe de Ourense. Fixémolo porque considerabamos que era unha situación de privilexio herdada e contraria ao interese público.

Segundo temos entendido, coa chegada do señor Feijóo mantívose este privilexio. No ano 2016 rescindiuse o contrato, segue pagándose a luz, a auga e a calefacción por parte de Vicepresidencia, o fiscal segue residindo neste piso e o propietario da vivenda demandou o Goberno galego por non pagar as mensualidades.

Rexistramos esta pregunta pola vía de urxencia porque entendemos que o Goberno galego debe dar explicacións claras de maneira inmediata sobre se pretendeu nalgún momento influír nas decisións da Fiscalía de Ourense. Estamos falando dun órgano importante, un órgano que está cuestionado agora mesmo pola propia Fiscalía xeral do Estado cun procedemento que hai aberto; unha falta disciplinaria grave, de abuso de autoridade, por unha denuncia nun caso distinto. É unha institución importante que promove a acción da xustiza, os dereitos da cidadanía, en favor do interese social e público, que debe estar sempre rexida pola legalidade e pola imparcialidade. Co cal a pregunta é clara, ¿por que estiveron pagando o alugueiro desta persoa?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta do conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Señor presidente.

Boas tardes, señoría.

Ao respecto, permítame sinalarlle tres cuestións.

A primeira é que hai máis de quince anos podían existir situacións que xustificasen que a certos cargos se lles provea dunha vivenda para garantir a súa estabilidade na cobertura dos seus postos de traballo, especialmente cando había traslados en Galicia de funcionarios procedentes doutras zonas de España con condicións de mobilidade xeográfica para acceder a este tipo de prazas. Non obstante, co paso do tempo, e pola asunción de novas competencias por parte da Administración autonómica, esta práctica deixou de estar xustificada e derivou en innecesaria. De feito, ata que este goberno resolveu o contrato do caso que se refire, era o único que se mantiña.

En segundo lugar, quero indicarlle que o pago deste alugueiro non se limita á última década pola que vostede pregunta, senón que se aboou de maneira ininterrompida dende o ano



2004. Por tanto, este alugueiro mantívose tanto cos gobernos do PP como do Bipartito. O 26 de xaneiro de 2006 vostedes actualizaron este contrato, o mesmo que curiosamente fixeron o 27 de abril de 2007. A única diferenza é que o actual Goberno foi o único que decidiu en 2016 resolver definitivamente o contrato de alugueiro e dalo por finalizado, de forma que esta é a primeira vez que este asunto chega ao xulgado. Si, señorías, somos os únicos que o fixemos definitivamente. Por tanto, leccións moi poucas ou practicamente ningunha.

En terceiro lugar, como vostede quere limitar o asunto á última década, véxome na obriga de lembrarlle o que fixeron cando vostedes eran goberno, porque xa lle dixen que este contrato tamén é anterior. Moitas veces, desde o seu grupo quéixanse das referencias que facemos ao Bipartito, e nesta ocasión, incluso na formulación por escrito da súa pregunta, vostede presume del, dicindo textualmente: «No ano 2008, a Xunta presidida por Emilio Pérez Touriño rematou cos casos de alugueiros subvencionados para cargos xudiciais que quedaban na comunidade, por considerar que supoña manter situacións de privilexios contrarias ao interese público».

Pois ben, señoría, ¿sabe o que fixo o Goberno bipartito, do que tanto presume na súa pregunta, cando estaba en funcións? Imaxino que non, porque supoño que non formularía a pregunta como o fixo. O 10 de marzo de 2009, ese Goberno bipartito—reitero, estando en funcións— emitiu un informe xurídico sobre a reclamación previa á vía civil que fixo o arrendador. ¿E sabe vostede como conclúe ese informe? Con tres cousas. Primeira, o cese no pago estaba mal feito. Segundo, había que manter o alugueiro. E, terceiro, había que pagarlle a renda ao arrendador. (*Murmurios.*) Por tanto, ¿con que quedamos? ¿Cun goberno en funcións que deu marcha atrás ao que vostede acaba de formular, para repoñer eses privilexios dos que tamén se fala na pregunta? Vólvolle repetir, o único goberno que a día de hoxe...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro, terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...limitou este tipo de alugamento é este.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. Grazas. (*Aplausos.*)

Réplica, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Pois mire, señor conselleiro, eu, efectivamente, quedo cun goberno que, despois de que vostedes non fixeran absolutamente nada nese tema, comunicara esa decisión, que ademais foi unha iniciativa do conselleiro de Presidencia, que daquela era o señor Méndez Romeu. Eu quedo cun goberno que en plena época de crise, cando nesta comunidade autónoma —segundo datos do Consello Xeral do Poder Xudicial— se desafiuzaban 1.201 inmobles alugados nesta comunidade autónoma no ano 2015, todos os galegos e galegas lle estabamos pagando a vivenda ao fiscal de Ourense. Eu quedo cun goberno que traballa en termos de equidade, (*Aplausos.*) non cun goberno que distribúe as persoas entre VIP, con capacidade de decisión e presuntamente de beneficiar directamente o Partido Popular, e a cidadanía de a pé.



Mire, no ano 2015 —refírome a isto— unha muller denunciou a Baltar por presunto acoso sexual... (*Murmurios.*) O fiscal decidiu archivar...

Señor presidente, gustaríame que me deixaran rematar.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: O fiscal decidiu archivar a denuncia por ofrecerlle traballo por sexo. O presidente da Xunta, cando coñeceu esta decisión, dicía: *El fiscal habló alto y claro.* Soamente seis meses despois foi cando vostedes rescindiron o contrato. Mentres esa decisión estaba pendente, (*Murmurios.*) vostedes seguiron pagando o alugueiro dese piso.

Xa lle anuncio que, como vostede segue sen explicar absolutamente nada, porque non contestou á pregunta de por que se estaban pagando eses alugueiros, o PSdeG pedirá á Fiscalía do Estado a revisión de todas aquelas actuacións realizadas polo fiscal xefe da Audiencia de Ourense para coñecer se se fixeron baixo os principios de legalidade e de imparcialidade que deberan estar rexendo non soamente en Ourense, senón en toda a comunidade autónoma. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor conselleiro, en Ourense todos e todas sabemos o que pasa, pero non temos medo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco. Terminou o seu tempo. Grazas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Peche da pregunta, señor conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Señoría, lamento de verdade, creo honradamente que o que ten vostede son lagoas informativas. Acaba de caer nun novo erro.

O señor PRESIDENTE: Poña ben o micrófono... Perdoe, é que non se lle escoita ben.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Xa lle dixen que era un goberno en funcións, curiosamente dez días despois das eleccións, o que adopta determinadas decisións. Acaba de nomear vostede un conselleiro que foi no seu momento da Presidencia. Tamén lle podo dicir —grazas a Deus aínda está vivo— como ese mesmo conselleiro retirou o tema da orde do día do Consello da Xunta que previamente pasara por secretarios. Polo tanto, leccións moi pouquiñas.

Volvo repetir, é a primeira vez que este goberno, dende hai practicamente tres anos, un tema que está xudicializado nestes momentos... ¿por que non deixamos transcourir? No mes de novembro, a unha pregunta moi similar a esta formulada por vostede, que eu lle contestei, xa lle dixen: non note nas miñas palabras, de moderación e de templanza, febleza no actuar deste conselleiro e deste goberno. ¡Por favor! Fíxese moi ben, trate de documentarse un



pouco para facer as preguntas, e ás veces que sexan como un búmerang. Volvo repetir, estamos ante un tema moi serio, pero leccións sobre o pecado orixinal do Partido Popular, ningunhas. *(Aplausos.)*

Polo tanto, deixemos traballar. Xa que o tema está xudicializado, deixemos traballar. Cunha premisa moi clara: este goberno é o primeiro que leva o tema ata onde está. Este goberno é o que sempre está, como fixo, fai e fará, en defensa do patrimonio que ten a comunidade autónoma. Leccións, moi poucas, e menos neste caso.

Sen máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Luisa Pierres López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto das execucións orzamentarias do Ministerio de Fomento na Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2015, 2016 e 2017

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Imos formular unha pregunta sobre os investimentos en infraestruturas do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia que son practicamente os únicos investimentos directos —se se me permite o emprego do termo— que o Estado fai nas comunidades autónomas.

Antes de avanzar, quixera facer un matiz importante. Sei sumar, sei restar, sei calcular porcentaxes, e mesmo sei incluso interpretar índices. Afirmación que podó facer extensiva ao total da oposición que está situada neste lado. *(Aplausos.)* Dígoo porque o señor presidente esta mañá sementou dúbidas, seguramente no seu afán de desprestixiar as argumentacións que se facían por parte, neste caso, dalgún membro da oposición.

Miren, hai pouco máis dun mes, o señor Tellado, con esa elocuencia que o caracteriza e que aplica sistematicamente á descualificación da oposición, formuloulle preguntas sobre o que supoñía para Galicia o proxecto de orzamentos do ano 2019, que hoxe, evidentemente, carecen xa de ningún tipo de transcendencia práctica, posto que todos sabemos no escenario no que nos atopamos.

Con respecto aos orzamentos de anos anteriores, e cito os medios de comunicación —en concreto, por exemplo, os do ano 2016—, o señor Tellado dicía: En relación cos orzamentos xerais do Estado para o 2016, o portavoz dos populares galegos sinalou que as contas supoñen unha aposta do Goberno central por Galicia e unha garantía de estabilidade. «Galicia conta para o Goberno de Rajoy», destacou o portavoz do Partido Popular de Galicia, ao tempo



que puxo de relevancia o investimento en partidas como o AVE, incluso a pesar dos momentos difíciles vividos polas crises económicas.

E continuaba: O portavoz do Partido Popular de Galicia, Miguel Tellado, realizou onte unha valoración «cualitativa» —entrecomillado— do proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2016, que denominou como presupostos da recuperación. O Ministerio de Fomento será o máis investidor en Galicia, que será a segunda comunidade con maior investimento deste departamento. En total, destacaba a cantidade investida nos últimos cinco anos.

Vaime permitir que faga unha referencia ao termo *alharaca*. *Alharaca* é a extraordinaria manifestación ou expresión pola que, por lixeiro motivo, se manifesta a vehemencia dalgún efecto como a ira, queixa, admiración ou alegría. O que facía o señor Tellado eran alharacas. Alharacas porque os datos —datos que son da Intervención Xeral do Estado e, polo tanto, entendo que son fiables, ou así o debemos entender todos— evidencian que entre os anos 2015, 2016 e 2017 a Administración xeral do Estado, o Goberno do señor Rajoy, deixou sen executar o 54 % dos orzamentos de Fomento e o 60 % dos orzamentos correspondentes ao AVE. ¿Que valoración fai, señora conselleira, destes datos?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Pese as alusións, responde a conselleira. Iso será ao final dependendo de como vaia o debate. Pero agora, en principio, responde a conselleira. Imos deixar a conselleira que responda, que ha de traer os temas preparados.

Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade. Cando queira, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, en primeiro lugar agradezo a comprensión para aprazar esta pregunta por cuestións meramente familiares. En calquera caso, a min o que hoxe me sorprende é esta pregunta en cuestión. Eu creo que o acaba de dicir vostede, é a reacción a unha pregunta que me interpelou o señor deputado Miguel Tellado sobre os orzamentos a nivel do Estado que por sorte non se chegaron a aprobar, quedaron en nada.

O certo é que cando se din verdades, verdades como estas, as verdades doen. E foi o que lles pasou a vostedes.

Esas verdades doen porque os orzamentos presentados polo Partido Socialista de Pedro Sánchez supoñían un retroceso intolerable en materia de infraestruturas, unhas contas fortemente criticadas, onde quedaron sós vostedes porque todo o mundo entendeu que era un agravio a Galicia en materia de infraestruturas.

Eu creo que quedaron escocidos sobre esa cuestión cando dixen a verdade, e presentaron esta pregunta como urxente. Unha pregunta urxente dos orzamentos de 2015, 2016 e 2017.



Urxente, urxente... Eu creo que xa choveu desde este anos. Polo tanto, eu creo que escocen as verdades cando se din de verdade.

Polo tanto, darei cumprida resposta, pero a cuestión que tratan vostedes era unha cortina de fume por ese agravio a Galicia que vostedes trataron de defender, cando eran uns orzamentos do Estado que para Galicia son os peores orzamentos do Estado dende hai dezasete anos e que vostedes intentaron defender, os orzamentos do Goberno socialista de Pedro Sánchez. Orzamentos que supoñían a baixada de investimento en Galicia do 30 % e a subida en Cataluña do 57 %. Polo tanto, as verdades volvo insistir que escocen.

Eu sempre digo, señor Álvarez, que a autocompracencia non debe ser unha actitude recomendable para os servidores públicos. Creo que os servidores públicos debemos estar permanentemente insatisfeitos, sempre querer conseguir máis, eu creo que si. Creo que todos os servidores públicos, por suposto, temos que querer sempre máis para a nosa xente. Creo que todos sabemos, e creo que tamén vostede, que o maior investimento en materia de infraestruturas en Galicia foi en épocas do Partido Popular en Madrid. Creo que debe compartir que son os maiores investimentos. A autovía A-8 está rematada; o eixo atlántico, o AVE a Galicia, desbloqueado e impulsado; a autovía Lugo-Santiago —obras en servizo e obras totalmente en execución— pasou do papel á realidade co Goberno de Mariano Rajoy en Madrid, e con estes orzamentos que vostedes estaban defendendo, que son os peores dos dezasete últimos anos, a autovía Santiago-Lugo estaba totalmente ralentizada.

Faremos seguimento continuo, dende logo, dos investimentos, pero as circunstancias excepcionais do ano 2017-2015 creo que as sabe: un bloqueo político continuo que, dende logo, afecta á execución e tamén ten un nome, que é o Partido Socialista Obreiro Español. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, seguramente, estou certo, nalgún texto científico dos que vostede estudou ao longo da súa formación aparecían as siglas QED, que vén sendo *Quod erat demonstrandum*, é dicir, como queríamos demostrar. E acabamos de demostrar —a súa resposta así o demostra— que non ten ningunha valoración boa que facer sobre o que lle preguntamos. A realidade é esa.

E mire, a nosa pregunta non era unha cuestión de reacción, porque a reacción implica necesariamente a existencia previa dunha acción, e, francamente, a pregunta do señor Tellado de acción tiña pouco, era máis ben unha cuestión de lucimento —mezcla de persoal, mezcla de político— con respecto ao proxecto de orzamentos que había para o ano 2019.

Polo tanto, queda demostrado, como dicía o señor Tellado, pero noutro corolarario, que cando en España goberna o Partido Popular e en Galicia goberna o Partido Popular, a Galicia vaille mal. Vaille mal porque os datos que vostede non contradiciu —aínda que supoño que o pode



facer na súa quenda de resposta— evidencian as cifras que puxemos na nosa pregunta, é dicir, eses son os niveis de orzamento e os niveis de execución. Están todos contrastados porque son —insisto— datos da Intervención Xeral do Estado e, polo tanto, datos que calquera pode consultar e pode coñecer.

Cando se orzamentan en infraestruturas 3.251 millóns ao longo de tres anos, 2015, 2016 e 2017, e se executan 1.521, a proporcionalidade é simple, a porcentaxe, a regra de tres, como queira chamarlle, di que iso é o 46,8 %. E cando nas obras do Adif, do AVE, se orzamentan 1.986 millóns neses mesmos anos, e se executan 810, quere dicir que se executou un 40,82 %. E fíxese se somos xenerosos, que na nosa afirmación dicíamos que o compromiso do Partido Popular con Galicia é, como moito, do 50 % do que din as súas palabras...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez. *(O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Ano 2016, 2017, vostede non afondou nas circunstancias excepcionais deses anos. Sabe que son circunstancias que, dende logo, nin axudan á execución orzamentaria, nin axudan á capacidade de xestión, nin ás decisións de Goberno, porque o ano 2016 saben vostedes que foi un ano en funcións, tras eleccións en decembro de 2015, eleccións despois en xuño 2016, e, dende logo, case un ano con bloqueo político, que afecta, por suposto. Hai unha acción limitada para execución orzamentaria, son meses de interinidade para a xestión e para gobernar. E iso é a consecuencia de algo, algo que se chama «no es no», algo que se chama Partido Socialista de Pedro Sánchez. *(Aplausos.)*

Polo tanto, ano 2017, tamén limitada a capacidade de xestión, porque, señoría, os bloqueos non saen gratis, e volvemos estar a día de hoxe —ademais dos problemas no 2016-2017— en España sen orzamentos e con dúas eleccións en menos de dous meses. Polo tanto, os bloqueos saiban vostedes que non saen gratis.

Pero, en calquera caso, nós predicamos co exemplo; deberían vostedes tamén predicar co exemplo. Eu creo que os orzamentos son importantes, a execución tamén, pero o certo é que a execución orzamentaria do Estado deses anos está na media dos orzamentos de onde vostedes gobernan, por exemplo, en Vigo e en Lugo, e voulles dar algún exemplo, e nalgún caso incluso menor. Ano 2017, Concello de Vigo, non chega ao 52 %; o Ministerio de Fomento, nese ano, 54,5 %, polo tanto, máis; a pesar de que no ano 2017 o orzamento do Estado se aprobou á metade do ano. Concello de Lugo, ano 2016, por exemplo, deixou sen executar case a metade do seu orzamento. Concello de Vigo, deixou de gastar sete de dez euros. No ano 2015, o Concello de Lugo menos do 40 % e Fomento máis do 50 %. En calquera caso, no ano 2017 o Concello de Lugo nin rendeu contas, que iso si que creo que é máis grave.

En calquera caso, é máis fácil ver palla en ollo alleo que non viga no propio. Polo tanto, predicamos co exemplo na Xunta de Galicia. Execución orzamentaria neses anos na Axencia Galega de Infraestruturas o centro directivo con máis investimento, máis do 90 %; licitación



de obra pública importante no 2015, 158 millóns de euros; 2016, 196 millóns de euros; e 2017, 230 millóns de euros. Polo tanto, seguiremos traballando e non nos damos por satisfeitos, pero predicamos co exemplo. En calquera caso, como dicía, nos orzamentos do Estado —creo que é o importante— presentamos emendas en cuestións sobre a transferencia da AP-9, co espírito de que se faga xustiza coas peaxes; emendas que fan un chamamento á coherencia, coherencia que, dende logo, non teñen vostedes. Con Mariano Rajoy parecía-lles insuficiente o 10 %; co Bipartito parecía suficiente, un logro, o 8 %; e aplauden agora o 6,2 %. Nós somos coherentes e exixentes.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Terminou o seu tempo.

(O señor Tellado Filgueira pide a palabra.)

Si, señor Tellado, ten un minuto.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

A verdade é que ía pedir a palabra por alusións...

O señor PRESIDENTE: Mencións.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...porque fun aludido de forma reiterada, pero simplemente quería propoñer unha modificación do regulamento para que o Grupo Socialista lle poida preguntar a un viceportavoz do Partido Popular, porque a pregunta, en realidade, creo que non era á conselleira, creo que era para nós.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Creo que é difícil ser do Partido Socialista, porque hai que defender que o 6 % é máis que o 11 %, pero supoño que no fondo forma parte dunha campaña do Partido Socialista, do señor Álvarez, para ser candidato ao Senado.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Non, nas alusións non hai debate.

Grazas. Xa está.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para rectificar a cronificación da precariedade laboral, da temporalidade e da fenda salarial das mulleres

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Prado Cores.



A señora PRADO CORES: Moi boa tarde, señor conselleiro.

Ás portas do 8 de marzo, no BNG cremos preciso facer balance da situación laboral das mulleres en Galiza. Ao analizar os datos, saltan todas as alarmas: a desigualdade perpetúase e mesmo se acentúa. A fenda salarial segue sendo unha constante: o vinte e tres por cento, segundo a enquisa da estrutura salarial do INE. Segundo esta enquisa, as traballadoras galegas cobran, de media, 5.479 euros menos que os homes e gañan 1.837 euros menos, de media, que as mulleres do Estado.

As mulleres concéntranse nos traballos con menos ingresos: o trinta e sete por cento non chega ao salario mínimo interprofesional e o 20,5 por cento —ao redor de cen mil— non chega á metade, é dicir, salarios de menos de catrocentos euros. Nestes niveis de emprego superan aos homes, mais a medida que soben os salarios, as mulleres van desaparecendo dos empregos, ata chegar a un nivel no que, por exemplo, dos salarios que perciben máis de dez veces o salario mínimo interprofesional só o dezasete por cento das mulleres está nese nivel, fronte ao oitenta e tres por cento dos homes.

A fenda salarial empeora ao chegar á idade de xubilación e a diferenza aumenta dun xeito moi importante: cobran un trinta e seis por cento menos que os homes por ter unhas bases de cotización e tempos de cotización moito menores. Unha pensionista galega ingresa, de media, trescentos cincuenta e sete euros mensuais menos, uns cinco mil euros ao ano menos.

Segundo o mercado laboral do ano 2018, o mercado laboral das mulleres é a tempo parcial —case un vinte e dous por cento— non por escolla propia, senón porque é o único tipo de emprego que se lles oferta, e de temporalidade —un 27,5 por cento—: case o cincuenta por cento dos contratos das mulleres foron de menos dun mes, señor conselleiro, ¡de menos dun mes! —o 48,6 por cento—. E a este dato da altísima contratación a tempo parcial e de rotación temos que engadir que a taxa de actividade das mulleres está 8,4 puntos por debaixo da dos homes.

En Galiza prodúcese unha destrución de emprego en todos os sectores —agás en servizos—, e o dramático é que esta destrución de emprego é sobre todo entre o emprego de xente moza. O oitenta e cinco por cento das mulleres traballa no sector servizos —é a taxa de ocupación das mulleres—, sobre todo maiores de corenta e cinco anos.

¿E todos estes datos que dan como resultado? Pobreza, dan como resultado mulleres pobres, un mercado laboral de mulleres pobres: o vinte e dous por cento das mulleres viven por debaixo do limiar da pobreza. Por iso, señor conselleiro, o que lle preguntamos é que é o que está facendo o Goberno galego, cales son as actuacións que está realizando para rectificar esta situación de cronificación da precariedade e da temporalidade e a fenda salarial das mulleres galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.



Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, iniciou a súa intervención dicindo que ía facer un balance. Eu lamento —e téñoille que trasladar— que vostede non fixo ningún tipo de balance, e creo que debería de axustarse á realidade, sobre todo se, efectivamente, queremos facer nestes momentos un balance sobre a situación laboral das mulleres. E esa situación laboral vostede sabe perfectamente que mudou bastante con respecto a anos atrás, se realmente vostede o que quere facer é un balance.

Repítolle os datos que trasladei esta mesma mañá: hoxe en Galicia hai catrocentas setenta e nove mil mulleres afiliadas á Seguridade Social, que é o número de mulleres máis alto que está afiliado á Seguridade Social e que representa —esas catrocentas setenta e nove mil mulleres— case a metade do total. De feito, se quere facer balance, saberá que hai 14.930 mulleres máis traballando que no ano 2009. Hoxe en Galicia, ademais, hai máis mulleres cun contrato indefinido, polo que sete de cada dez teñen estabilidade no seu emprego, e hoxe en Galicia case oito de cada dez mulleres traballan a tempo completo. Tamén seis de cada dez mulleres contan cun contrato indefinido a xornada completa, superando a España en case medio punto, ao igual que no resto de indicadores do mercado laboral.

Polo tanto, señoría, a única cronificación é a do discurso do BNG, que permanece invariable e que non quere asumir que, efectivamente, hai unha mellora na situación do mercado laboral das mulleres.

Quédannos moitas cousas que mellorar, sen dúbida —díxeno esta mañá—, pero o que é certo é que o esforzo da sociedade galega —de toda a sociedade galega— estanos a permitir mellorar en termos de igualdade, e iso é unha realidade. Un deles, efectivamente, dos eidos nos que temos que mellorar, é na igualdade retributiva, unha igualdade retributiva que está condicionada, como sabe, por factores como as interrupcións na carreira profesional ou os complementos do salario, que na práctica non son neutros en canto ao xénero, pero tamén sabe que Galicia é a segunda comunidade con máis aumento dos salarios femininos no período de anos 2008-2016.

En definitiva, seguimos a traballar e, dentro do Goberno, estamos impulsando medidas importantes para facilitar a incorporación das mulleres no mercado laboral, para facilitar o seu desenvolvemento profesional e tamén para traballar pola responsabilidade e pola igualdade coas propias empresas. Trinta e cinco mil beneficiarias de axudas e sesenta mil servizos que se proporcionaron por parte da administración, cun investimento de cento corenta e nove millóns de euros en diferentes programas, que nos están permitindo facer unha mellora efectiva da situación das mulleres no mercado laboral.

Temos que seguir mellorando, temos que seguir avanzando, e o que nos gustaría é que vostede trasladara propostas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Se quere facer balance, faga balance, non unha situación estática que non permite facer unha lectura práctica de cara ás iniciativas de goberno. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Para a réplica ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Mire, señor Conde, estamos bastante fartas de discursos e non de recursos. *(Aplausos.)*

Mire: os datos aos que fixen referencia son datos do IGE, da EPA, do informe sociolaboral feito pola CIG e da enquisa de estrutura salarial do INE; se quere, pásollos.

Vostede é o responsable das políticas laborais e económicas do Goberno. E, dos dez anos —que leva este goberno do Partido Popular— de aplicar orzamentos, de deixar de aplicar outros moitos e da folla de ruta da política económica do Partido Popular, os datos son os que lle vou dicir: dende o primeiro trimestre do 2009 a este 2018, hai en Galiza nove mil oitocentas mulleres ocupadas menos, un dous por cento menos; as mulleres paradas incrementaron en mil cincocentas dende o 2009 ata o 2018, e, ademais, a fenda salarial en Galiza, señor conselleiro, aumentou case mil euros —992,26—, é dicir, un 22,1 por cento, cando no Estado español aumentou soamente douscentos noventa e catro euros, é dicir, un 5,3 por cento.

É dicir, a realidade estática que vostede di é que hai, baixo o Goberno do Partido Popular en Galiza, menos mulleres ocupadas, máis paradas e máis fenda salarial en Galiza e, ademais, máis con respecto ao Estado. Esa é a realidade de Galiza coas políticas do Partido Popular. *(Aplausos.)* Esa é a realidade en Galiza coas políticas do Partido Popular.

Estamos un pouco fartas de discursos baleiros e de que non apliquen ningún tipo de política. Co cal, eu o que fago é propoñerlle que promova, vixíe e poña en marcha a lexislación aprobada, porque hai leis, pero o que non fan é poñelas en práctica. Promova e vixíe o cumprimento da lexislación en materia de igualdade laboral; traballe transversalmente para a eliminación das discriminacións; sancione, que teña custo discriminar as mulleres, que non saia gratis, señor conselleiro, e pase do papel aos feitos, da actitude de pasividade a unha proactiva.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Eu o que lle pido hoxe é que se implique para que non haxa nin unha vulneración máis dos dereitos laborais das mulleres recoñecidos na lei, que se molle un pouquiño para que pase dos dereitos recoñecido no papel á práctica, señor conselleiro. Menos discursos e un pouquiño máis de acción.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.



Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señora Prado, fáleme vostede de política económica; xa vemos a política económica do Bloque Nacionalista Galego, que pretende que se peche Meirama e que, polo tanto, non haxa oportunidades para o mercado laboral. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En calquera caso, eu, máis que discursos, señora Prado, o que lle traslado son datos, e eses datos son da EPA, son da Seguridade Social, son do paro rexistrado. E a realidade, aínda que vostede non a queira recoñecer, é que hoxe hai máis mulleres afiliadas á Seguridade Social que nunca, que hoxe temos máis mulleres cun contrato indefinido que nunca e que hoxe hai menos mulleres buscando un emprego. Esa é a realidade do mercado laboral en Galicia, aínda que vostede segue coa cronificación do seu discurso en materia de igualdade e, lamentablemente, así non podemos evolucionar.

Equívocanse ao facer deste asunto unha cuestión de bos e malos, que é o que fan habitualmente, porque entendo que vostedes o que buscan é que o emprego sexa sinónimo de igualdade, pero para iso vostedes deberían de traer propostas e sumarse á realidade. Deixen a confrontación, pasen ao diálogo e, seguramente, así poderemos traballar xuntos para unha Galicia en igualdade, que é o que está a facer este goberno.

E estou a facer outorgándolles ás mulleres máis medidas para conciliar xunto cos homes. Debería de revisar o Plan de conciliación e corresponsabilidade deste goberno, debería de revisar os datos de prazas públicas de escola infantil, que temos máis que nunca en Galicia. Estamos achegando servizos para a conciliación ás contornas rurais e laborais, temos máis prestacións á maternidade e máis axudas á conciliación. Estas son realidades da acción de goberno en cumprimento da Lei de igualdade, que estamos aplicando e que vexo que vostede, lamentablemente, non coñece.

As mulleres, señoría, tamén contan con máis apoios para acceder a un emprego e desenvolver a súa carreira profesional. Lamento que tampouco coñeza este tipo de iniciativas nin o Programa Emprega en feminino. Tamén lamento que vostedes non recoñezan que as mulleres en Galicia hoxe contan con máis protección de dereitos e de riscos laborais, especialmente tanto no embarazo como na lactación. Estámolo facendo con visitas e campañas do Instituto Galego de Seguridade Social —que vexo que vostede descoñece— e tamén a través da actuación da Inspección de Traballo, con case catro mil actuacións nos últimos anos relacionadas directamente coa igualdade entre mulleres e homes e con cento dezaioito actas de infracción. Tamén as mulleres en Galicia, señora Prado, contan con máis soporte para acabar coa fenda salarial, porque imos desenvolver, e estamos traballando no diálogo social, un novo programa de impulso para favorecer esa igualdade salarial.

Polo tanto, señora Prado, eu podo aceptar que para vostede estas medidas sexan insuficientes, podo aceptalo, incluso podo aceptar a demanda dun maior esforzo por parte desta ad-



ministración, pero o que non podo aceptar é que se ignore o feito ata agora por parte do Goberno e tamén por parte dos axentes económicos e sociais.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): E o que lamento é que vostede siga ancorada no pasado e que, lamentablemente, dende o seu grupo non haxa propostas para favorecer a igualdade entre homes e mulleres.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Estratexia galega de convivencia-Educonvives 2015-2020

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Un dos problemas máis complexos que existen no ámbito das relacións humanas ou nos diferentes ámbitos das relacións humanas é o problema da convivencia. Sirva como exemplo, e eu creo que todos poderíamos entender como exemplo, os titulares que vemos un día si e outro tamén sobre as dificultades de convivencia en determinados espazos de confluencia política.

Pois ben, o noso sistema educativo, como un ámbito tamén de relación social e como un dos ámbitos fulcrais de relación social para unha sociedade avanzada, require de medidas que permitan garantir unha adecuada convivencia. Neste sentido, a consellería ten en marcha a Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020 Educonvives, cuxo obxectivo é fornecer o profesorado, nais, pais e equipos directivos, fundamentalmente, dunha serie de recursos que lles permitan afondar na mellora da convivencia escolar dende unha óptica integral e inclusiva.

Nesta liña, búscase facilitar orientacións para actuar con rapidez e eficacia diante de eventuais situacións problemáticas para a convivencia, así como, ademais, a prevención a través de formación en materia de saúde, identidade dixital etcétera. En definitiva, unha estratexia que, como dicía antes, permita marcar as pautas de convivencia dentro dun sistema educativo moderno, eficaz e inclusivo.

Nese sentido, a nosa pregunta é que nos diga cal é a valoración que fan dende o Goberno galego da actual situación e da implantación da Estratexia de convivencia-Educonvives 2015-2020.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Gil.

Ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Señor Fernández Gil, efectivamente, a Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020 Educonvives serve de guía e de axuda aos membros da comunidade educativa, especialmente ao alumnado, para desenvolver competencias sociais e competencias cívicas. E, como xa manifestei nesta cámara, merece a pena poñer en valor o que significou para o ensino galego impulsar a existencia de plans de convivencia en cada centro.

A Estratexia Educonvives está chamada a afondar en accións que permitan, en primeiro lugar, a formación para a prevención de conflitos para todo o alumnado, e tamén para as familias, para o profesorado e para os equipos directivos; a difusión de experiencias de éxito e boas prácticas; a homoxeneización de documentos e o establecemento de modelos normalizados para axilizar a xestión dos conflitos; a potenciación do procedemento conciliado e da mediación como vías de resolución de conflitos, e a coordinación das accións con outras entidades e con outras institucións que traballen en prol da mellora da convivencia.

Para seguir avanzando nestas e noutras cuestións resulta fundamental contar cun amplo diagnóstico da situación que viven os nosos centros. Como saben, a Consellería de Educación lanzou xa o segundo macrocuestionario *online* sobre convivencia nas aulas, que desde a semana pasada está xa á disposición de toda a comunidade educativa. O obxectivo é poder actualizar os datos obtidos na primeira edición deste cuestionario, elaborado a finais de 2015, e que no seu momento serviu para obter por primeira vez unha radiografía dos centros escolares de Galicia. Este macrocuestionario está dirixido ao conxunto da comunidade escolar, un colectivo dunhas cincocentas mil persoas, entre as que se inclúen alumnado a partir do quinto curso de primaria, docentes, familias e persoal non docente. Abrangue todas as etapas educativas e cóbrese a través dunha aplicación informática específica en liña. Son os directores e directoras dos propios centros os encargados de xerar de xeito totalmente aleatorio as claves de acceso para todos os membros da súa comunidade educativa, garantindo así o anonimato dos participantes. Así, a partir desas claves de acceso os destinatarios poden acceder ao cuestionario a través de calquera dispositivo electrónico.

Quero insistir en que se trata dun proceso totalmente privado, que respecta totalmente a privacidade —é anónimo—, co fin de acadar os resultados máis obxectivos posibles, xa que o contido das preguntas o coñecerá cada un dos participantes no proceso no mesmo momento en que deciden cubrir o cuestionario. Cantas máis persoas respondan a este cuestio-



nario, máis información teremos para saber o camiño a seguir para seguir avanzando na boa convivencia nas nosas aulas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Ten para a rolda de réplica a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Ben, señora conselleira, quero agradecerlle, en primeiro lugar, a súa resposta, e reforzar a idea que vostede expresou aquí de que para tomar as medidas axeitadas para calquera medida política ou administrativa que se queira levar a cabo dende un goberno é fundamental facer un diagnóstico serio e axeitado.

Entón, nese sentido vaime permitir que aproveite tamén a plataforma que nos dá o Parlamento de Galicia para animar a cidadanía e, en concreto, a comunidade educativa, a que participe activamente nese macrocuestionario que vostede nos acaba de referir para contribuír, precisamente, a ter un diagnóstico serio sobre as relacións de convivencia nos diferentes centros educativos, un diagnóstico que posteriormente nos permitirá tomar as medidas axeitadas para mellorar a convivencia en cada un dos centros educativos.

E, neste sentido —como sinalaba vostede antes—, estamos xa no segundo macrocuestionario que se fai ao abeiro desta Estratexia de convivencia-Educonvives; o anterior —como ben se dixo— realizárase no ano 2015, e supoñemos que, coa propia aprendizaxe derivada da experiencia lóxica que dá ter feito xa un cuestionario previamente, se implementarían cambios para facer diagnósticos máis axustados no macrocuestionario que se lle está a trasladar hoxe en día á comunidade educativa.

Entón, en definitiva, xa para rematar, gustaríanos saber cales son eses cambios ou os cambios máis destacables dentro deste macrocuestionario para a diagnose da realidade da convivencia no sistema educativo, e tamén se nos podería dar algún detalle máis concreto en referencia aos aspectos concretos da macroenquisa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Gil.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.



Efectivamente, señor Fernández Gil, cremos importante testar o pulso da convivencia nas aulas galegas, e parece oportuno facelo de xeito continuado no tempo para coñecer a súa evolución. Como xa expliquei, o obxectivo último é, a partir da información recollida, deseñar medidas específicas a prol da convivencia escolar que sexan o máis axeitadas posibles á realidade existente; así o fixemos tendo en conta a primeira experiencia. Para manter a súa fiabilidade, a súa validez e a súa consistencia interna, neste segundo macrocuestionario mantense o groso das preguntas da primeira edición, que están deseñadas en función do colectivo ao que van dirixidas. Pero deuse un paso máis, e tamén se introducen algúns cambios, como o primeiro: a eliminación de ítems iniciais que non tiveron incidencia no estudo e a ampliación de preguntas sobre aspectos que desde esta última enquisa se amosaron como clave na escolaridade. Todas as preguntas buscan obter información que axude os centros a unha diagnose máis exhaustiva que permita unha mellor adaptación dos seus propios plans de convivencia.

En total hai sete tipos de cuestionarios distintos, en función do colectivo ao que vai dirixido, con menos de vinte preguntas sinxelas e directas por documento para facilitar a súa resposta, polo que o tempo estimado para cubrilo é aproximadamente duns dez minutos. Todas as persoas que integran a comunidade educativa en Galicia poden ofrecer información útil, información relevante sobre a realidade que perciben, que se vive nos centros educativos e nos diferentes niveis.

Ao igual que ocorreu co anterior cuestionario, unha vez concluído o proceso cada centro escolar recibirá os seus resultados debidamente organizados. E, a partir deles, deberá analizar o seu caso particular e implementar o seu propio plan de convivencia adaptado á súa situación.

A maiores, a consellería realizará unha análise global da convivencia escolar en Galicia que sirva para orientar a toma de decisións desde evidencias sólidas. Temos que contar cunha verdadeira radiografía da convivencia escolar en Galicia e o obxectivo é poder dispor de datos e de información sobre igualdade, sobre inclusión, sobre condutas de acoso e ciberacoso escolar..., en definitiva, sobre o sistema educativo.

Animo —como vostede dicía— toda a comunidade educativa a que participe e a que responda ás preguntas, porque serán útiles para coñecer a realidade do alumnado, dos docentes, das familias e do persoal non docente. Todos e todas, todos e cada un e cada unha de nós podemos aportar a nosa visión —neste caso, a súa visión— sobre o que entenden que pasa nas aulas galegas. Entre todos e entre todas podemos seguir avanzando cara a esa excelencia educativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos ao debate acumulado das preguntas números 44402 e 44504. Acumúlanse para os efectos de debate de conformidade co disposto no artigo 159 do Regulamento.



Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia respecto da educación afectivo-sexual que está a recibir a mocidade galega

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da afectividade e da educación sexual en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra, en primeiro lugar, a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Nada, a primeira sorpresa é precisamente quen vai contestar a esta pregunta, o que nos dá boa medida da situación que vive a educación sexual neste país. Non lle interesa á Consellería de Ensino, tanto é así que non contesta á pregunta. *(Aplausos.)*

No informe de 2018 de educación e sexualidade da Unesco ofrécese unha nova definición da educación integral en sexualidade como un «proceso» escolar, educativo, «para ensinar e aprender acerca dos aspectos cognitivos, emocionais, físicos e sociais da sexualidade». O seu obxectivo é «preparar as nenas, nenos e a mocidade (...) para realizar a súa saúde, benestar e dignidade; desenvolver relacións sociais e sexuais respectuosas; considerar como as súas eleccións afectan o seu propio benestar e o dos demais, e entender cales son os seus dereitos ao longo da vida e asegurarse de protexelos». É máis, a educación integral en sexualidade que propón a Unesco caracterízase por ser «cientificamente precisa», isto é, baseada na evidencia; gradual, adecuada a todas as idades das rapazas e rapaces, favorable á satisfacción dos dereitos humanos e con base na igualdade de xénero. Por iso nos parece un bo punto de partida para comezar a repensar a educación sexual que recibe a mocidade en Galicia.

Segundo os profesionais da Sociedade Galega de Sexoloxía, a educación afectivo-sexual ten que comezar aos tres anos e chegar ata a universidade, algo que non está a acontecer na nosa comunidade; todo o contrario: esta educación está practicamente apartada das aulas, salvo en talleres ou obradoiros externos que voluntariamente demandan os centros educativos en Galicia. Alén dos plans Proxecta e Quérote+, ¿pode dicirnos, señora conselleira, cantos centros educativos forman parte deste programa? Porque sabe ben que esta é a única educación sexual directamente dependente da Consellería de Ensino —que era sobre o que queríamos preguntar—. Prégolle que, por favor, nos informe. Eu xa lle digo que para nós son moi poucos.

É dicir, que no día de hoxe neste país non temos unha planificación específica de educación sexual para o ensino regrado, senón que depende do voluntarismo dos centros escolares e da capacidade para atraer recursos externos. Todo isto nun marco no que as nenas e nenos teñen un acceso cada vez maior e máis doado a contidos sexuais en internet que perpetúan unha imaxe errada e machista dos roles de xénero e das relacións sexuais.

Permítame comentar algúns datos que pensamos que merecen atención. Máis do oitenta por cento das mozas e mozos galegos de entre trece e dezaioito anos pensan que están ben ou



moi ben informados sobre sexualidade; porén, un nove por cento delas e deles admiten non usar métodos anticonceptivos. O vinte e un por cento das rapazas —é dicir, a quinta parte— recoñece ter recorrido á pílula do día despois ou a outro anticonceptivo de urxencia. O 3,6 por cento das adolescentes e dos adolescentes entre trece e dezaioito anos afirman que ou quedaron embarazadas ou provocaron un embarazo. E outro dato: unha de cada catro mulleres sufrirá abuso sexual na súa vida. Son datos ante os que cómpre actuar e repensar a escasa formación afectivo-sexual que reciben as rapazas en Galicia para adoptar as indicacións difundidas pola Unesco.

Por iso preguntamos: ¿que avaliación fai a Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...da educación afectivo-sexual que recibe a mocidade galega? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Para formular a súa pregunta ten a palabra neste caso a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente, boa tarde. E boa tarde tamén á conselleira.

Kate Millett dixo que «o persoal é político»; esta é unha das ideas máis potentes que puxo enriba da mesa o movemento feminista, unha idea que denuncia como no ámbito privado se desenvolven relacións de poder que sosteñen as estruturas de dominación de ámbito público. O movemento feminista evidenciou así que a violencia machista, a discriminación e a desigualdade son unha cuestión social e non individual. Dentro dese ámbito privado atópase a sexualidade, unha actividade inherente aos seres humanos, fundamental no noso desenvolvemento persoal, mais que permanece oculta e, as máis das veces, ligada en exclusiva á prevención de riscos e á reprodución. Este tabú que pervive nas familias e no conxunto da sociedade reforza e reproduce prexuízos, roles e estereotipos de xénero, especialmente entre as franxas de idade máis novas.

No ano 2013, o relator especial sobre o dereito á educación das Nacións Unidas declarou o dereito á educación sexual como un dereito humano e advertía, ademais, que todas nós somos informadas sexualmente por acción ou por omisión. A decisión de non brindar educación sexual desde o ámbito público —especialmente, aínda que non só, desde as escolas— supón optar por un currículo oculto que deixa as crianzas e adolescentes á súa sorte en canto ao tipo de coñecemento e de mensaxes que reciben. A ausencia dunha educación sexual integral nos centros de ensino converte a pornografía practicamente en emisora única de información, e outórgalle a esta industria un poder inmenso na fixación de roles e na construción de referentes e visións dunha sexualidade que, ademais de irreais, son inmensamente violentas, machistas e patriarcais.

Vivimos no século XXI, no ano 2019. No día de hoxe o acceso a contidos pornográficos non é unha tarefa de contrabando, calquera pode acceder en apenas un clic, e as máis das veces nin sequera necesitamos buscar. Galiza conta con competencias plenas no ám-



bito educativo, mais, a pesar dos avances, a educación apenas se aborda de maneira conxuntural, esporádica, desde unha perspectiva bioloxicista e preventiva, sen un enfoque integral, como o que recomenda internacionalmente a Organización das Nacións Unidas.

Desde o BNG, ademais de preguntarlle pola avaliación que fan da situación actual, o que lle facemos son dúas propostas á Xunta de Galiza —unha ademais ten directamente que ver coa área que vostede representa—: a primeira é recuperar e impulsar os centros Quérote co proxecto orixinal co que foron creados e deseñados, como unha verdadeira rede de asesoramento afectivo-sexual para a mocidade, cunha programación estábel e recursos económicos e humanos suficientes, e a segunda é elaborar un plan galego de educación afectivo-sexual que vaia moito máis alá da prevención de riscos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e que abranga tamén esa parte emocional e afectiva.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente, deputadas e deputados.

Deputadas Rodil e Chao, moitas grazas polas súas interesantes reflexións e por poñer o foco nun asunto que —concordo con vostedes— é fundamental para os mozos e para as mozas: a educación afectivo-sexual.

Gustaríame recordar hoxe un proverbio africano que di: «Para educar un neno fai falla unha tribo enteira». Con isto non me refiro á proposta que lanzara unha deputada independentista catalá de ter fillos en grupo, senón que me refiro á realidade de que a educación non se limita aos centros de ensino, senón que tamén aprendemos dos nosos iguais, da nosa familia e dos medios de comunicación. É responsabilidade da Administración educativa poñer en marcha unha estratexia formativa coordinada, de calidade e axeitada aos retos do presente, tal e como está a facer a Consellería de Educación, pero tamén temos a responsabilidade colectiva de complementar a formación das e dos máis novos a través doutras canles.

Nesta liña, gustaríame poñer en valor o traballo que fai o persoal do programa Quérote+, que depende da Consellería de Política Social, que axuda a aclarar as inquiredanzas que ten a rapazada e a mocidade galega. Os psicólogos, os traballadores sociais, os educadores sociais e os enfermeiros deste programa achegan respostas a ámbitos tan necesarios como a imaxe corporal e a autoestima, os consumos e as adicións, a convivencia entre iguais, a seguridade en internet ou a afectividade e a sexualidade.



Cada ano, o Quérote+ atende máis de seis mil consultas directas, chega a uns dezaseis mil douscentos mozos e mozas a través das súas actividades, imparte formación en máis de douscentos centros educativos tanto mediante o Plan Proxecta como a través dos seus distintos obradoiros e leva as súas charlas a vinte e catro concellos e a vinte e oito entidades. Estas son as cifras que mellor retratan o programa, necesario e útil para mellorar a educación afectivo-sexual da xuventude galega.

Polo tanto, hoxe eu quero agradecer as boas palabras que tivo a deputada Rodil sobre o Quérote+ e trasladarlle o meu firme compromiso de que seguiremos garantindo o funcionamento desta rede de asesoramento á nosa mocidade galega.

O Quérote+ non é a única iniciativa que a Xunta de Galicia ten en materia de educación afectivo-sexual. A Consellería de Educación tamén puxo en marcha nos últimos anos dúas materias de libre configuración para primeiro e segundo da ESO e primeiro de bacharelato: Igualdade de xénero, que se imparte en corenta e tres centros, e Coeducación para o século XXI, que se ofreceu noutros tres centros da nosa comunidade autónoma. Tamén se desenvolveu a temática da igualdade a través de contratos programa en douscentos sesenta e oito centros neste curso e se formou cincocentos docentes en materia de igualdade en toda a lexislatura. Por outra banda, está en marcha o plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia.

Pero, como na maioría dos lugares, a situación da educación afectivo-sexual en Galicia aínda non é a idónea, e quedanos moito terreo para seguir mellorando, polo que os convido hoxe a darlles traslado ás súas propostas para que a Consellería de Política Social, a través do programa Quérote+, e a Consellería de Educación, a través do currículo do ensino obrigatorio, poidamos seguir mellorando.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Mire, señora conselleira: cando menos a súa resposta debera incluír unha palabra: insuficiente, e un número: vinte e un, que era polo que lle preguntabamos, porque ese é o número de centros educativos nos que se aplica o Plan Proxecta de educación sexual, só vinte e un. Valore vostede que lle parece esa cifra para o conxunto dos centros educativos galegos, para nós está claro que é insuficiente.

Non se pode ocultar: a educación sexual que reciben as nenas e nenos en Galicia nos centros educativos non chega, e isto é un problema ante o que cómpre actuar. Porque, canta máis educación sexual reciben as rapazas e os rapaces, menos riscos corren e máis capacidade de resposta teñen. De feito, segundo a Organización Mundial da Saúde, nos países cunha educación sexual regrada a iniciación sexual é máis tardía, hai menos embarazos non desexados e menos enfermidades de transmisión sexual; é dicir, mellora as súas vidas. Por iso nos gustaría que estivera aquí a conselleira de Ensino, para que tomara nota.



Queiramos ou non, os nenos e nenas van acceder á información sobre sexualidade, sobre todo a través de internet: en páxinas web, a través de *youtubers* ou directamente a través do porno. E aí están recibindo información que non só non é veraz, é que non é igualitaria.

Traballar para a sociedade na igualdade que precisamos implica tamén que as nenas e nenos aprendan sobre identidade e diversidade sexual, sobre consentimento, sobre anticonceptivos, sobre saúde e sobre relacións afectivo-sexuais libres e igualitarias nas aulas, e aquí a Administración educativa ten que dar un paso á fronte. Pode facerse: temos as competencias e exemplos claros como o Programa Skolae en Navarra, ao que o Partido Popular, por suposto, se opón. Non só iso, senón que o chaman «indecencia»; indecencia a do presidente do Partido Popular cando fala dos nosos dereitos.

A cuestión é clara: ¿van facer algo para mellorar a educación afectivo-sexual en Galicia? Vendo a ausencia da conselleira neste asunto, entendemos que non.

Mire, señora conselleira, vostede pódello contar á súa compañeira: este, precisamente, vai ser un dos motivos que leve miles de mulleres á folga o vindeiro 8 de marzo, porque a folga do 8 de marzo vai ser tamén unha folga estudiantil demandando educación afectivo-sexual.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: O feminismo tívoo sempre claro: educación sexual para decidir. Quere-mos mulleres capacitadas para decidir, termos mozas libres, responsables e felices. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Ten a rolda para a réplica a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu creo que acabamos de ver coa súa resposta unha das cuestións que estiveron no centro do debate ao longo desta sesión, que é o conformismo no que está instalada a Xunta de Galicia. E, ademais, é que as cifras precisamente veñen reafirmar que non se está facendo practicamente nada. Din vostedes que se están desenvolvendo as actividades vinculadas aos antigos centros Quérote en máis de douscentos centros de ensino nun país en que hai máis de mil, que se fan actividades en vinte e catro concellos nun país que ten trescentos trece ou que hai —como se acaba de sinalar— apenas vinte e un centros que ofrecen ese programa Quérote+, que é un programa que única e exclusivamente se ofrece para o alumnado de terceiro da ESO e de formación profesional básica, isto é, a partir dos catorce e quince anos. Os obradoiros que ofrecen, ademais, os centros Quérote+ como unha actividade en paralelo á súa formación, ao seu currículo académico, son apenas cen horas.

Nós o que queremos, e por iso insistimos nas nosas propostas, é, primeiro, recuperar o proxecto orixinal deses centros Quérote, que tiñan moito máis que facer na súa carteira de servizos que simplemente recoller as denuncias, as cuestións ou as preocupacións ou inquiredanzas que a mocidade podía trasladar a través dunha especie de atención ou consul-



toría. Nós o que lles queremos propoñer é recuperar o proxecto ambicioso con recursos económicos e recursos humanos para que eses centros Quérote poidan facer unha programación completa con esa perspectiva integral, que para o BNG é absolutamente fundamental. Porque —insistimos moito nisto— que as administracións fagan deixamento de funcións non quere dicir que o conxunto da sociedade, sobre todo as franxas de idade máis novas, non reciban información en materia de sexualidade, e o que lle estamos dando é un poder a unha industria pornográfica que non lle corresponde e que, ademais, é moi pernicioso para o conxunto da poboación.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Por iso insistimos en recuperar ese proxecto orixinal dos centros Quérote e, o máis importante, deseñar, como traeremos a esta cámara como proposta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...de impulso desde o BNG, ese programa e ese plan galego de educación afectivo-sexual para o conxunto das etapas educativas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e dos centros escolares deste país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Moitas grazas unha vez máis ás deputadas Rodil e Chao polas súas achegas.

Tal e como advirte a ONU, a rapazada recibe información de índole sexual tanto por acción como por omisión, polo que é necesario reforzar unha oferta educativa que lle permita á mocidade galega protexerse contra os riscos derivados dunha sexualidade mal entendida, e non reproducir roles e actitudes que queremos desterrar da Galicia do futuro.

Intentei de verdade resolverlles as dúbidas na medida das miñas competencias, e —como lles dicía antes— mentres eu sexa conselleira de Política Social seguirei confiando sempre no persoal talentoso e capacitado que está ao cargo do Quérote+. Seguiremos apostando por resolver dúbidas sobre os asuntos que preocupan a xente máis nova e levaremos os seus obradoiros por máis centros educativos, máis entidades e máis concellos.

Respecto aos comentarios e críticas construtivas que me trasladaron sobre a inclusión da educación afectivo-sexual no currículo escolar, asegúrolles que anotei con moito interese



todo o que me dixeron e que lle darei traslado de todo isto á miña compañeira de Goberno, a conselleira de Educación, para que o seu departamento avalíe como os nosos colexios e os nosos institutos poden seguir reforzando a súa proposta formativa e dando resposta aos retos do presente e aos retos do futuro. Confío de verdade, señorías, en que poidamos chegar a acordos, porque falando se entende a xente.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da atención primaria na Mariña lucense

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Benvido, señor Almuíña.

Hoxe estrañarase de novo de que esta pregunta non a formule o noso portavoz de sanidade, pero é que os problemas que está a sufrir a nosa atención primaria son un problema estrutural de toda a nosa comunidade autónoma e, polo tanto, todas e todos os deputados deste grupo poderíamos denunciar o abandono da atención primaria nas nosas comarcas. *(Aplausos.)*

Na comarca da Mariña lucense estamos a sufrir a progresiva deterioración da capacidade asistencial en atención primaria, que, a pesar do esforzo do persoal que se está a manifestar semana tras semana xunto cos veciños e veciñas, a pesar deste esforzo, está perdendo calidade debido aos persistentes recortes que dende o Goberno autonómico se viñeron aplicando. E voulle poñer uns exemplos:

No que corresponde ao persoal, debido ás nefastas condicións laborais que se lles ofrecen aos profesionais e aos recortes de persoal, existiron protestas veciñais contundentes polo mangoneo e a desatención da Consellería de Sanidade aos concellos de Barreiros, Lourenzá e Mondoñedo, onde non se estiveron a garantir os dereitos das nenas e nenos destes concellos a ser atendidos por un pediatra, incumpríndose, inclusive, o calendario de vacinas pola non-cobertura deste profesional. O pediatra de Foz atópase en xornada reducida, ocasionando verdadeiros colapsos, xa non só para as nenas e nenos de Foz, senón tamén para os dos concellos de Alfoz e do Valadouro. Un único pediatra atende uns dous mil nenos e nenas dos concellos de Viveiro, do Vicedo e de Orol.



Tampouco se están a cubrir as baixas do PAC de Viveiro e tampouco do seu centro de saúde, chegando a ter que esperar máis de dez días por unha consulta. Ademais, neste centro de saúde hai agora catro médicos menos, entre eles un pediatra. E, a maiores, o edificio deste centro ten problemas estruturais importantes, e cómpre acometer arranxos necesarios para poder manter as condicións adecuadas.

Na Pontenova, o Sergas non cubriu a praza de médico que quedou vacante en abril de 2018, así como tampouco cubriu a praza vacante de PSX. A falla de profesionais na Mariña non só afecta os médicos, senón que tampouco se están a cubrir as vacantes de enfermería, nin de auxiliar de enfermería nin de PSX.

No Centro de Saúde de Burela, no que traballan seis enfermeiras, como estas profesionais non son substituídas cando se atopan de vacacións, incapacidade temporal ou permisos de libre designación, ocorre que, en época de vacacións, o centro de saúde só conta con tres enfermeiras.

No PAC de Burela, se ben os médicos contan con dúas consultas, o persoal de enfermería conta só con unha, sendo necesario que se lle busque un novo emprazamento ao PAC ou ben que se amplíen as instalacións existentes.

Por iso, este grupo presenta a seguinte pregunta: ¿como valora o Goberno galego a atención primaria na Mariña lucense?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Para a resposta ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Otero, a min xa non me estraña nada de aquí; ata as eleccións municipais non me estraña absolutamente nada.

É curioso que nos diga que hai recortes na comarca da Mariña xusto no momento en que se está producindo o maior investimento sanitario nesa área, nesa comarca, desde hai moitísimos anos. Recórdolle o incremento do centro do hospital comarcal nun trinta e tres por cento, cun investimento de arredor de doce millóns. Isto é a fase número 1, e agora virá a fase número 2.

En Galicia cremos e apostamos por un modelo de atención pediátrica especializada nos centros de saúde en atención primaria. Somos unha das comunidades cunha maior taxa de cobertura pediátrica: case o noventa por cento de prazas de Pediatría están ocupadas en atención primaria por especialistas. Noutras comunidades autónomas, como as Baleares, é do cincuenta por cento, e os nenos son atendidos polo facultativo de familia, que, por certo, está formado tamén para atendelos; en Castela-A Mancha, tamén comunidade autónoma



non gobernada polo Partido Popular, está arredor do cincuenta e oito por cento, e en Madrid, Extremadura, Comunidade Valenciana, Murcia, Andalucía e Canarias rolda o setenta por cento. Polo tanto, Galicia segue cunha cobertura alta de pediatras en atención primaria.

Desde o Servizo Galego de Saúde adoptamos medidas que permiten paliar o déficit de profesionais, como a prórroga da idade de xubilación — neste momento, esta tomándoa Extremadura—, a carreira profesional — tamén Extremadura está iniciando ese proceso—, o concurso aberto permanente, a dotación de prazas de enfermería especialista en pediatría...

Polo que se refire á atención pediátrica na comarca da Mariña, teño que dicirlle o seguinte: en Barreiros, Lourenzá e Mondoñedo, cun total de setecentos trinta e un nenos — recordo que Galicia é das comunidades autónomas que menos nenos por pediatra ten: novecentos nenos, e iso é unha boa ratio—, hai un pediatra, como nos últimos anos. Cando este pediatra estivo de baixa, a maior parte do tempo foi substituído por diferentes profesionais da Mariña, e cando non se puido cubrir a atención urxente, foi cuberto por médicos de familia — como dicía—, que teñen unha boa preparación, pero que, desde logo, non é, para a nosa comunidade, a primeira opción, senón que a primeira opción vai ser sempre o pediatra especialista. As incidencias puntuais que se presentaron estes días deriváronse ao Servizo de Pediatría de Ribadeo. Por certo, non se incumpre ningún calendario vacinal, ningún.

A pediatra de Foz, con mil cen nenos adscritos, ten unha redución de xornada — pedida, lóxicamente, pola facultativa— que non afecta a axenda diaria.

En Viveiro hai dúas prazas de Pediatría. Desde o último concurso de traslados na oferta pública de emprego o profesional titular pediu unha excedencia — é un tema que pode facer perfectamente— e, desde este momento, estase buscando un profesional para a cobertura desta praza; ante a falta de pediatras, conseguimos puericultores ou médicos de familia con experiencia en pediatría. En atención primaria de Viveiro acabamos de incrementar tamén unha praza.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Ademais, programamos xa o incremento de prazas de medicinas de familia nos servizos de Viveiro e Burela, prazas vacantes de nova creación para ser cubertas a partir do mes de marzo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vázquez Almuíña.

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, non é un tema de eleccións municipais, é un caso máis que reflicte a incompetencia do PP na xestión da sanidade pública. (*Aplausos.*)



Por outro lado, ¿de que incremento me está a falar vostede no Hospital da Mariña? ¿De cambiar as consultas das distintas especialidades a outro edificio? ¿Ou dun novo aparcamento? Porque aumento de profesionais, cero.

Señor conselleiro, cada día seguimos a coñecer novas denuncias de profesionais e de colectivos afectados polo mal funcionamento da atención primaria por parte da consellería que vostede dirixe. Onte coñeciamos, a maiores, que o Sergas tampouco substitúe o pediatra do Centro de Saúde de Xove, e estes nenos e nenas deberán de trasladarse a Burela.

Señor Almuíña, ¿vostede non cre que os profesionais, tanto individualmente como a través dos colectivos que os representan, así como as organizacións sindicais, partidos políticos, administracións locais, asociacións de doentes e moitos colectivos afectados pola atención sanitaria, que son practicamente todos os veciños e as veciñas da Mariña lucense, teñen motivos máis que de sobra para manifestarse? Por certo, administracións locais gobernadas tamén polo Partido Popular, como aconteceu cos concellos de Barreiros e de Mondoñedo, que lle pediron en máis dunha ocasión que cubrira a vacante de Pediatría.

A este grupo quédanos claro que para o Goberno do Partido Popular só somos números e non persoas con problemas de saúde, xa que só nos fala de ratios sen ter en conta outros parámetros, como pode ser a extensión do territorio ou se se trata dun territorio rural ou urbano, así como o envellecemento do mesmo.

As súas propostas, que deu a coñecer tamén aos profesionais, para o novo modelo de atención primaria pódense cualificar en dúas palabras: un verdadeiro despropósito.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente.

É verdade que non é nada de eleccións, por iso xa fala do Partido Popular, e parece que vai intentar sacar algún voto para a Mariña desde o Parlamento.

Mire: de verdade, triste é dicir que en cada un dos esforzos que se fan desde a Xunta de Galicia a oposición nunca se ve reflectida, pero estou comentando todas as medidas tomadas polos gobernos do Partido Popular en Galicia, porque os gobernos socialistas en Extremadura, en Castela-A Mancha e en Baleares —non dicimos Andalucía porque neste momento hai un cambio—, evidentemente, van moi por detrás do que vai Galicia. E descualificar un novo modelo que se está facendo desde Galicia xunto co País Vasco —os únicos que están tomando medidas— cando non é unha proposta do Goberno, dos políticos do Goberno, senón dos profesionais que traballaron durante dous meses, paréceme unha falta total de consideración cara aos profesionais.



En atención primaria de Viveiro —quería acabar de rematar ese tema— acabamos de incrementar unha praza, como lles dicía antes. Ademais, programamos o incremento de prazas de médicos de familia nos servizos de Viveiro e de Burela, prazas vacantes de nova creación, para ser cubertas a partir do mes de marzo, para aumentar o número de facultativos de Viveiro pola tarde e para iniciar a apertura do Centro de Saúde de Burela tamén pola tarde. Son dous contratos de longa duración e totalmente estables.

Seguimos a traballar para definir e adoptar medidas que nos permitan solucionar a falta de profesionais que temos de Pediatría e de médicos de familia. Como digo, non é un problema galego, é un problema nacional, e incluso a nivel europeo tamén está afectando.

Todas as prazas de Pediatría en Galicia están consolidadas, e temos intención de cubrilas. Continuamos buscando solucións a través de máis acreditación e máis pediatras en formación. Para iso necesitamos o ministerio —que non é un goberno do PP, é un goberno do Partido Socialista—; levamos traballando desde o mes de agosto, teñen a petición de acreditacións de seis prazas máis de formación e, no día de hoxe, moi boas palabras, pero non temos sobre a mesa esa posibilidade.

Novo contrato de continuidade, un contrato estable que estamos desenvolvendo xunto —como dicía— co País Vasco; concentración en período vacacional en consonancia e de acordo coa Sociedade de Pediatría de Galicia.

Polo que se refire ao PAC de Viveiro: cando se produce unha situación de IT ou vacacións, sempre se cobre ou incluso se reforza. Na Pontenova o número de tarxetas é de 1.751, co cal, entendemos que con dous facultativos queda cunha ratio de oitocentas cincuenta cartillas, moi por debaixo dos canons internacionais e galegos. O PAC de Burela está ao lado das Urgencias do hospital, compartindo instalacións e permitindo que os profesionais deste PAC teñan acceso a probas diagnósticas de radioloxía e laboratorio igual que o resto do hospital. En definitiva, a atención primaria da Mariña de Lugo ten unha asistencia e un dimensionamento adecuados para a demanda que xera esta poboación.

Somos conscientes das dificultades que temos para dar cobertura a todas as incidencias que se producen, tanto en médicos de familia como en pediatras, igual que o resto de España.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Pero estase a facer un esforzo para poder cubrir todas estas situacións, ben con contratación de persoal, ben redactando as axendas ou redeseñando as mesmas para asumir a demanda asistencial.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Almuíña.

Pasamos á seguinte pregunta.



Pregunta de D^a Carmen Santos Queiruga e sete deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as previsións do Goberno galego respecto da garantía dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Quintero Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Teño que comezar recordándolles ao seu goberno e a Feijóo, en concreto, que as mulleres non pedimos permiso, estamos exixindo dereitos. E o acto que volven facer este 8 de marzo volve demostrar que non entenden absolutamente nada.

Hoxe vimos preguntarlle se van garantir dunha vez por todas os nosos dereitos sexuais e reprodutivos, porque, polo de agora, está claro que non os están respectando. De feito, levamos moitos anos vendo como a Xunta de Galicia pon múltiples trabas ao exercicio dos nosos dereitos.

Por darlle algúns exemplos: derivacións sistemáticas á sanidade privada para abortar, dándose casos, ás veces —como sabe—, con extrema gravidade para a saúde das mulleres, tendo que saír incluso fóra de Galicia; desmantelamento progresivo da nosa sanidade pública; están deixando morrer recursos tan importantes como son os COF no noso país coas súas políticas de recortes; temos a ratio máis baixa do conxunto do Estado español de matronas; teñen tamén un desleixo absoluto coa educación afectivo-sexual —xa foi tema de debate neste mesmo pleno—; subvencionan ano tras ano organizacións antiabortistas como son Redmadre (*Aplausos.*), e tiveron publicado na páxina do Sergas un folleto en materia de contracepción con informacións —como sabe— moi graves ata hai moi pouco. E así —como dicía— poderíamos seguir, porque os exemplos, por desgraza, son moitos.

Ademais, ultimamente asistimos con preocupación ás declaracións que cada semana fai o señor Casado sobre os nosos corpos e sobre os nosos dereitos, e voulle dicir dous exemplos: «*Si queremos financiar las pensiones debemos pensar en cómo tener más niños, no en abortar*». «*Casado explica a las mujeres en qué consiste un embarazo: “es bueno que sepan lo que llevan dentro”*»; declaracións que son intolerables e que son machistas, e queremos que se posicionen aquí: ¿están con estas declaracións? ¿Están coas defensa dos dereitos das mulleres ou, pola contra, están realmente do outro lado?

Porque todos os indicios o que demostran é que non nos defenden, porque, ademais destas declaracións, que —como digo— son intolerables e son machistas, non esquecemos que foi o Partido Popular o que pretendeu levar adiante unha contrarreforma reaccionaria que pretendía limitar o noso dereito a abortar. E o único motivo polo que non saíu adiante esta reforma —como digo— reaccionaria e machista foi pola forza das mulleres; non foi, en absoluto, polas decisións que tomaron vostedes como Goberno.

Por tanto, a pregunta é moi clara: ¿que van facer? ¿Van seguir colocándose en fronte das mulleres? ¿Van seguir con esta axenda reaccionaria que parece que o señor Casado acelerou



nos últimos tempos? ¿Van defender dunha vez por todas os nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou, pola contra, van seguir subvencionando redes antiabortistas e van seguir implementando a súa ideoloxía machista e retrógrada?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para contestar ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Desde a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde cumprimos co establecido na normativa vixente e traballamos para mellorar a atención á saúde da muller e para garantir os seus dereitos neste ámbito.

En atención á saúde sexual, cómpre dicir que os centros de saúde constitúen o espazo promotor de saúde que garante o acceso á información sobre métodos anticonceptivos na contorna máis próxima da cidadanía e contan cos profesionais especialistas necesarios. No que se refire á anticoncepción, nos casos nos que o procedemento para instaurar o método elixido non estea dispoñible no nivel de atención primaria, a persoa será atendida noutros dispositivos asistenciais, en centros de orientación familiar ou nos hospitais.

O Servizo Galego de Saúde conta con centro corenta e cinco matronas en atención primaria, e dispoñemos tamén de trece COF —catro na provincia da Coruña, tres en Lugo, catro en Ourense e dous en Pontevedra— e de catorce hospitais, Urxencias e consultas de Xinecoloxía.

Realizamos actividades formativas dirixidas aos nosos profesionais para mellorar o asesoramento en anticoncepción, e tamén actividades do Plan Proxecta dirixidas ao profesorado. Polo que se refire á saúde reprodutiva, dispoñemos de guías técnicas e asistenciais e de protocolos e procesos asistenciais integrados sobre a consulta preconcepcional e de embarazo normal; dun procedemento de intervención en saúde no caso de violencia de xénero, no que se vai crear un apartado específico para maltrato infantil e maltrato obstétrico, e dunha guía informativa para mulleres en situación de violencia de xénero.

Seguimos a traballar para que as mulleres acudan á consulta puerperal que prestan as matronas de atención primaria tras o nacemento do seu fillo ou filla. O Conecta 72 facilita o contacto da matrona de atención primaria coa muller, e este apoio profesional é especialmente importante no caso daquelas mulleres en risco de exclusión social ou depresión posparto. Temos cursos de educación sanitaria de grupo pre e posnatal impartidos polas matronas de atención primaria: masaxe infantil, lactación materna, recuperación da musculatura do solo pelviano... Traballamos tamén no fomento, protección e axuda á lactación materna: creamos dous bancos de leite humano —no hospital Álvaro Cunqueiro e no CHUS de Santiago— para garantir a subministración de leite materno, doado de forma segura,



para a alimentación de prematuros. E tamén contamos con formación e educación sanitaria para a atención á muller menopáusicas. A prevención tamén debe ser unha parte moi importante, e para iso temos o Programa galego de detección precoz do cancro de mama.

Polo tanto, señoría, teño que dicirlle que a miña resposta é: si, garántense os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, porque cumprimos coa lei e traballamos en distintas e diferentes medidas.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Temos que dicirlle que é unha resposta totalmente decepcionante. É mentira que se estean respectando os dereitos. ¿Como pode falar con tanto cinismo?

Por pór algúns exemplos. Falou moito en materia de contracepción: están desmantelando os COF e, ademais —é que xa llo dixen— tiñan, ata abril do ano 2018, un folleto con información errónea —que o sabe perfectamente—, con métodos anticonceptivos que non son seguros —e alí aparecían— como a marcha atrás. Entón, creo que levaban bastante atraso en materia de anticoncepción, e a súa aposta política foi retirar ese folleto, pero nada máis. No día de hoxe non hai realmente unha aposta por informar. Como xa se mencionou na anterior pregunta da educación afectivo-sexual, vostedes están en contra dela e néganse a implementala. *(Murmurios.)*

Fala do papel da matrona, que tamén, ¡canto cinismo, vir falar do papel da matrona! Concordamos, por suposto, en que o papel das matronas é fundamental, pero temos a ratio máis baixa de todo o Estado español. ¿Como pode vir aquí defender o papel das matronas cando están, ademais, precarizando estas profesionais? Sábeo perfectamente. Entón, hai que ter moita cara dura para vir falar aquí sabendo a situación na que se atopan as matronas deste país e sabendo as poucas matronas que temos en Galicia.

Despois de escoitalo, seguimos sen ter moi claro cal é a posición do Partido Popular con respecto ao noso dereito a abortar. Eu pídolles que se posicionen: ¿van defender as declaracións de Casado ou non? Porque non din absolutamente nada diso. E, se non o din, por asentimento ou silencio estalle dando a razón. ¿Realmente coinciden nestas declaracións paternalistas e machistas que din que as mulleres temos que saber o que temos dentro antes de abortar? ¿Vostede cre que as mulleres non sabemos o que temos dentro no caso de estar embarazadas? Eu preguntome se van manter a derivación sistemática á sanidade privada para as interrupcións voluntarias do embarazo, porque diso tampouco falou.

Unha porcentaxe elevadísima, máis do cincuenta por cento das interrupcións voluntarias do embarazo, estanse facendo en clínicas privadas, e iso é por unha política sanitaria, porque vostedes utilizan a escusa da obxección de conciencia, pero saben perfectamente que non é



ese o problema principal; levan moito tempo subvencionando as mesmas clínicas que despois si fan estas cuestións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: E vólvooo dicir: cando houbo unha sentenza que os condenou cando esta muller perdeu o útero, escoitamos moitísimas promesas, escoitamos moitísimas declaracións de intencións, e hoxe en día seguimos exactamente igual que hai dez anos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Para a rolda de réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Fronte aos insultos, eu voulle dar datos. Eu non vou chamarlle cínica, nin mentireira, nin caradura *(Aplausos.)*

Se falamos da interrupción voluntaria do embarazo de menos de catorce semanas de xestación, ofrécese á muller a posibilidade de escoller entre a realización nun hospital da rede pública galega con total garantía ou, se prefire, acudir a unha das clínicas que teñen autorización de uso en Galicia, clínicas que están vixiadas e controladas pola Inspección médica. Iso chámase liberdade, que poidan elixir o que queiran: ir ao hospital público ou facelo no hospital privado. Nos casos das IVE de ata vinte e dúas semanas, na actualidade a aplicación da interrupción legal da xestación pode levarse a cabo nos sete hospitais galegos. En canto ás interrupcións legais do embarazo a partir das vinte e dúas semanas, despois de ser avaliadas polo comité técnico clínico nomeado para os efectos, concéntrase a súa realización desde mediados do ano 2017 no Hospital Álvaro Cunqueiro, que dispón dos medios precisos. Necesítanse servizos que estean plenamente capacitados e con moita experiencia, como é o caso do Servizo de Xinecoloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro.

En relación coa atención ás mulleres embarazadas, promovemos a consulta preconcepcional e a inclusión do test prenatal non invasivo dentro da estratexia de cribado prenatal de anomalías e cromosomas. Por certo, Galicia é unha comunidade autónoma que ten o maior número de técnicas dentro do cribado prenatal; somos pioneiros e incluso referencia a nivel europeo. Tamén promovemos a vacinación de todas as embarazadas contra a tose ferina, e contamos cun protocolo de actuación no caso de mulleres embarazadas ou que desexen o embarazo e estivesen en lugares endémicos do virus de Zika.

Antes de onte reuniuse o grupo de traballo que vai elaborar unha guía de atención no proceso de morte perinatal que pretende unificar a actuación nos hospitais públicos ante esta difícil situación que supón para as nais perder un bebé durante o embarazo, no parto ou ao pouco tempo de nacer. Desde logo, en Galicia estamos facendo grupos de traballo con traballadores, con profesionais e tamén con pacientes usuarios que queren participar, e, desde logo, engádennos unha experiencia importante para ter en conta.



Na actualidade tamén existe un protocolo específico para a atención á muller embarazada con trastornos adictivos. Tamén contamos cun sistema de información para profesionais sanitarios sobre efectos teratoxénicos de fármacos ante exposicións ambientais de risco. As consultas sobre medicamentos son enviadas polos profesionais sanitarios ao correo electrónico, onde hai unha información sobre teratóxenos moi importantes no caso do embarazo ou durante o inicio de embarazo, e, tras unha revisión do coñecemento científico dispoñible, remítese un informe escrito por correo electrónico.

Nós estamos actuando asistencialmente, pero —como digo— tamén utilizando a formación de especialistas e da cidadanía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre o aumento do número de persoas usuarias de comedores sociais ao longo de 2018

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Boa tarde.

En xaneiro de 2019 había no noso país tres mil persoas usuarias de comedores sociais cada día; tres mil cada día. A maioría destes centros referían que viran un aumento do número de persoas usuarias ao longo de todo o ano pasado e que o perfil era maioritariamente masculino: homes sós, de ao redor dos cincuenta anos e en desemprego; pero tamén comezaban a ver un aumento de mocidade en desemprego.

Sen embargo, tamén a entidade Cáritas, a finais do ano pasado, falaba de catro mil persoas sen fogar no noso país —que, como sabe, é a segunda comunidade autónoma con maior incidencia do senfogarismo e a quinta en número total de persoas sen fogar— e dicía que a Xunta non facía nada para mellorar a situación destas catro mil persoas. Ademais, indicaba que, aínda sendo maioritariamente masculino o perfil destas persoas con idade entre corenta e cinco e sesenta anos, estaba a detectar un aumento de mulleres sen fogar, sendo isto preocupante por varias razóns, pero tamén porque as mulleres teñen unha situación moito máis vulnerable. A súa presenza é menos visible e adoitan recorrer a outros medios, como pensións ou vivendas de coñecidos, o que fai máis complexo determinar cal é a extensión do senfogarismo feminino.

De feito, a psiquiatra Lucía del Río, que presentou uns datos na I Xornada sobre a situación das persoas sen fogar en Compostela —que organizou o Concello de Santiago—, sinalaba que as mulleres sen fogar sofren máis trastornos mentais que os homes, e máis graves. Sofren maternidade non desexada, abortos, agresións sexuais e traumas, e teñen menos estu-



dos que os homes —isto está no informe que presentou a Xunta sobre senfogarismo—. E isto tamén é moi preocupante: o corenta por cento das mulleres que viven na rúa sufriron algún tipo de agresión e o vinte e catro por cento foron vítimas de agresión sexuais, e non hai nin protocolos nin medios específicos.

E, falando da taxa de paro: no que ten que ver co aumento desas persoas usuarias de comedores sociais —que está nun doce por cento en Galicia—, hai que ter en conta as diferenzas nos tramos de idade. No que nos interesa neste caso, no caso das persoas maiores de corenta e cinco anos, a medida que se avanza en idade hai unha cronificación do paro de longa duración: en 2018 había 75.076 persoas paradas de longa duración, e o vinte e un por cento tiña máis de sesenta anos. E é que, en conxunto, as persoas en paro de longa duración maiores de cincuenta e cinco anos son o corenta por cento. Estase cronificando o paro de longa duración no noso país.

Pero é que, ademais, se tradicionalmente era un paro masculino, se temos ese estereotipo dun parado de longa duración masculino, o certo é que dende o 2014 —precisamente cando medra a economía— aumenta o paro feminino de longa duración. Así pois, as mulleres paradas de longa duración de máis de corenta e cinco anos, falando neste caso das persoas maiores —persoas maiores dentro da idade activa e dunha idade normal—, están en peor situación. ¿Por que? Porque as mulleres tamén están cuidando. Hai 90.718 mulleres cuidadoras de dependentes, a maioría de entre corenta e cinco e sesenta e catro anos —que serían case corenta e oito mil mulleres—, e a maioría adica entre trinta e setenta horas ao coidado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: E fíxese só neste dato, para incidir no empobrecemento feminino na idade activa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora VÁZQUEZ VERAO: O dato é que a maioría das mulleres deixan de traballar por coidar dependentes, fronte a menos homes que fan iso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Presidente, deputadas e deputados.

Deputada Vázquez Verao, gustaríame comezar completando a pregunta que vostede rexistrou, porque botei en falta algúns datos que considero que son necesarios para obter unha visión de conxunto máis veraz e máis completa.

É certo que a taxa de paro se atopa actualmente nun doce por cento, pero tamén é certo que estamos a falar do mellor dato desta década, e tamén da media nacional. É certo que o paro



xuvenil acada o 21,5 por cento, pero tamén é certo que é 4,8 puntos máis baixo que en 2009. Igual de certo é que o número de parados de longa duración descendeu preto dun vinte e cinco por cento no último ano e que hoxe tres de cada catro asalariados galegos son indefinidos e nove de cada dez traballan a xornada completa. Así mesmo, é unha boa noticia para os fogares galegos que o número de familias con todos os membros no paro se reducise un dezaioito por cento e que o número de familias que non chegan á fin de mes estea no mínimo dende que existen datos. Todos estes datos son necesarios para facer unha mellor diagnose da realidade, pero, por suposto, non significa, nin moito menos, que a situación sexa idílica nin que xa estea todo feito.

Hai poucas semanas visitei a Cociña Económica da Coruña, e alí puíden comprobar de primeira man o importantísimo labor que prestan os comedores sociais apoiados economicamente polo Goberno galego. No caso desta entidade, por exemplo, contou, no que levamos de lexislatura, con trescentos cincuenta mil euros da Xunta de Galicia para garantir o seu funcionamento e para facer varias reformas estruturais.

Porque, señorías, un dos obxectivos prioritarios do meu departamento e de todo o Goberno galego é garantir que todas as persoas na nosa comunidade teñan cubertas as súas necesidades básicas e poidan desenvolver unha vida plena. Facémolo mellorando a eficacia da Risga para a inserción social e incrementando a súa contía de catrocentos cincuenta a cincocentos cincuenta euros, facémolo coa elaboración do plan de atención ás persoas sen fogar e facémolo cumprindo o noventa e seis por cento das medidas da Axenda social única.

Como consecuencia da mellora da situación económica e deste compromiso de toda a sociedade galega, o número de persoas en situación de carencia material severa descendeu en máis dun corenta por cento no último ano, as solicitudes da Risga reducíronse un dez por cento nesta lexislatura e a taxa AROPE de risco de pobreza é catro puntos inferior á media nacional e é a máis baixa dos últimos cinco anos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): A melloría é visible, pero aínda cómpre seguir mellorando.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Entre os datos que me quedaban por dar para contextualizar a pregunta estaba o feito de que aumentou o número de persoas que atenden a dependentes neste país: 10.696 homes deixaron de traballar ou de estudar para facelo, fronte a 26.548 mulleres que fixeron o mesmo. Estamos nun contexto no que a dependencia carga sobre todo nas costas das mulleres e no que faltan recursos día a día. Díciallo onte, tamén: chégganos queixas sobre a falta de recursos da Lei de dependencia, de mulleres desesperadas



por non poder atender as súas familias e as súas persoas dependentes e, ao mesmo tempo, seguir coa súa vida laboral. Isto é o que está sucedendo no noso país.

En canto á taxa de paro, eu preguntáballe especificamente por ese preocupante dato de que hai unha cronificación do paro de longa duración entre as persoas de idade activa máis maiores. A partir dos cincuenta e cinco anos están o corenta por cento das persoas en paro de longa duración. Isto, combinado co feito de que temos xa unhas das pensións máis baixas do Estado e incluíndo aí tamén o feito de que as mulleres deixan a súa vida laboral por coidar sen cotizar, vainos levar a seguir incidindo nestas baixas pensións. Está habendo un empobrecemento xa da xente maior, e as seguintes cohortes de idade, vendo estes datos, van continuar na mesma tónica. Por iso lle preguntaba especificamente por ese contexto de cronificación da pobreza nas persoas de máis idade.

E tamén a pregunta específica era en relación con isto, porque aumentou o número de persoas usuarias de comedores sociais, e moitas delas eran paradas de longa duración. E, en relación con isto, preguntaba se non considera a Xunta vergoñento que tres mil persoas cada día teñan que facer uso de comedores sociais.

En canto á Risga, cinco anos despois aínda non desenvolveron os tramos de inserción e transición ao emprego. Aprobaron o decreto no Consello da Xunta, si. ¿Cando o van activar? Non falan de que durante estes cinco anos a Risga penalizou o emprego: ademais de ser unha prestación de miseria, as persoas que cobraban esta prestación, en lugar de que as orientaran cara a unha inclusión laboral, penalizábaas o emprego.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: É unha prestación de miseria, e mesmo a Xunta perseguiu persoas que compartían vivenda cobrando a Risga para poder pagar o alugueiro.

Polo tanto, menos gabarse e máis actuación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vázquez Verao, axudar a quen o necesita nunca é vergoñento, senón que é un compromiso que responde á vontade social deste goberno, que seguirá traballando para que ningún galego ou galega quede á marxe do avance de Galicia. *(Aplausos.)*

Vostede está interesada no decreto da Risga: pois sairá a súa publicación no *DOG* o día 1 de marzo.

Ben é certo, señorías, que a recuperación económica non será completa ata que chegue a todas as persoas, e dende a Xunta de Galicia somos conscientes de que aínda quedan cousas



por facer, pero os datos oficiais indícanos que a situación dos fogares galegos segue a mellorar progresivamente. Sabemos e somos conscientes de que aínda hai familias que necesitan o apoio das entidades e das administracións públicas, pero a Xunta de Galicia non o pode facer soa. Por iso seguiremos traballando xunto ao tecido asociativo e aos concellos galegos no marco do plan concertado, que este mesmo mes vimos de incrementar en douscentos corenta e cinco mil euros para beneficiar vinte e cinco municipios máis, e —como dixen— da Axenda social única, que empezaremos a actualizar nos vindeiros meses a través do diálogo coas entidades locais e tamén coas entidades sociais.

Aínda que o número de solicitantes da Risga está reducíndose —un 3,7 por cento neste último ano—, o compromiso da Xunta mantense firme, e por iso hoxe investimos nesta renda 64,4 millóns de euros, case tres veces máis do que se destinaba no ano 2009. Pero esta partida non é a única que se incrementa, xa que crecen un 3,6 por cento os fondos destinados ás dezaioito oficinas comarcais de inclusión sociolaboral; crece máis dun once por cento o investimento destinado ás entidades de iniciativa social, e faino por sétimo ano consecutivo, e crece un sesenta e dous por cento a contía fixada para os centros de inclusión social.

¿Segue habendo xente que aínda o está a pasar mal? Desgraciadamente, si. ¿Cada vez hai menos xente que o está a pasar mal e que está nesta situación? Afortunadamente, tamén. E podo comprometerlles o traballo da Xunta de Galicia para que os beneficios da recuperación económica cheguen a todos e cada un dos membros desta sociedade.

En definitiva, señorías, o Goberno galego pon todo o seu empeño en mellorar a situación de todos e cada un dos galegos e das galegas, e, por moito que queiran disfrazar os datos, os indicadores económicos demostran que Galicia marcha na boa dirección.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Debatidos todos os puntos da orde do día, rematamos a sesión.

Moitas grazas.



Remata a sesión ás seis e corenta e oito minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mouriño Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

